Firmado por: ***539*** - MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO (FECHA: 2024-09-11 10:54:27.00) , ***393*** - JUSTO DIAZ RODRIGUEZ (FECHA: 2024-09-11 09:23:24.00)
CVD: XIh0KAKyiUeJATpP1FFl Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**Número 11 - Ano 2024**

# ACTA

**da sesión Ordinaria, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día**

**27 de xuño de 2024**

No Salón de Sesións do Excmo. Concello de Lugo, ás dez horas e nove minutos do día vinte e sete de xuño de dous mil vinte e catro; baixo a presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, reúnense os concelleiros e concelleiras DONA ELENA CANDIA LÓPEZ; DONA CRISTINA SANZ ARIAS; DON ENRIQUE ROZAS LÓPEZ; DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO; DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO; DONA FLORA RUBINOS ROIS; DONA SILVIA COLMENERO GUZMÁN; DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ; DON AGUSTÍN GALLEGO VIGO; DONA AURORA AIDA GOÁS CASTRO; DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY; DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO; DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área de Transición Ecolóxica; DON MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área Dinamización Económica e Relacións Internacionais; DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Ilma. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cohesión Social e Territorial; DON JORGE BUSTOS ATANASIO, Concelleiro Delegado de Xuventude e Deportes; DONA MARÍA OLGA LÓPEZ RACAMONDE, Concelleira Delegada de Benestar Social e Maiores; DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES NOVO MARTÍNEZ, Concelleira Delegada de Muller, Igualdade e Inclusión; DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área Mobilidade e Infraestruturas Urbanas; DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Ilma. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua; DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS, Concelleiro Delegado de Infraestruturas Urbanas; DONA MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Ilma. Tenenta de Alcalde da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza; e DON FELIPE RIVAS JORGE, Concelleiro Delegado de Educación e Difusión do Coñecemento, co obxecto de celebrar sesión Ordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e cinco concelleiros de feito e de dereito, incluída a presidenta.

Non asiste DON ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA, que xustificou a súa ausencia.

Dá fe do acto a Secretaria Xeral do Pleno, dona Ana María Rivas García, e está presente o Interventor Xeral Municipal don Luis Ramón Vázquez Parga.



MURALLA
patrimonio da humanidade

A presente sesión foi convocada por resolución da alcaldía de data 24 de xuño de 2024 e notificada por secretaría aos membros da Corporación conforme ao seguinte ORDE DO DÍA:

1/105 APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS CELEBRADAS POLO EXCMO. CONCELLO PLENO OS DÍAS 29 DE FEBREIRO, 1 E 25 DE ABRIL E 13 DE MAIO DE 2024.

**A) <u>PARTE RESOLUTIVA</u>**

**FACENDA LOCAL**

2/106 SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DA SOLICITUDE DE LICENZA URBANÍSTICA PARA CONSTRUCIÓN DE EDIFICIO NA ESQUINA DE RONDA DAS FONTIÑAS CON CARRIL DE CAIÑÓS, PARCELA 3 DA U.A. CS-1 (URPI 36).

3/107 SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DA LICENCIA URBANÍSTICA DE OBRA PARA A REESTRUCTURACIÓN E AMPLIACIÓN DE EDIFICACIÓN EXISTENTE EN RONDA DA MURALLA 173 E RÚA CIDADE DE VIVEIRO 1.

4/108 SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DA SOLICITUDE DE LICENZA URBANÍSTICA PARA EXECUCIÓN DA REHABILITACIÓN DO ANTIGO HOSPITAL DE SAN MIGUEL.

5/109 SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DA SOLICITUDE DE LICENZA URBANÍSTICA PARA A CONSTRUCIÓN DE NAVE DE GANDO VACÚN DE LEITE, RECRÍA, FOSA DE XURRO E ESTERCOLEIRO CUBERTO, SITA NO LUGAR DE BELESAR, SAN XOÁN DO CAMPO.

6/110 SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DA SOLICITUDE DE LICENZA URBANÍSTICA PARA AMPLIACIÓN DE NAVE PARA CORTE E ENFERMERÍA, CON LICENZA URBANÍSTICA NÚMERO 330/2018, EN BELESAR, PARROQUIA DE SAN XOÁN DO CAMPO.

**INTERVENCIÓN**

7/111 RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 19/2024. REPARO 31/2024.

8/112 RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO NÚMERO 20/2024. REPARO 31/2024.

9/113 RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 21.

10/114 RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 22/2024. REPARO 38-2024.

11/115 RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 23/2024.

**FOMENTO**

12/116 ADDENDA AO CONVENIO PARA A ASUNCIÓN POLA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA DAS COMPETENCIAS RELATIVAS Á CONVOCATORIA E DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS PARA O ACCESO DA ESCALA BÁSICA DO CORPO DA POLICÍA LOCAL QUE COMPRENDE AS CATEGORÍAS DE OFICIAL E POLICÍA.

**URBANISMO**

13/117 PLAN PARCIAL DO SECTOR DE SOLO URBANIZABLE DELIMITADO S-16.R. APROBACIÓN DEFINITIVA.

**SERVIZOS SOCIAIS**

14/118 APROBACIÓN DA CREACIÓN DO ÓRGANO “CONSELLO SECTORIAL DE PERSOAS MAIORES DO CONCELLO DE LUGO”.

**PROPOSICIÓNS**

15/119 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, NÚMERO 220/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA RECLAMAR O INVESTIMENTO DA PARTIDA ORZAMENTARIA ADICADA Á ROLDA LESTE NO BARRIO DA TINERÍA (Exp. 2024/G004/000436).

16/120 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 221/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTARLLE AO CONCELLO DE LUGO E Á XUNTA DE GALICIA A VELAR POLO ESTRITO CUMPRIMENTO NORMATIVO NO PROXECTO DA PLANTA DE XESTIÓN DE RESIDUOS ORGÁNICOS E BIOMETANIZACIÓN (Exp. 2024/G004/000443).

17/121 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 245/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA CREAR UNHA ESTRATEXIA DE USO RACIONAL E RESPONSABLE DA AUGA POTABLE QUE

INCLÚA UN PLAN DE CONTROL DE FUGAS E CONSUMOS OCULTOS (Exp. 2024/G004/000465).

18/122 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 246/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA EVITAR PREXUÍZOS NA MOBILIDADE E NA PERCEPCIÓN DE SERVIZOS E PRODUTOS DENTRO DO RECINTO INTRAMURALLAS (Exp. 2024/G004/000466).

19/123 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 247/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTARLLE AO CONCELLO DE LUGO A FACILITAR O COBRO DE ANTICIPOS PREVIOS Á XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS (Exp. 2024/G004/000467).

20/124 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE, NÚMERO 248/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA RECLAMARLLE Á XUNTA DE GALICIA A ACOMETIDA DAS OBRAS NECESARIAS NAS INFRAESTRUTURAS DO CONCELLO E DA PROVINCIA DE LUGO PARA ACADAR UNHA MELLORA REAL NA MOBILIDADE NO ÁMBITO DAS SÚAS COMPETENCIAS (Exp. 2024/G004/000468).

**B) <u>PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL</u>**

**PARTICIPACIÓN CIDADÁ**

21/125 DACIÓN DE CONTA DO INFORME ANUAL DE SUXESTIÓNS E RECLAMACIÓNS CORRESPONDENTE AO ANO 2023

**TESOURERÍA**

22/126 DACIÓN DE CONTA AO PLENO DAS RESOLUCIÓNS DE TESOURERÍA DO MES DE MAIO 2024.

**ACTAS E GOBERNO**

23/127 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 8 DE MAIO DE 2024, RECOLLIDAS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS (EXP. 2024/G004/000455).

**C) <u>ROGOS E PREGUNTAS</u>**

**ROGOS:**

A) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 249/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA RECOÑECER Á FIGURA DE D.ª ÁNGELA

MANUELA PARDO CELADA CUN MONÓLITO CON FOTO E PLACA CONMEMORATIVA.

B) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 250/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA COLOCAR UN ESPELLO NO CAMIÑO DA LAXE E OUTRO NO CAMIÑO DE LIÑARES NA PARROQUIA DE COEO.

C) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 251/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA RECONSTRUÍR A PONTE DA VÍA QUE UNE AS PARROQUIAS DE PEDREDA E RUBIÁS.

D) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 252/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA REPARAR A VARANDA DO PASEO ÁLVARO CUNQUEIRO.

**PREGUNTAS:**

A) PREGUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 253/2024 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CO CONTRATO DE SEGURIDADE DO VELLO CÁRCERE.

B) PREGUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 254/2024 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CO ACENDIDO DAS LUCES E INSPECCIÓN INICIAL DA INSTALACIÓN ELÉCTRICA INTERIOR DO AUDITORIO DE MAGOI.

C) PREGUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 255/2024 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CO COMPROMISO DE REVISAR E ACTUALIZAR A RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO.

D) PREGUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 256/2024 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA OBRIGA DE EXISTENCIA DO CATÁLOGO ACTUALIZADO DAS VÍAS MUNICIPAIS.

Aberto o acto, a Presidencia sinala: bos días e a todos e todas. Imos dar comezo a esta sesión plenaria de 27 de xuño de 2024. O primeiro que quero facer é saudar a todo o persoal, sindicatos do Concello, que están aquí hoxe amosando as súas reivindicacións. Como xa vos dixen no pleno pasado, estades na vosa casa e, polo tanto, sodes benvidos como sempre a esta casa. Tamén darlle a benvida aos veciños e veciñas de Coeses, da zona de Coeses, de distintas parroquias: Cuíña, Soñar..., afectadas por ese proxecto estratéxico da Xunta de Galicia. E, polo tanto, igualmente, esta é a vosa casa e estamos encantados de tervos aquí.

Seguidamente, e da súa orde, éntrase seguidamente no exame da orde do día, e

adóptanse, en relación con ela, os seguintes ACORDOS:

1/105 **APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS CELEBRADAS POLO EXCMO. CONCELLO PLENO OS DÍAS 29 DE FEBREIRO, 1 E 25 DE ABRIL E 13 DE MAIO DE 2024.-** Vista a proposta da secretaria xeral de Pleno, do 19 de xuño de 2024, do teor literal seguinte:

"O Excmo. Concello Pleno os días 29 de febreiro e 1 e 25 de abril de presente ano 2024 celebrou as sesións ordinarias correspondentes aos meses de febreiro, marzo e abril, respectivamente. Do mesmo xeito o día 13 de maio de 2024 celebrou sesión extraordinaria, co fin de proceder a celebración do sorteo de membros de mesas electorais con motivo das eleccións ao Parlamento europeo. Das referidas sesións levantaronse as correspondentes actas que, unha vez confeccionadas e incorporadas as intervencións nelas producidas, foron asinadas polo secretario/a xeral do pleno asistente á sesión e pola alcaldesa presidenta.

Por todo o exposto, proponse a adopción dos seguintes acordos:

APROBAR as actas correspondentes ás seguintes sesións celebradas polo Excmo. Concello Pleno:

- Sesión ordinaria celebrada o 29 de febreiro de 2024.

- Sesión ordinaria celebradas o 1 de abril de 2024.

- Sesión ordinaria celebrada o 25 de abril de 2024.

- Sesión extraordinaria celebrada o 13 de maio de 2024.

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto a directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 24

| | | |
|---|---|---|
| - **Votos a favor**: | 24 | dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - **Votos en contra:** | 0 | |
| - **Abstencións:** | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA** APROBAR as actas correspondentes ás seguintes sesións celebradas polo Excmo. Concello Pleno:

- Sesión ordinaria celebrada o 29 de febreiro de 2024.

- Sesión ordinaria celebradas o 1 de abril de 2024.

- Sesión ordinaria celebrada o 25 de abril de 2024.

- Sesión extraordinaria celebrada o 13 de maio de 2024

**A) PARTE RESOLUTIVA**

**FACENDA LOCAL**

2/106 **SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DA SOLICITUDE DE LICENZA URBANÍSTICA PARA CONSTRUCIÓN DE EDIFICIO NA ESQUINA DE RONDA DAS FONTIÑAS CON CARRIL DE CAIÑÓS, PARCELA 3 DA U.A. CS-1 (URPI 36).-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos.

1. PROPOSTA DO TENENTE DE ALCALDESA DELEGADO DA ÁREA DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, do 7 de xuño de 2024, do teor literal seguinte:

**“ANTECEDENTES:** Con data 14.05.2021, CARLOS TRINIDAD SANTAMARIÑA (NIF 33308069K), en representación de LUSERYMA SL (CIF B27177799) presenta licenza urbanística para construción de edificio na esquina de ronda das Fontiñas con carril de Caiñós, Parcela 3 da U.A. CS-1 (URPI 36) (exp. 2022/Y001/000136).
Con data de 02.12.2022, LUSERYMA SL (CIF B27177799) aboa a autoliquidación 11269072 de importe 23.797,47 € emitida polo concepto da taxa pola prestación de servizos urbanísticos, de acordo co seguinte detalle:

| CIF | SUXEITO PASIVO | CONCEPTO TRIBUTARIO | BASE IMPOÑIBLE | T.G. | COTA AUTOLIQUIDADA |
|---|---|---|---|---|---|
| B27177*** | LUSERYMA SL | TAXA LICENZA URBANISTICA | 2.379.746,60 € | 1% | 23.797,47 € |

Por acordo da Xunta de Goberno Local núm. 1/545 de data de 19.07.2023, outórgase licenza urbanística para construción de edificio de vivendas de planta soto, planta semisoto-baixa e seis plantas altas para 37 vivendas, tres locais comerciales, 53 aparcamentos e 37 trasteiros, na parcela con referencia catastral 8234035PH1683S0001A, sita na esquina de ronda das Fontiñas con carril de Caiñós, Parcela 3 da U.A. CS-1 (URPI 36), solicitada por CARLOS TRINIDAD SANTAMARIÑA (NIF 33308069K) en representación de LUSERYMA SL (CIF B27177799). No mesmo acordo, apróbase a liquidación provisional 11599879, segundo o seguinte detalle (exp. 2023/T028/002600):

| CIF | SUXEITO PASIVO | CONCEPTO TRIBUTARIO | BASE IMPOÑIBLE | TIPO GRAVAME | COTA DEVINDICADA | COTA AUTOLIQUIDADA | DIFERENZA |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| B27177*** | LUSERYMA SL | TAXA LICENZA URBANISTICA | 2.519.659,48 € | 1% | 25.196,59 € | 23.797,47 € | 1.399,12 € |
| B27177*** | LUSERYMA SL | ICIO | 2.519.659,48 € | 3% | 75.589,78 € | 0 € | 75.589,78 € |
| | | | | | **100.786,37 €** | **23.797,47 €** | **76.988,90 €** |

Con data de 03.08.2023, CARLOS TRINIDAD SANTAMARIÑA (NIF 33308069K) en representación de LUSERYMA SL (CIF B27177799) presenta recurso de reposición contra a valoración do custo real e efectivo da construcción, aportando folla de valoración actualizada por un orzamento de referencia de 2.430.405,70 € (exp. 2023/T028/002600).
Por acordo da Xunta de Goberno Local núm. 10/870 de data de 22.11.2023, acórdase:

*"PRIMEIRO.- ESTIMAR o recurso de reposición interposto por don CARLOS TRINIDAD SANTAMARIÑA (NIF 33308069K), en representación de LUSERYMA SL (CIF B27177799), con base no informe do Servizo de Arquitectura anteriormente transcrito, que se dá por reproducido como parte integrante e inseparable deste acordo, para os efectos da súa motivación.*

*SEGUNDO.- ANULAR a liquidación provisional número 11599879 de importe total 76.988,90 € emitida polo concepto da taxa pola prestación de servizos urbanísticos e polo imposto sobre construcións, instalacións e obras.*

*TERCEIRO.- APROBAR a liquidación provisional correspondente ao concepto da taxa pola prestación de servizos urbanísticos e polo imposto sobre construcións, instalacións e obras, de acordo co seguinte detalle:"*

| *CIF* | *SUXEITO PASIVO* | *CONCEPTO TRIBUTARIO* | *BASE IMPOÑIBLE* | *TIPO GRAVAME* | *COTA DEVINDICADA* | *COTA AUTOLIQUIDADA* | *DIFERENZA* |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *B27177**** | *LUSERYMA SL* | *TAXA LICENZA URBANISTICA* | *2.430.396,01 €* | *1%* | *24.303,96 €* | *23.797,47 €* | *506,49 €* |
| *B27177**** | *LUSERYMA SL* | *ICIO* | *2.430.396,01 €* | *3%* | *72.911,88 €* | *0 €* | *72.911,88 €* |
| | | | | | ***97.215,84 €*** | ***23.797,47 €*** | ***73.418,37 €*** |

Con data de 05.12.2023 dito acordo da Xunta de Goberno Local foi notificado por medios telemáticos a CARLOS TRINIDAD SANTAMARIÑA (NIF 33308069K), en representación de LUSERYMA SL (CIF B27177799). A liquidación provisional

11794662 consta aboada polo interesado en data de 20.12.2023. (exp. 2023/G004/000979).

Con data de 30.11.2023, CARLOS TRINIDAD SANTAMARIÑA (NIF 33308069K), en representación de LUSERYMA SL (CIF B27177799), presenta escritos solicitando a declaración de interese público das obras e a bonificación do 50 % do imposto sobre construcións, instalacións e obras para obras realizadas no ámbito de influencia do Camiño Primitivo de Santiago. No devandito escrito, o interesado indica o seguinte:

*“La parcela objeto de la Licencia Urbanística se localiza dentro del área de influencia del Camino Primitivo de Santiago, pero no se encuentra en un punto cualquiera de este área de influencia si no que está situada en el punto de entrada y recibimiento de los peregrinos a la ciudad, se sitúa en la “Praza Camiño Primitivo”, donde nos encontramos con un Albergue de Peregrinos y con el hito escultórico del kilómetro 100 a Santiago de Compostela, y desde esta plaza arranca la Rúa Carril de las Flores que nos hace desembocar directamente en el Patrimonio de la Humanidad de la Muralla de Lugo.*
*La significación histórica y cultural del Camino de Santiago, su creciente vitalidad, su importancia como icono de Galicia, su decisivo papel como elemento dinamizador de la vida social y económica de numerosas localidades de Galicia por las que discurren los itinerarios xacobeos, dejan patente que la gestión del Camino de Santiago es una responsabilidad colectiva que abarca tanto a las administraciones públicas como la otras instituciones y colectivos sociales; en definitiva, a toda la sociedad gallega.*
*Resulta, por tanto, necesaria la colaboración del ámbito público y privado para el impulso de actuaciones que incidan en la mejora paisajística y el embellecimiento del entorno del Camino de Santiago, a fin de consolidar una imagen de calidad para el Camino en Galicia.*
*A la hora de afrontar este Proyecto se tuvo en cuenta la importancia de la ubicación de la parcela. La existencia del hito escultórico mencionado hace de este punto un sitio de parada obligatoria para todos los peregrinos que aprovechan para inmortalizar el momento con fotografías para sus recuerdos, por lo que no se puede considerar como una zona de paso sin más. Por este motivo se tuvo un especial cariño en el diseño de este edificio, inicialmente se había presentado un proyecto diferente para este solar, pero tras varias reuniones con los técnicos municipales nos propusieron que, aun cumpliendo las normativas urbanísticas lo presentado, hiciéramos un proyecto alternativo de menor altura para conseguir una mejor integración y armonía en el entorno, y de esta manera se optó por una solución consensuada en la que el resultado final plantea un edificio de dos plantas menos de altura de lo que nos permitiría la ordenanza para ese solar. Sobra decir que para la mejora del entorno, la construcción del edificio dignificará notablemente la zona, respecto a la situación actual en la que lo que existe es un solar vallado.*
*En el diseño y elección de acabados del edificio se ha buscado la armonía, el orden y el respeto, y la coherencia del Camino de Santiago, con los valores culturales*

*ligados a las sociedades que a lo largo del tiempo construyeron este espacio. Se ha seguido y justificado la Guia de Colores y Materiales de Galicia, y con todo ello se remitió la documentación relativa al proyecto a la Dirección General de Patrimonio Cultural de la Xunta de Galicia, que en fecha 2 de mayo de 2023 resuelve AUTORIZAR las obras contenidas en el Proyecto.*
*Por todo lo expuesto se entiende que se debe considerar que la actuación que se pretende desarrollar va a mejorar de forma considerable el entorno del Camino de Santiago en el ámbito afectado, por lo que es de justicia aceptar esta Declaración de Especial Interés."*

**FUNDAMENTOS DE DEREITO:**

O parágrafo a) do artigo 103.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, establece que as ordenanzas fiscais poderán regular "a) Unha bonificación de ata o 95 por 100 a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá a dita declaración ó Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros".
Ao amparo da referida habilitación legal, o artigo 4ºbis.10 da Ordenanza fiscal núm. 202, reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, vixente no exercicio 2021, establece:
*"Establécese unha bonificación do 50 por cento da cota do Imposto para obras de construción e rehabilitación realizadas en inmobles sitos dentro da área de influencia do Camiño Primitivo de Santiago.*
*Esta bonificación non poderá simultanearse con calquera outra bonificación desta ordenanza.*
*Para poder gozar desta bonificación, os suxeitos pasivos do Imposto poderán instar a declaración de especial interese dentro do período comprendido dende a data da solicitude de licencia de obras ata a data de finalización do prazo de ingreso en período voluntario da liquidación provisional xirada en concepto de imposto sobre construcións, instalacións e obras.*
*A declaración de "especial interese ou utilidade municipal" corresponderá ó Pleno da Corporación por maioría simple."*

Visto o informe de Facenda Local de data 24.04.2024 segundo o que:
1) CARLOS TRINIDAD SANTAMARIÑA (NIF 33308069K), en representación de LUSERYMA SL (CIF B27177799) solicita a declaración de especial interese e a bonificación do 50 por cento para obras realizadas no ámbito de influencia do Camiño Primitivo de Santiago, consistentes na construción de edificio na esquina de ronda das Fontiñas con carril de Caiñós, Parcela 3 da U.A. CS-1 (URPI 36).
2) A solicitude cumpre os requisitos esixidos no artigo 4ºbis.10 da Ordenanza Fiscal núm. 202 reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras,

correspondendo ao Pleno por maioría simple a declaración de especial interese municipal.

E dentro das potestades que a Lei outorga ós concellos para a declaración de interese ou utilidade municipal, propónselle ao Excmo. Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

**ESTIMAR** a solicitude presentada por CARLOS TRINIDAD SANTAMARIÑA (NIF 33308069K), en representación de LUSERYMA SL (CIF B27177799), procedendo á declaración de especial interese ou utilidade municipal da licenza urbanística para obras realizadas no ámbito de influencia do Camiño Primitivo de Santiago, consistentes na construción de edificio na esquina de ronda das Fontiñas con carril de Caiñós, Parcela 3 da U.A. CS-1 (URPI 36), en base ás argumentacións recollidas no informe do Servizo de Facenda Local, que se dan por reproducidas a efectos da súa motivación.”

2. DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DA ALCALDÍA, RECURSOS INTERNOS E PROXECTO DE CIDADE, emitido na sesión celebrada o día 21 de xuño de 2024.

Ao non suscitarse debate, sometese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 24

| | | |
|---|---|---|
| - **Votos a favor**: | 24 | dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - **Votos en contra:** | 0 | |
| - **Abstencións:** | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

**ESTIMAR** a solicitude presentada por CARLOS TRINIDAD SANTAMARIÑA (NIF 33308069K), en representación de LUSERYMA SL (CIF B27177799), procedendo á declaración de especial interese ou utilidade municipal da licenza urbanística para obras realizadas no ámbito de influencia do Camiño Primitivo de Santiago, consistentes na construción de edificio na esquina de ronda das Fontiñas con carril de Caiñós, Parcela 3 da U.A. CS-1 (URPI 36), en base ás argumentacións recollidas no informe do Servizo de Facenda Local, que se dan por reproducidas a efectos da súa motivación.

3/107 **SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DA LICENCIA URBANÍSTICA DE OBRA PARA A**

**REESTRUCTURACIÓN E AMPLIACIÓN DE EDIFICACIÓN EXISTENTE EN RONDA DA MURALLA 173 E RÚA CIDADE DE VIVEIRO 1.-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos.

1. PROPOSTA DO TENENTE DE ALCALDESA DELEGADO DA ÁREA DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, do 7 de xuño de 2024, do teor literal seguinte:

**"ANTECEDENTES:** Con data 20.02.2024, LAURA PRADO RODRÍGUEZ (NIF 33351915Y), en representación de MARÍA DEL CARMEN ARIAS NÚÑEZ (NIF 33335975M) solicita licencia urbanística de obra para a reestructuración e ampliación de edificación existente en Ronda da Muralla 173 e Rúa Cidade de Viveiro 1 (exp. 2024/Y001/000050).

Con data de 05.02.2024, MARIA DEL CARMEN ARIAS NUÑEZ (NIF 33335975M) aboa a autoliquidación 11861606 de importe 1.498,88 €, emitida polo concepto da taxa pola prestación de servizos urbanísticos, de acordo co seguinte detalle:

| CIF | SUXEITO PASIVO | CONCEPTO TRIBUTARIO | BASE IMPOÑIBLE | TIPO GRAVAME | COTA TRIBUTARIA | BONIF 50% CAM.PRIMIT. | COTA AUTOLIQUIDADA |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 333359*** | MARÍA DEL CARMEN ARIAS NÚÑEZ | TAXA LICENZA URBANISTICA | 299.776,49 € | 1% | 2.997,76 € | 1.498,88 € | 1.498,88 € |

Con data de 28.02.2024, MARÍA DEL CARMEN ARIAS NÚÑEZ (NIF 33335975M) presenta escrito solicitando a declaración de interese público das obras e a bonificación do 50 % do imposto sobre construcións, instalacións e obras para obras realizadas no ámbito de influencia do Camiño Primitivo de Santiago. As alegacions presentadas son as seguintes:
*"Los edificios a rehabilitar se encuentran dentro de la zona de influencia del Camino Primitivo de Santiago.*
*[…]*
*Las obras de rehabilitación de los edificios anteriormente citados suponen una notable mejora de la estética de los mismos y, por lo tanto, una mejoría y revaloración de la zona donde se ubican."*
(exp. 2024/T028/000353).

**FUNDAMENTOS DE DEREITO:**

O parágrafo a) do artigo 103.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, establece que as ordenanzas fiscais poderán regular "a) Unha bonificación de ata o 95 por 100 a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá a dita declaración ó Pleno da Corporación e

acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros".

Ao amparo da referida habilitación legal, o artigo 4ºbis.11 da Ordenanza fiscal núm. 202, reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, vixente no exercicio 2024, establece:

*"Establécese unha bonificación do 50 por cento da cota do Imposto para obras de construción e rehabilitación realizadas en inmobles sitos dentro da área de influencia do Camiño Primitivo de Santiago.*
*Esta bonificación non poderá simultanearse con calquera outra bonificación desta ordenanza.*
*Para poder gozar desta bonificación, os suxeitos pasivos do Imposto poderán instar a declaración de especial interese dentro do período comprendido dende a data da solicitude de licencia de obras ata a data de finalización do prazo de ingreso en período voluntario da liquidación provisional xirada en concepto de imposto sobre construcións, instalacións e obras.*
*A declaración de "especial interese ou utilidade municipal" corresponderá ó Pleno da Corporación por maioría simple."*

Visto o informe de Facenda Local de data 24.04.2024 segundo o que:

1) MARÍA DEL CARMEN ARIAS NÚÑEZ (NIF 33335975M) solicita a declaración de especial interese e a bonificación do 50 por cento para obras realizadas no ámbito de influencia do Camiño Primitivo de Santiago, consistentes na reestructuración e ampliación de edificación existente en Ronda da Muralla 173 e Rúa Cidade de Viveiro 1, integramente dentro da área de influencia do Camiño Primitivo de Santiago.

2) A solicitude cumpre os requisitos esixidos no artigo 4ºbis.11 da Ordenanza Fiscal núm. 202 reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, correspondendo ao Pleno por maioría simple a declaración de especial interese municipal.

E dentro das potestades que a Lei outorga ós concellos para a declaración de interese ou utilidade municipal, propónselle ao Excmo. Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

**ESTIMAR** a solicitude presentada por MARÍA DEL CARMEN ARIAS NÚÑEZ (NIF 33335975M), procedendo á declaración de especial interese ou utilidade municipal da licencia urbanística de obra para a reestructuración e ampliación de edificación existente en Ronda da Muralla 173 e Rúa Cidade de Viveiro 1, en base ás argumentacións recollidas no informe do Servizo de Facenda Local, que se dan por reproducidas a efectos da súa motivación.

2. DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DA ALCALDÍA, RECURSOS INTERNOS E PROXECTO DE CIDADE, emitido na sesión celebrada o día 21 de xuño de 2024.

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 24

| | | |
|---|---|---|
| - **Votos a favor**: | 24 | dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - **Votos en contra:** | 0 | |
| - **Abstencións:** | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

**ESTIMAR** a solicitude presentada por MARÍA DEL CARMEN ARIAS NÚÑEZ (NIF 33335975M), procedendo á declaración de especial interese ou utilidade municipal da licencia urbanística de obra para a reestructuración e ampliación de edificación existente en Ronda da Muralla 173 e Rúa Cidade de Viveiro 1, en base ás argumentacións recollidas no informe do Servizo de Facenda Local, que se dan por reproducidas a efectos da súa motivación.

4/108 **SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DA SOLICITUDE DE LICENZA URBANÍSTICA PARA EXECUCIÓN DA REHABILITACIÓN DO ANTIGO HOSPITAL DE SAN MIGUEL.-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. PROPOSTA DO TENENTE DE ALCALDESA DELEGADO DA ÁREA DE TRANSICIÓN ECOLÓXICA, EN SUBSTITUCIÓN DO TENENTE DE ALCALDESA DELEGADO DA ÁREA DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, do 12 de xuño de 2024, do teor literal seguinte:

**“ANTECEDENTES:** Con data 18.06.2020, BELÉN DA RIVA LÓPEZ (NIF 33324638F), en representación do INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO (CIF Q6550004C) presenta licenza urbanística para execución da rehabilitación do antigo Hospital de San Miguel (exp. 2020/Y001/000189).

Con data de 22.05.2024, INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO (CIF Q6550004C), presenta escrito solicitando a declaración de interese público das obras e a bonificación do 50 % do imposto sobre construcións, instalacións e obras

para obras realizadas no ámbito de influencia do Camiño Primitivo de Santiago. No devandito escrito, o interesado indica o seguinte:

*“En relación coa carta de pago de autoliquidación do ICIO e licenza urbanítica solicitada por este organismo para a “obra de rehabilitación do edificio do antiguo Hospital de San Miguel sito na Rinconada do Miño 32-34” informámoslles que por atoparse a obra dentro da área de influencia do Camiño Primitivo de Santiago poderíamos ser beneficiarios da bonificación do 50% da cota da taxa.*
*Polo anteriormente exposto solicitámoslles que declaren o “especial interese ou utilidade municipal” para poder gozar da dita bonificación xa que se trata dunha actuación de REHABILITACIÓN INTEGRAL que beneficiaría ao casco histórico de Lugo, a recuperación da antiga CASA TORRE, de planta cadrada e exenta da muralla e que conta cunha probable orixe medieval.”* (exp. 2024/T028/000774)

Con data de 30.05.2024, INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO (CIF Q6550004C) aboa a autoliquidación 12057516 de importe 2.119,54 € emitida polo concepto da taxa pola prestación de servizos urbanísticos, de acordo co seguinte detalle:

| CIF | SUXEITO PASIVO | CONCEPTO TRIBUTARIO | BASE IMPOÑIBLE | T.G. | COTA TRIB. | BONIF. 50% | COTA AUTOLIQ. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Q65500*** | INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO (IGVS) | TAXA LICENZA URBANISTICA | 423.908,69 € | 1% | 4.239,09 € | 2.119,55 € | 2.119,54 € |

O parágrafo a) do artigo 103.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, establece que as ordenanzas fiscais poderán regular “a) Unha bonificación de ata o 95 por 100 a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá a dita declaración ó Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros”.

Ao amparo da referida habilitación legal, o artigo 4ºbis.11 da Ordenanza fiscal núm. 202, reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, vixente no exercicio 2024, establece:

*“Establécese unha bonificación do 50 por cento da cota do Imposto para obras de construción e rehabilitación realizadas en inmobles sitos dentro da área de influencia do Camiño Primitivo de Santiago.*
*Esta bonificación non poderá simultanearse con calquera outra bonificación desta ordenanza.*
*Para poder gozar desta bonificación, os suxeitos pasivos do Imposto poderán instar a declaración de especial interese dentro do período comprendido dende a data da solicitude de licencia de obras ata a data de finalización do prazo de ingreso en*

*período voluntario da liquidación provisional xirada en concepto de imposto sobre construcións, instalacións e obras.*
*A declaración de "especial interese ou utilidade municipal" corresponderá ó Pleno da Corporación por maioría simple."*

Visto o informe de Facenda Local de data 10.06.2024 segundo o que:

1) INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO (CIF Q6550004C) solicita a declaración de especial interese e a bonificación do 50 por cento para obras realizadas no ámbito de influencia do Camiño Primitivo de Santiago, consistentes na execución da rehabilitación do antigo Hospital de San Miguel.

2) A solicitude cumpre os requisitos esixidos no artigo 4ºbis.11 da Ordenanza Fiscal núm. 202 reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, correspondendo ao Pleno por maioría simple a declaración de especial interese municipal.

E dentro das potestades que a Lei outorga ós concellos para a declaración de interese ou utilidade municipal, propónselle ao Excmo. Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

**ESTIMAR** a solicitude presentada polo INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO (CIF Q6550004C), procedendo á declaración de especial interese ou utilidade municipal da licenza urbanística para execución da rehabilitación do antigo Hospital de San Miguel, en base ás argumentacións recollidas no informe do Servizo de Facenda Local, que se dan por reproducidas a efectos da súa motivación.

2. DITAME DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DA ALCALDÍA, RECURSOS INTERNOS E PROXECTO DA CIDADE, emitido na sesión celebrada o día 21 de xuño de 2024.

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 24

| | | |
|---|---|---|
| - **Votos a favor**: | 24 | dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - **Votos en contra:** | 0 | |
| - **Abstencións:** | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

**ESTIMAR** a solicitude presentada polo INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO (CIF Q6550004C), procedendo á declaración de especial interese ou utilidade municipal da licenza urbanística para execución da rehabilitación do antigo Hospital de San Miguel, en base ás argumentacións recollidas no informe do Servizo de Facenda Local, que se dan por reproducidas a efectos da súa motivación.

5/109 **SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DA SOLICITUDE DE LICENZA URBANÍSTICA PARA A CONSTRUCIÓN DE NAVE DE GANDO VACÚN DE LEITE, RECRÍA, FOSA DE XURRO E ESTERCOLEIRO CUBERTO, SITA NO LUGAR DE BELESAR, SAN XOÁN DO CAMPO.-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. PROPOSTA DO TENENTE DE ALCALDESA DELEGADO DA ÁREA DE TRANSICIÓN ECOLÓXICA, EN SUBSTITUCIÓN DO TENENTE DE ALCALDESA DELEGADO DA ÁREA DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, do 12 de xuño de 2024, do seguinte teor literal:

"Na data de 18.04.2024, JUAN PABLO LÓPEZ FERNÁNDEZ (NIF 34289133C), en representación de CASA XACOBE SL (CIF B27368778) solicita licenza de obras para construción de fosa nave de gando vacún de leite, recría, fosa de xurro e estercoleiro cuberto, sita no lugar de Belesar, San Xoán do Campo (exp. 2024/Y001/000097).

Con data de 31.05.2024, JUAN PABLO LÓPEZ FERNÁNDEZ (NIF 34289133C), en representación de CASA XACOBE SL (CIF B27368778) presenta escrito no que insta que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal as obras construción de fosa nave de gando vacún de leite, recría, fosa de xurro e estercoleiro cuberto, sita no lugar de Belesar, San Xoán do Campo, para a concesión da bonificación recollida na Ordenanza fiscal núm. 202, reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras. Xunto coa solicitude, achégase certificado actualizado da inscripción da explotación agraria con código REAGA G2702800927, da que é titular CASA XACOBE SL (CIF B27368778), no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (REAGA), figurando de alta no mesmo (exp. 2024/T028/000857).

O parágrafo a) do artigo 103.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, establece que as ordenanzas fiscais poderán regular "a) Unha bonificación de ata o 95 por 100 a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá a dita declaración ó Pleno da Corporación e

acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros".

Ó amparo da referida habilitación legal, o artigo 4ºbis.9 da Ordenanza fiscal núm. 202, reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, establece:

*"Establécese unha bonificación do 50% da cota do Imposto para as construcións, instalación e obras vinculadas con explotacións agrícolas, gandeiras e forestais, que sexan declaradas de "especial interese ou utilidade municipal" tales como establos, fosas sépticas, silos almacéns ou calquera outra, que serva a tales fins. En ningún caso se aplicará esta bonificación ás construcións, instalacións e obras de vivendas asociadas á explotación, xa se refiran tanto a novas construcións como ao mantemento das existentes.*

*Esta bonificación non terá carácter acumulativo.*

*A declaración de "especial interese ou utilidade municipal" corresponderá ó Pleno da Corporación por maioría simple. Para poder gozar desta bonificación, os suxeitos pasivos do Imposto poderán instar a solicitude de declaración de especial interese dentro do período comprendido dende a data da solicitude da licenza de obras ata a data de finalización do prazo de ingreso en período voluntario da liquidación provisional xirada en concepto de imposto sobre construcións, instalacións e obras.*

*A solicitude irá acompañada dun certificado actualizado da inscripción da explotación agraria no REGA (Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia), que se corresponda co solicitante da licenza de obras.*

*Presentada a solicitude e a correspondente documentación, e unha vez completado o expediente co informe do Servizo de Facenda Local, elevarase a correspondente proposta de acordo ao Pleno da Corporación. O acordo polo que se conceda ou denegue a declaración de especial interese ou utilidade municipal notificaráselle ao interesado. Unha vez outorgada polo Pleno a declaración de especial interese ou utilidade da construción, instalación ou obra, procederase á concesión da bonificación polo órgano competente. No momento da aprobación da preceptiva licenza de obras, procederase á aprobación da liquidación provisional resultante aplicando a bonificación concedida. Non obstante o anterior, se outorgada a licenza, aínda non se tivese efectuado a declaración de especial interese ou utilidade municipal instada en prazo polo suxeito pasivo, non se teña solicitado aínda esta, ou non se tivese concedido a bonificación, practicarase unha liquidación provisional conforme ao proxecto presentado ou a valoración efectuada polo Servizo de Arquitectura, procedéndose á devolución da parte que corresponda se posteriormente se outorgase polo Pleno a mencionada declaración e/ou se concedese a oportuna bonificación."*

Visto o informe de Facenda Local de data 10.06.2024, segundo o cal CASA XACOBE SL (CIF B27368778) cumpre os requisitos esixidos no artigo 4ºbis.9 da Ordenanza Fiscal núm. 202 reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, e dentro das potestades que a Lei outorga ós concellos para a declaración de interese ou utilidade municipal, propónselle ao Excmo. Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

**ESTIMAR** a solicitude formulada por JUAN PABLO LOPEZ FERNANDEZ (NIF 34289133C), en representación de CASA XACOBE SL (CIF B27368778), procedendo á declaración das obras para construción de fosa nave de gando vacún de leite, recría, fosa de xurro e estercoleiro cuberto, sita no lugar de Belesar, San Xoán do Campo, como de especial interese ou utilidade municipal, en base ás argumentacións recollidas no informe do Servizo de Facenda Local, que se dan por reproducidas a efectos da súa motivación."

2. DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DA ALCALDÍA, RECURSOS INTERNOS E PROXECTO DE CIDADE, emitido na sesión celebrada o día 21 de xuño de 2024.

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto direcamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 24

| | | |
|---|---|---|
| - **Votos a favor**: | 24 | dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - **Votos en contra:** | 0 | |
| - **Abstencións:** | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

**ESTIMAR** a solicitude formulada por JUAN PABLO LÓPEZ FERNÁNDEZ (NIF 34289133C), en representación de CASA XACOBE SL (CIF B27368778), procedendo á declaración das obras para construción de fosa nave de gando vacún de leite, recría, fosa de xurro e estercoleiro cuberto, sita no lugar de Belesar, San Xoán do Campo, como de especial interese ou utilidade municipal, en base ás argumentacións recollidas no informe do Servizo de Facenda Local, que se dan por reproducidas a efectos da súa motivación.

6/110 **SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DA SOLICITUDE DE LICENZA URBANÍSTICA PARA AMPLIACIÓN DE NAVE PARA CORTE E ENFERMERÍA, CON LICENZA**

**URBANÍSTICA NÚMERO 330/2018, EN BELESAR, PARROQUIA DE SAN XOÁN DO CAMPO.-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. PROPOSTA DO TENENTE DE ALCALDESA DELEGADO DA ÁREA DE TRANSICIÓN ECOLÓXICA, EN SUBSTITUCIÓN DO TENENTE DE ALCALDESA DELEGADO DA ÁREA DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, do 14 de xuño de 2024, do teor literal seguinte:

"Na data de 07.06.2023, MARCOS ANTONIO PEREIRA GONZALEZ (NIF 34872185E), en representación de CASA MARCOS SC (CIF J27498971) solicita licenza de obras para ampliación de nave para corte e enfermería, con licenza urbanística número 330/2018, en Belesar, parroquia de San Xoán do Campo (exp. 2023/Y001/000150).

Con data de 07.06.2023, MARCOS ANTONIO PEREIRA GONZALEZ (NIF 34872185E), en representación de CASA MARCOS SC (CIF J27498971) presenta escrito no que insta que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal as obras ampliación de nave para corte e enfermería, con licenza urbanística número 330/2018, en Belesar, parroquia de San Xoán do Campo, para a concesión da bonificación recollida na Ordenanza fiscal núm. 202, reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras. (exp. 2023/T028/002310).

Con data de 21.06.2023, MARCOS ANTONIO PEREIRA GONZALEZ (NIF 34872185E), en representación de CASA MARCOS SC (CIF J27498971), achega certificado actualizado da inscripción da explotación agraria con código REAGA G2702803747, da que é titular CASA MARCOS SC (CIF J27498971), no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (REAGA), figurando de alta no mesmo (exp. 2023/T028/002310).

Con data de 21.06.2023, CASA MARCOS SC (CIF J27498971) aboa a autoliquidación 11525295 de importe 535 € emitida polo concepto da taxa pola prestación de servizos urbanísticos, de acordo co seguinte detalle:

| CIF | SUXEITO PASIVO | CONCEPTO TRIBUTARIO | BASE IMPOÑIBLE | TIPO GRAVAME | COTA TRIBUTARIA | BONIF 50% EXP. AGR. | COTA AUTOLIQUIDADA |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| J27498*** | CASA MARCOS SC | TAXA LICENZA URBANISTICA | 107.000 € | 1% | 1.070 € | 535 € | 535 € |

Por acordo da Xunta de Goberno Local núm. 3/763 de data de 13.10.2023, acórdase outorgar a licenza urbanística para ampliación de nave para establo e enfermería, con licenza urbanística número 330/2018, en Belesar, parroquia de San Xoán do Campo (exp. 2023/G004/000864).
No mesmo acordo, acórdase aprobar a liquidación provisional da taxa pola prestación de servizos urbanísticos e do imposto sobre construcións, instalacións e obras, proposta polo Servizo de Facenda Local o 11.10.2023, segundo o seguinte detalle:

| NIF | SUXEITO PASIVO | CONCEPTO TRIBUTARIO | BASE IMPOÑIBLE | T.G. | COTA TRIB. | COTA AUTOLIQ. | DIF. A INGRESAR |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| J27498*** | CASA MARCOS SC | TAXA LICENZA URBANISTICA | 107.000 € | 1% | 1.070 € | 535 € | 535 € |
| J27498*** | CASA MARCOS SC | ICIO | 107.000 € | 3% | 3.210 € | 0 € | 3.210 € |
| | | | | | **4.280 €** | **535 €** | **3.745 €** |

A devandita liquidación 11783868 foi notificada ao interesado en data de 16.10.2023, finalizando o prazo de pago voluntario en data de 05.12.2023, e constando o pago da mesma en data de 01.12.2023 (exp. 2023/G004/000864).

O parágrafo a) do artigo 103.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, establece que as ordenanzas fiscais poderán regular “a) Unha bonificación de ata o 95 por 100 a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá a dita declaración ó Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros”.

Ó amparo da referida habilitación legal, o artigo 4ºbis.9 da Ordenanza fiscal núm. 202, reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, establece:

*“Establécese unha bonificación do 50% da cota do Imposto para as construcións, instalación e obras vinculadas con explotacións agrícolas, gandeiras e forestais, que sexan declaradas de “especial interese ou utilidade municipal” tales como establos, fosas sépticas, silos almacéns ou calquera outra, que serva a tales fins. En ningún caso se aplicará esta bonificación ás construcións, instalacións e obras de vivendas asociadas á explotación, xa se refiran tanto a novas construcións como ao mantemento das existentes.*

*Esta bonificación non terá carácter acumulativo.*

*A declaración de “especial interese ou utilidade municipal” corresponderá ó Pleno da Corporación por maioría simple. Para poder gozar desta bonificación, os suxeitos pasivos do Imposto poderán instar a solicitude de declaración de especial interese dentro do período comprendido dende a data da solicitude da licenza de obras ata a data de finalización do prazo de ingreso en período voluntario da liquidación provisional xirada en concepto de imposto sobre construcións, instalacións e obras.*

*A solicitude irá acompañada dun certificado actualizado da inscripción da explotación agraria no REGA (Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia), que se corresponda co solicitante da licenza de obras.*

*Presentada a solicitude e a correspondente documentación, e unha vez completado o expediente co informe do Servizo de Facenda Local, elevarase a correspondente proposta de acordo ao Pleno da Corporación. O acordo polo que se conceda ou denegue a declaración de especial interese ou utilidade municipal notificaráselle ao interesado. Unha vez outorgada polo Pleno a declaración de especial interese ou utilidade da construción, instalación ou obra, procederase á concesión da bonificación polo órgano competente. No momento da aprobación da preceptiva licenza de obras, procederase á aprobación da liquidación provisional resultante aplicando a bonificación concedida. Non obstante o anterior, se outorgada a licenza, aínda non se tivese efectuado a declaración de especial interese ou utilidade municipal instada en prazo polo suxeito pasivo, non se teña solicitado aínda esta, ou non se tivese concedido a bonificación, practicarase unha liquidación provisional conforme ao proxecto presentado ou a valoración efectuada polo Servizo de Arquitectura, procedéndose á devolución da parte que corresponda se posteriormente se outorgase polo Pleno a mencionada declaración e/ou se concedese a oportuna bonificación."*

Visto o informe de Facenda Local de data 14.06.2024, segundo o cal CASA MARCOS SC (CIF J27498971) cumpre os requisitos esixidos no artigo 4ºbis.9 da Ordenanza Fiscal núm. 202 reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, e dentro das potestades que a Lei outorga ós concellos para a declaración de interese ou utilidade municipal, propónselle ao Excmo. Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

1.- O Excmo. Concello Pleno, na sesión ORDINARIA celebrada o día vinte e oito de febreiro de dous mil dezanove, adoptou, entre outros, o acordo número 2/24, polo que se ACORDA:

“PRIMEIRO.- Aprobar o texto e proceder a sinatura do convenio coa Vicepresidencia e Consellaría de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, así como os seus Anexos I e II, que forman parte inseparable do dito expediente........”

2.- Posteriormente, con data 20/03/2019 a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións públicas e Xustiza (actual Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e o Concello de Lugo asinaron dito convenio de colaboración para a asunción pola Administración xeral da Comunidade autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos

procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos da policía local. O dito documento asinado é do seguinte teor literal:

*“ **CONVENIO PARA A ASUNCIÓN POLA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA DA CONVOCATORIA E DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS SELECTIVOS UNITARIOS PARA O ACCESO ÁS DIFERENTES CATEGORÍAS DOS CORPOS DE POLICÍA LOCAL ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE LUGO CONVENIO PARA A ASUNCIÓN POLA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA DA CONVOCATORIA E DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS SELECTIVOS UNITARIOS PARA O ACCESO ÁS DIFERENTES CATEGORÍAS DOS CORPOS DE POLICÍA LOCAL ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE LUGO***

*A Estrada, na data da sinatura dixital*

***REUNIDOS***

*DUNHA PARTE, D. Alfonso Rueda Valenzuela, Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia e Presidente do Consello Reitor da Academia Galega de Seguridade Pública, actuando en nome e representación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia en virtude das competencias que ten atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia, no Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no artigo 8 da Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública e no artigo 2.2. do Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de Policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local*

*DOUTRA, Dª Lara Méndez López, titular da Alcaldía-Presidencia do Concello de Lugo, actuando en nome e representación deste en virtude das competencias que ten atribuídas pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e pola Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e facultado para a sinatura deste convenio polo Pleno do Concello, segundo acordo adoptado na sesión do 28 de febreiro de 2019, en cumprimento do previsto no artigo 123.1.j da Lei 7/1985, do 2 de abril.*

*Recoñecéndose ambas as dúas partes con capacidade e representación legal suficiente para o outorgamento deste convenio,*

***EXPOÑEN:***

*I.- A Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais, establece no seu artigo 32.7 que “a Xunta de Galicia poderá asumir a convocatoria das prazas vacantes e, de ser o caso, a formación e o período de prácticas naqueles concellos que así o acorden mediante os oportunos convenios de colaboración”.*

*En desenvolvemento desta previsión, o artigo 2.2 do Decreto 115/2017 establece que "a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos mediante a asunción da convocatoria das prazas vacantes dos seus corpos de policía local, incluídas, de ser o caso, as de auxiliares de policía local ou dos postos de vixilantes municipais, de non existir no concello corpo de Policía local, requirirá a celebración do oportuno convenio a través da consellería competente en materia de seguridade".*

*II.- Dentro do devandito marco regulador, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da súa Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e da Academia Galega de Seguridade Pública, desexa cooperar activamente cos concellos de Galicia que dispoñen de corpo de Policía local e das prazas de auxiliares de policía local ou de vixilantes municipais, mediante a asunción da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías dos devanditos corpos e prazas de auxiliares de policía local e de vixilantes municipais. II.- Dentro do devandito marco regulador, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da súa Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e da Academia Galega de Seguridade Pública, desexa cooperar activamente cos concellos de Galicia que dispoñen de corpo de Policía local e das prazas de auxiliares de policía local ou de vixilantes municipais, mediante a asunción da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías dos devanditos corpos e prazas de auxiliares de policía local e de vixilantes municipais.*

*III.- Mediante acordo do Pleno de data 28 de febreiro de 2019, adoptado en cumprimento do previsto no artigo 123.1.j da Lei 7/1985, do 2 de abril, o Concello de Ourense delega na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia as competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías de seu corpo de Policía local, por todo o tempo de vixencia do presente convenio. III.- Mediante acordo do Pleno de data 28 de febreiro de 2019, adoptado en cumprimento do previsto no artigo 123.1.j da Lei 7/1985, do 2 de abril, o Concello de Ourense delega na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia as competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías de seu corpo de Policía local, por todo o tempo de vixencia do presente convenio.*

*Para instrumentar esta delegación, e de acordo co previsto no artigo 2.3 do Decreto 115/2017, do 17 de novembro, e na lexislación de réxime xurídico do sector público e de réxime local, ambas as dúas partes acordan as seguintes* ***CLÁUSULAS:***

***PRIMEIRA: Obxecto.***

*1. Este convenio ten por obxecto instrumentar a delegación polo Concello de Lugo na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia das competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías do seu corpo de policía local.*

*2. En virtude da devandita delegación, a Administración xeral da Comunidade Autónoma asume durante o período ao que se estende a vixencia deste convenio a convocatoria e desenvolvemento de todos os procesos selectivos para as prazas*

*das diferentes categorías do seu corpo de Policía local, segundo as necesidades de persoal que lle sexan comunicadas polo concello na forma e prazos establecidos no presente convenio e demais normativa de aplicación.*
*No momento en que a previsión recollida na alínea b) da devandita disposición adicional única se desenvolva para as demais categorías e sistemas de acceso aos corpos de policía local, a delegación realizada polo concello, de ser o caso, con esas outras categorías e sistemas de acceso, é aceptada e producirá plenos efectos, sen precisar novo acordo plenario, debendo o concello comunicar, nos prazos establecidos no Decreto 115/2017, as novas prazas a convocar.*
*Entrementres non se leve a cabo o referido desenvolvemento, o concello poderá convocar e desenvolver os procesos selectivos das categorías e sistemas de acceso aos que se refire o parágrafo anterior, coa obriga de reservar praza, dentro dos prazos establecidos, nos cursos selectivos de formación ou capacitación para as persoas que resulten aprobadas ou obteñan praza.*
***SEGUNDA: Comunicación á Academia Galega de Seguridade Pública das prazas concretas a convocar e prazo para efectuar a devandita comunicación.***
*1. O concello, no momento da sinatura do convenio ou ben nun momento posterior e, en todo caso, antes dos prazos que a continuación se indican, deberá comunicar á Academia Galega de Seguridade Pública, no modelo que se recolle no Anexo I, o número, a denominación e as características das prazas que se terán que convocar para o seu corpo de policía local, incluídas, de ser o caso, as de auxiliares de policía local, con determinación expresa da escala e categoría a que pertenzan, indicando o grupo de 1. O concello, no momento da sinatura do convenio ou ben nun momento posterior e, en todo caso, antes dos prazos que a continuación se indican, deberá comunicar á Academia Galega de Seguridade Pública, no modelo que se recolle no Anexo I, o número, a denominación e as características das prazas que se terán que convocar para o seu corpo de policía local, incluídas, de ser o caso, as de auxiliares de policía local, con determinación expresa da escala e categoría a que pertenzan, indicando o grupo de titulación que corresponda, o nivel dos postos e as condicións ou requisitos necesarios para o desempeño de cada un deles, así como o sistema de acceso aplicable.*
*2. A comunicación deberá ir acompañada dunha certificación da persoa titular da secretaría do concello na cal se acredite o cumprimento de todos os requisitos legalmente esixidos para a convocatoria das prazas, segundo o modelo que se recolle no Anexo II deste convenio.*
*3. Os prazos para efectuar a devandita comunicación son os seguintes:*
*-Antes de que remate o mes de xaneiro de cada ano, para o acceso, mediante o sistema de quenda libre, á categoría de policía e as prazas de vixilantes municipais ou para o resto de categorías e sistemas dos corpos de policía local cuxos procesos selectivos unitarios estean habilitados conforme a previsión do apartado b) da disposición adicional única do Decreto 115/2017, do 17 de novembro.*
***TERCEIRA: Alcance da delegación.***
*1. A delegación obxecto deste convenio comprende:*
*a) A aprobación e publicación das convocatorias dos procesos selectivos coas súas bases, así como a aprobación, notificación e publicación de todos os demais actos*

*e resolucións administrativas que dean cobertura xurídica ao desenvolvemento daqueles.*
*b) O nomeamento e coordinación dos órganos de selección, incluído o aboamento de todos os gastos derivados da súa actuación.*
*c) A recepción das solicitudes de participación e o cobro das correspondentes taxas.*
*d) A xestión íntegra da operativa precisa para o desenvolvemento material dos procesos selectivos.*
*e) A cualificación das probas selectivas e a aplicación dos correspondentes baremos de méritos. e) A cualificación das probas selectivas e a aplicación dos correspondentes baremos de méritos.*
*f) Se o convenio incluíse a selección do persoal auxiliar de policía local, a xestión das correspondentes listas selectivas nos termos establecidos polo artigo 19 do Decreto 115/2017, do 17 de novembro. f) Se o convenio incluíse a selección do persoal auxiliar de policía local, a xestión das correspondentes listas selectivas nos termos establecidos polo artigo 19 do Decreto 115/2017, do 17 de novembro.*
*g) Todas as demais xestións relacionadas coa convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos, coa excepción que se sinala no número seguinte.*
*h) A organización dos correspondentes cursos selectivos de formación ou capacitación.*
*2. Exceptúanse da delegación as competencias relativas ao nomeamento como persoal funcionario en prácticas, ou, de ser o caso, como persoal funcionario de carreira, e a contratación como persoal auxiliar de policía local das persoas aprobadas ou que obtivesen praza nos procesos selectivos.*
***CUARTA: Obrigas da Administración xeral da Comunidade Autónoma.***
*1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma obrígase a aprobar e publicar as convocatorias dos procesos selectivos para o acceso ás categorías do corpo de Policía local comprendidas neste convenio e as prazas de persoal auxiliar de policía local e de vixilantes municipais sempre que as prazas comunicadas para a correspondente categoría e sistema de acceso polos concellos cos cales estean en vigor os preceptivos convenios alcancen o número mínimo total de:*
*– Dez, no caso do acceso á categoría de policía polo sistema de quenda libre e aos postos de persoal auxiliar de policía local.*
*– Cinco, en todos os demais casos.*
*Para a determinación dese número mínimo sumaranse todas as prazas comunicadas antes de que remate o mes de xaneiro de cada ano, ou antes de que remate o ano natural no caso do persoal auxiliar de policía local, salvo o disposto nas cláusulas segunda e décima terceira.*
*Malia o anterior, a Administración xeral da Comunidade Autónoma resérvase a posibilidade de convocar procesos selectivos unitarios para un número de prazas inferior ao sinalado no parágrafo anterior, nos termos sinalados polos artigos 4.1 e 18.1 do Decreto 115/2017, do 17 de novembro.*
*2. No suposto de non se convocar un proceso selectivo unitario por non se acadar o número mínimo de prazas previsto no número anterior, a consellería competente en materia de seguridade porá inmediatamente en coñecemento do concello dita*

*circunstancia. Este poderá optar entre desenvolver por si mesmo o proceso selectivo ou volver comunicar as prazas para o seguinte ano, sempre que o permita o prazo de execución da correspondente oferta de emprego público.*

*3. No caso de que o obxecto do convenio comprenda a selección de persoal auxiliar de policía local, a Administración xeral da Comunidade Autónoma obrígase tamén a seleccionar, a través da lista prevista no artigo 19 do Decreto 115/2017, do 17 de novembro, ás persoas precisas para a cobertura das necesidades sobrevidas desta clase de persoal que se comuniquen polo concello no modelo que se estableza para o efecto, sempre que na devandita lista existan persoas aptas para a cobertura das prazas ás que se refira a comunicación.*

***QUINTA: Obrigas do concello.***

*En virtude deste convenio, o concello asume as seguintes obrigas:*

*a) Comunicar á Academia Galega de Seguridade Pública, na forma e dentro do prazo que se sinala na cláusula segunda, o número, a denominación e as características das prazas que se terán que convocar para o seu corpo de Policía local, incluídas, de ser o caso, as de auxiliares de policía local que se terán que convocar, con determinación expresa da escala e categoría a que pertenzan, indicando o grupo de titulación que corresponda, o nivel dos postos e as condicións ou requisitos necesarios para o desempeño de cada un deles, así como o sistema de acceso aplicable.*

*b) Nomear como persoal funcionario en prácticas, ou, de ser o caso, como persoal funcionario de carreira, ás persoas aprobadas ou que obtiveron praza nos procesos selectivos ou contratar como persoal auxiliar de policía local ás persoas seleccionadas pola Administración xeral da Comunidade Autónoma, logo de verificar que teñen superado o preceptivo curso de formación.*

*c) Comunicar inmediatamente á Dirección da Academia Galega de Seguridade Pública a toma de posesión ou a contratación das persoas mencionadas na alínea anterior.*

*d) Efectuar os trámites internos necesarios, nos prazos que fixe a Academia Galega de Seguridade Pública, para a incorporación efectiva aos cursos selectivos de formación ou capacitación das persoas aspirantes que superasen o proceso selectivo.*

*e) Subministrar á consellería competente en materia de seguridade e a Academia Galega de Seguridade Pública toda a información que estas necesiten e demanden consonte o previsto polo Decreto 115/2017, do 17 de novembro, para o cumprimento das obrigas que derivan do presente convenio.*

***SEXTA: Financiamento dos procesos selectivos.***

*1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma asume o financiamento de todos os gastos derivados da xestión e desenvolvemento dos procesos selectivos obxecto deste convenio, con cargo aos recursos consignados nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.*

*2. A Administración xeral da Comunidade Autónoma percibirá os ingresos derivados das taxas que se establezan pola participación nos procesos selectivos, de acordo co establecido na lexislación de taxas da Comunidade Autónoma de Galicia.*

***SÉTIMA: Comisión de seguimento.***

*1. Este convenio será administrado por unha comisión de seguimento composta por dúas persoas designadas por cada parte, que adoptará os acordos por unanimidade.*
*2. A comisión de seguimento, de acordo co establecido no artigo 49.1.f) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, é o instrumento para o seguimento, vixilancia e control do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes, e exercera as súas funcións de acordo co establecido nos artigos 51.c) e 52.3 daquela.*
*3. A Administración xeral da Comunidade Autónoma e o concello comprométense a resolver por mutuo acordo, no seo da comisión de seguimento, cantas diferenzas resulten da interpretación e cumprimento deste convenio, sen prexuízo da competencia da orde xurisdicional contencioso-administrativa para o coñecemento de todas as cuestións e litixios que puidesen xurdir.*
***OITAVA: Vixencia.***
*1. Este convenio ten vixencia dende a data da súa sinatura ata un máximo de catro anos de duración.*
*2. Con anterioridade á súa finalización, o convenio poderá ser prorrogado, previo acordo escrito das partes, ata completar un período adicional da mesma duración.*
*3. A finalización da vixencia do convenio non afectará ao desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios convocados ao abeiro do mesmo.*
***NOVENA: Causas de resolución.***
*1. De conformidade co establecido no artigo 51.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, son causas de resolución deste convenio:*
*a) A renuncia de calquera das partes, formulada por escrito cun mes de antelación a data na que desexe a finalización do mesmo.*
*b) O incumprimento das cláusulas do mesmo.*
*c) O mutuo acordo das partes.*
*2. A resolución do convenio non afectará ao desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios convocados ao abeiro do mesmo.*
***DÉCIMA: Modificacións.***
*As modificacións deste convenio formalizaranse mediante addenda, cos mesmos requisitos e condicións que se esixen para a aprobación do mesmo.*
***DÉCIMA PRIMEIRA: Publicidade.***
*1. En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza remitirá os datos necesarios para a publicidade do convenio e informará na páxina Web oficial da devandita subscrición cos seguintes datos básicos:*
*a) Identificación das partes que interveñen.*
*b) Importe do financiamento.*
*c) Data da sinatura.*
*d) Finalidade.*
*e) Período de vixencia.*

*2. A sinatura do convenio implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e publicidade referida no número anterior. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións que contén, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia.*

***DÉCIMA SEGUNDA: Natureza e réxime xurídico.***

*1. Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, quedando excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, en virtude do establecido no artigo 6.1 desta.*

*2. As discrepancias que xurdan pola aplicación deste convenio serán resoltas pola comisión de seguimento prevista na cláusula sétima. De persistir as mesmas resolverá a persoa titular da consellería competente en materia de seguridade e a Xunta de Goberno local do concello, no ámbito das respectivas competencias, poñendo fin á vía administrativa.*

*Este convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose ambas as dúas partes ao acordado en todas as estipulacións, e como proba de conformidade asínase electrónicamente.*

***O Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e Presidente do Consello Reitor da Academia Galega de Seguridade Pública***

*Alfonso Rueda Valenzuela*

***A Alcaldesa de Lugo***

*Lara Méndez López"*

3.-A cláusula oitava do dito convenio prevía que o mesmo tivera unha vixencia de catro anos, podendo prorrogarse, de forma expresa para outro período de igual duración (4 anos) de común acordo polas partes.

4.- Con data 10 de xaneiro de 2023 a Academia Galega de Seguridade Pública, a través de carta dirixida a Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de Lugo interesa e presenta modelo de escrito de solicitude de prórroga dirixida ao Excmo. Concello de Lugo, aos efectos de tramitar e acordar a convocatoria da reunión da Comisión de Seguimento prevista e poder propoñer a prórroga do convenio en vigor conforme ao texto remitido.

5.- Posteriormente, no Pleno Ordinario do 23 de febreiro de 2023 acorda, entre outros, modificar a cláusula oitava do dito convenio ata completar un período adicional de catro anos máis, addenda asinada o 08.03.2023.

6.- Informe Proposta da Policía Local do Excmo. Concello de Lugo, emitido o día 9 de maio de 2024, na que se propón a modificación da cláusula primeira do convenio

de referencia, asinado o 20/03/2019, entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións públicas e Xustiza (actual Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e o Concello de Lugo aos efectos de que se leve a cabo unha modificación no seu clausulado que limite a delegación do Concello de Lugo á Administración xeral da Comunidade Autónoma das competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso unicamente á escala básica do corpo da Policía Local que comprende as categorías de oficial e policía. Deste xeito, o Concello reservarase todo o relativo aos procesos selectivos para o acceso ás restantes escalas así como aos procedementos de mobilidade, que pola experiencia acumulada resulta mais áxil a tramitación municipal dado o menor número de participantes nos procesos selectivos.

7.- Acta da comisión de seguimento do día 11 de xuño de 2024, na que se recolle:

*"ACTA DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DA ADDENDA AO CONVENIO PARA A ASUNCIÓN POLA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA DA CONVOCATORIA E DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS SELECTIVOS UNITARIOS PARA O ACCESO ÁS DIFERENTES CATEGORÍAS DOS CORPOS DE POLICÍA LOCAL ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE LUGO*
*ASISTENTES:*
*Pola Academia Galega de Seguridade Pública*
*Mercedes Gayoso Gómez, xefa do Servizo de Coordinación, Planificación e Selección*
*Mónica Maria Castro Pérez, xefa do servizo de Formación en Seguridade Pública*
*Polo Concello de Lugo*
*Jesús Piñeiro Santos, intendente, xefe da Policía Local do concello de Lugo*
*Manuel Louzao Aldariz, xefe da Asesoría Xurídica do concello de Lugo*
***ORDE DO DÍA***
***Único. -** Acordar a constitución desta comisión e estudar a solicitude presentada polo Concello de Lugo o día 09.05.2024.*
***DELIBERACIÓNS***
*O día 11.06.2024, reuníronse mediante conferencia telemática os membros da Comisión de seguimento prevista na cláusula sétima para facilitar o seguimento e cumprimento do convenio asinado o día 20.03.2019 entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, (actual Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e o Concello de Lugo para a asunción pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de policía local e ás prazas de auxiliares de policía local. Este convenio foi prorrogado mediante addenda asinada o 08.03.2023.*
***Único. - Solicitude do Concello de para a prórroga do convenio***

*Entre as funcións atribuídas á comisión de seguimento atópanse a de intervir cando xurda calquera incidencia relacionada co desenvolvemento do convenio.*
*O Concello de Lugo solicitou á Academia Galega de Seguridade Pública que limite a delegación do Concello de Lugo á Administración xeral da Comunidade Autónoma das competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso unicamente á escala básica do corpo da Policía Local que comprende as categorías de oficial e policía. Deste xeito, o Concello reservarase todo o relativo aos procesos selectivos para o acceso ás restantes escalas así como aos procedementos de mobilidade, argumentando que pola experiencia acumulada resulta mais áxil a tramitación municipal dado o menor número de participantes nos procesos selectivos.*
***ACORDOS:***
*1. Acordar a constitución desta comisión.*
*2. Propoñer a formalización dunha addenda ao convenio de colaboración asinado o 20.03.2019 (prorrogado con data 08.03.2023 ) entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (actual Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e o Concello de Lugo para a asunción por parte da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de policía local e ás prazas de auxiliares de policía local para as seguintes modificacións:*
***PRIMEIRO. Modificación do apartado primeiro da cláusula primeira do convenio.***
*Modifícase o apartado primeiro da cláusula primeira do convenio, que queda redactada do seguinte xeito: Este convenio ten por obxecto instrumentar a delegación polo Concello de Lugo na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia das competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos para o acceso da escala básica do corpo da Policía Local que comprende as categorías de oficial e policía.*
***SEGUNDO. Modificación do apartado segundo da cláusula primeira do convenio.***
*Modifícase o apartado segundo da cláusula primeira do convenio, que queda redactada do seguinte xeito: En virtude da devandita delegación, a Administración xeral da Comunidade Autónoma asume durante o período ao que se estende a vixencia deste convenio a convocatoria e desenvolvemento de todos os procesos de acceso para as prazas da escala básica do corpo da Policía Local que comprende as categorías de oficial e policía, segundo as necesidades de persoal que lle sexan comunicadas polo concello na forma e prazos establecidos no presente convenio e demais normativa de aplicación.*
*Pola Agasp Mercedes Gayoso Gómez  Mónica María Castro Pérez*
*Polo Concello de Lugo Jesús Piñeiro Santos Manuel Louzao Aldariz.”*

8.- Posteriormente, con data 14/06/2024, a través de correo electrónico a Academia Galega de Seguridade Pública remite borrador de texto de convenio a aprobar, sendo do seguinte teor literal:

***"SEGUNDA ADDENDA AO CONVENIO PARA A ASUNCIÓN POLA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA DA CONVOCATORIA E DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS SELECTIVOS UNITARIOS PARA O ACCESO ÁS DIFERENTES CATEGORÍAS DOS CORPOS DE POLICÍA LOCAL ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE LUGO***

*A Estrada, na data da sinatura electrónica*
*REUNIDOS*
*Dunha parte, Diego Calvo Pouso, Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia e Presidente do Consello Reitor da Academia Galega de Seguridade Pública, actuando en nome e representación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia en virtude das competencias que ten atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia, no Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, no artigo 8 da Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública e no artigo 2.2. do Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de Policía local, vixiantes municipais e auxiliares de policía local e o Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.*
*Doutra, Mercedes Paula Alvarellos Fondo, titular da Alcaldía-Presidencia do Concello de Lugo, actuando en nome e representación deste en virtude das competencias que ten atribuídas pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e pola Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.*
*Recoñecéndose ambas as dúas partes con capacidade e representación legal suficiente para o outorgamento desta segunda addenda,*
*EXPOÑEN:*
*1. Con data 20.03.2019 a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións públicas e Xustiza (actual Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e o Concello de Lugo asinaron un convenio de colaboración para a asunción pola Administración xeral da Comunidade autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de policía local. Este convenio foi prorrogado mediante addenda asinada o 08.03.2023.*
*2. O apartado primeiro da cláusula primeira do dito convenio prevía que o obxecto do convenio era instrumentar a delegación polo Concello de Lugo na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia das competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías do seu corpo de policía local.*
*3. O apartado segundo da cláusula primeira do dito convenio establecía que, en*

*virtude da devandita delegación, a Administración xeral da Comunidade Autónoma asume durante o período ao que se estende a vixencia deste convenio a convocatoria e desenvolvemento de todos os procesos selectivos para as prazas das diferentes categorías do seu corpo de Policía local, segundo as necesidades de persoal que lle sexan comunicadas polo concello na forma e prazos establecidos no presente convenio e demais normativa de aplicación.*

*4. Con data 09.05.2024 o Concello de Lugo solicita á Academia Galega de Seguridade Pública que limite a delegación do Concello de Lugo á Administración xeral da Comunidade Autónoma das competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso unicamente á escala básica do corpo da Policía Local que comprende as categorías de oficial e policía. Deste xeito, o Concello reservarase todo o relativo aos procesos selectivos para o acceso ás restantes escalas así como aos procedementos de mobilidade, argumentando que pola experiencia acumulada resulta mais áxil a tramitación municipal dado o menor número de participantes nos procesos selectivos.*

*5. Co fin de estudar a proposta do Concello de Lugo con data 11.06.2024 reúnese a comisión de seguimento do convenio prevista na súa cláusula sétima, integrada por dous representantes do Concello de Lugo e dous representantes da Academia Galega de Seguridade Pública e se propón a formalización dunha segunda addenda ao convenio de colaboración asinado o 20.03.2019 entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións públicas e Xustiza (actual Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e o Concello de Lugo, prorrogado con data 08.03.2023 para a modificación da delegación outorgada no Pleno do Concello de Lugo de data 28 de febreiro de 2019, quedando delegadas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso da escala básica do corpo da Policía Local que comprende as categorías de oficial e policía, reservándose o concello de Lugo todo o relativo aos procesos selectivos para o acceso ás restantes escalas así como aos procedementos de mobilidade .*

*As partes reunidas, ACORDAN*

*PRIMEIRO. Modificación do apartado primeiro da cláusula primeira do convenio. Modifícase o apartado primeiro da cláusula primeira do convenio, que queda redactada do seguinte xeito:*

*"Este convenio ten por obxecto instrumentar a delegación polo Concello de Lugo na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia das competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos para o acceso da escala básica do corpo da Policía Local que comprende as categorías de oficial e policía".*

*SEGUNDO. Modificación do apartado segundo da cláusula primeira do convenio.*

*Modifícase o apartado segundo da cláusula primeira do convenio, que queda redactada do seguinte xeito:*

*"En virtude da devandita delegación, a Administración xeral da Comunidade Autónoma asume durante o período ao que se estende a vixencia deste convenio a convocatoria e desenvolvemento de todos os procesos de acceso para as prazas da escala básica do corpo da Policía Local que comprende as categorías de oficial e policía, segundo as necesidades de persoal que lle sexan comunicadas polo*

*concello na forma e prazos establecidos no presente convenio e demais normativa de aplicación".*
*TERCEIRO. Publicidade. En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes remitirá os datos necesarios para a publicidade do convenio e informará na páxina web oficial da devandita subscrición cos seguintes datos básicos:*
*a) Identificación das partes que interveñen.*
*b) Importe do financiamento.*
*c) Data da sinatura.*
*d) Finalidade.*
*e) Período de vixencia.*
*A sinatura desta segunda addenda implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e publicidade referida no número anterior. As partes asinantes da addenda manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións que contén, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia.*
*En proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente documento na data da sinatura dixital.*
*O conselleiro de Presidencia,*
***Xustiza e Deportes e Presidente do Consello Reitor da Academia Galega de Seguridade Pública***
*Diego Calvo Pouso*
***A alcaldesa do Concello de Lugo***
*Mercedes Paula Alvarellos Fondo"*

9.- Informe proposta do Servizo de Fomento do día 17 de xuño de 2024 que consta no expediente e que se somete ao correspondente Informe dos Servizos de Asesoría Xurídica e Intervención.

10.- Informe de Asesoría Xurídica do día 18 de xuño de 2024, no que se pon de manifesto:
*"Segundo.- Sobre a proposta de aprobación da addenda ao convenio.*
*O obxecto da actual addenda ao convenio asinado no seu día é modificar o seu clausulado a proposta deste Concello de Lugo para limitar a delegación á Administración xeral da Comunidade Autónoma das competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso unicamente á escala básica do corpo da Policía Local, que comprende as categorías de oficial e policía e reservándose o Concello de Lugo todo o relativo aos procesos selectivos para o acceso ás restantes escalas así como aos procedementos de mobilidade.*

*Para evitar reiteracións innecesarias emítese o presente informe para facer constar a conformidade da Asesoría Xurídica co informe proposta emitido polo Servizo municipal de Fomento o día 17 de xuño de 2024, que consta no expediente, recolle a normativa de aplicación e, a xuízo do que subscribe, resulta adecuado a Dereito.*
*É todo canto procede informar.”*

11.- Informe do Servizo de Persoal do día 18 de xuño de 2024, do seguinte teor literal:

*“- Visto que polo Servizo de Fomento se instruíu o expediente relativo á aprobación da segunda Addenda ao Convenio para a asunción pola Administración Xeral da Comunidade autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos da policía local entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e, o Excmo. Concello de Lugo.*
*- Visto Informe da Asesoría Xurídica de dato 18 de xuño de 2024 no que se establece que:*
*“O obxecto da actual addenda ao convenio asinado no seu día é modificar o seu clausulado a proposta deste Concello de Lugo para limitar a delegación á Administración xeral da Comunidade Autónoma das competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso unicamente á escala básica do corpo da Policía Local, que comprende as categorías de oficial e policía e reservándose o Concello de Lugo todo o relativo aos procesos selectivos para o acceso ás restantes escalas así como aos procedementos de mobilidade”, ao tempo que se sinala a súa conformidade en Dereito.*
*Desde o Servizo de Persoal reitérase a conformidade mencionada pola Asesoría Xurídica procedendo a continuidade e resolución do expediente administrativo tramitado. É canto procede informar aos seus oportunos efectos.”*

12.- Correo electrónico enviado dende a AGASP, recibido o día 19 de xuño de 2024, e no que se xunta informe da letrada da Comunidade autónoma e de conformidade coa addenda proposta.

**Fundamentos de dereito**

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real Decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

**Consideracións xurídicas**

Primeira.- O obxecto do convenio de colaboración que se aproba, como xa se apuntou, é establecer os mecanismos de colaboración entre o Concello de Lugo e a Comunidade Autónoma de Galicia, a través do conselleiro de Presidencia, Xustiza e deportes da Xunta de Galicia e Presidente do Consello Reitor da Academia Galega de Seguridade Publica, en orde a instrumentar a delegación polo Concello de Lugo na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia das competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento de procesos selectivos dos procesos para ao acceso da escala básica do corpo da Policía Local que comprende as categorías de oficial e policía.

Segunda.- En canto ao réxime competencial a efectos da sua aprobación deberá axustarse á delegación de competencias prevista na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, no seu artigo 123.1.j) : Atribucións do Pleno, .... (...).. *"A transferencia de funcións ou actividades a outras Administracións públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras Administracións, salvo que por lei se impongan obrigatoriamente"*.

Tamén cabe sinalar que de acordo co estipulado por ser un asunto de maioría especial, ademais do informe da secretaria xeral do Pleno (artigos 122.5 e) 2º da LBRL, 54.1. b) do TRRL, RDL 781/1986, e 3.3. c) do RD 128/2018) a tenor do disposto no artigo 214 do TRLFL- estímase que será preceptivo o informe da intervención xeral municipal (artigos 54.1. b) do TRRL, RDL 781/1986, e 4.1.b) 5º do RD 128/2018).

Por todo o anteriormente exposto e no uso das atribucións que lle son concedidas, **propónselle ao Excmo. Pleno da Corporación local a adopción dos seguintes ACORDOS, que será modificado nos termos postos de manifesto nos informes preceptivos e a emitir:**

**PRIMEIRO.-** Aproba-lo texto e proceder a sinatura da addenda ao convenio para a asunción pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia das competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos para o acceso da escala básica do corpo da Policía Local que comprende as categorías de oficial e policía, que é do seguinte teor literal:

***"SEGUNDA ADDENDA AO CONVENIO PARA A ASUNCIÓN POLA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA DA CONVOCATORIA E DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS SELECTIVOS UNITARIOS PARA O ACCESO ÁS DIFERENTES CATEGORÍAS DOS CORPOS***

***DE POLICÍA LOCAL ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE LUGO***

*A Estrada, na data da sinatura electrónica*
*REUNIDOS*
*Dunha parte, Diego Calvo Pouso, Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia e Presidente do Consello Reitor da Academia Galega de Seguridade Pública, actuando en nome e representación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia en virtude das competencias que ten atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia, no Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, no artigo 8 da Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública e no artigo 2.2. do Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de Policía local, vixiantes municipais e auxiliares de policía local e o Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.*

*Doutra, Mercedes Paula Alvarellos Fondo, titular da Alcaldía-Presidencia do Concello de Lugo, actuando en nome e representación deste en virtude das competencias que ten atribuídas pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e pola Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.*

*Recoñecéndose ambas as dúas partes con capacidade e representación legal suficiente para o outorgamento desta segunda addenda,*

*EXPOÑEN:*

*1. Con data 20.03.2019 a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións públicas e Xustiza (actual Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e o Concello de Lugo asinaron un convenio de colaboración para a asunción pola Administración xeral da Comunidade autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de policía local. Este convenio foi prorrogado mediante addenda asinada o 08.03.2023.*
*2. O apartado primeiro da cláusula primeira do dito convenio prevía que o obxecto do convenio era instrumentar a delegación polo Concello de Lugo na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia das competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías do seu corpo de policía local.*
*3. O apartado segundo da cláusula primeira do dito convenio establecía que, en virtude da devandita delegación, a Administración xeral da Comunidade Autónoma*

*asume durante o período ao que se estende a vixencia deste convenio a convocatoria e desenvolvemento de todos os procesos selectivos para as prazas das diferentes categorías do seu corpo de Policía local, segundo as necesidades de persoal que lle sexan comunicadas polo concello na forma e prazos establecidos no presente convenio e demais normativa de aplicación.*

*4. Con data 09.05.2024 o Concello de Lugo solicita á Academia Galega de Seguridade Pública que limite a delegación do Concello de Lugo á Administración xeral da Comunidade Autónoma das competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso unicamente á escala básica do corpo da Policía Local que comprende as categorías de oficial e policía. Deste xeito, o Concello reservarase todo o relativo aos procesos selectivos para o acceso ás restantes escalas así como aos procedementos de mobilidade, argumentando que pola experiencia acumulada resulta mais áxil a tramitación municipal dado o menor número de participantes nos procesos selectivos.*

*5. Co fin de estudar a proposta do Concello de Lugo con data 11.06.2024 reúnese a comisión de seguimento do convenio prevista na súa cláusula sétima, integrada por dous representantes do Concello de Lugo e dous representantes da Academia Galega de Seguridade Pública e se propón a formalización dunha segunda addenda ao convenio de colaboración asinado o 20.03.2019 entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións públicas e Xustiza (actual Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e o Concello de Lugo, prorrogado con data 08.03.2023 para a modificación da delegación outorgada no Pleno do Concello de Lugo de data 28 de febreiro de 2019, quedando delegadas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso da escala básica do corpo da Policía Local que comprende as categorías de oficial e policía, reservándose o concello de Lugo todo o relativo aos procesos selectivos para o acceso ás restantes escalas así como aos procedementos de mobilidade .*

*As partes reunidas, ACORDAN*

*PRIMEIRO. Modificación do apartado primeiro da cláusula primeira do convenio.*

*Modifícase o apartado primeiro da cláusula primeira do convenio, que queda redactada do seguinte xeito:*

*“Este convenio ten por obxecto instrumentar a delegación polo Concello de Lugo na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia das competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos para o acceso da escala básica do corpo da Policía Local que comprende as categorías de oficial e policía”.*

*SEGUNDO. Modificación do apartado segundo da cláusula primeira do convenio.*

*Modifícase o apartado segundo da cláusula primeira do convenio, que queda redactada do seguinte xeito:*

*"En virtude da devandita delegación, a Administración xeral da Comunidade Autónoma asume durante o período ao que se estende a vixencia deste convenio a convocatoria e desenvolvemento de todos os procesos de acceso para as prazas da escala básica do corpo da Policía Local que comprende as categorías de oficial e policía, segundo as necesidades de persoal que lle sexan comunicadas polo concello na forma e prazos establecidos no presente convenio e demais normativa de aplicación".*
*TERCEIRO. Publicidade.*
*En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes remitirá os datos necesarios para a publicidade do convenio e informará na páxina web oficial da devandita subscrición cos seguintes datos básicos:*
*a) Identificación das partes que interveñen.*
*b) Importe do financiamento.*
*c) Data da sinatura.*
*d) Finalidade.*
*e) Período de vixencia.*

*A sinatura desta segunda addenda implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e publicidade referida no número anterior. As partes asinantes da addenda manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións que contén, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia.*

*En proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente documento na data da sinatura dixital.*
*O conselleiro de Presidencia,Xustiza e Deportes e Presidente do Consello Reitor da Academia Galega de Seguridade Pública*
*Diego Calvo Pouso*
*A alcaldesa do Concello de Lugo*
*Mercedes Paula Alvarellos Fondo"*

**SEGUNDO.-** Facultar ampla e expresamente á Alcaldía para resolver cantos trámites se deriven do desenvolvemento do presente convenio, en orde á eficacia da súa xestión.

**TERCEIRO.-** Notifica-la presente resolución ás partes interesadas indicando que pon fin á vía administrativa e contra ela pódese interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de DOUS MESES, contados dende o día seguinte ó da recepción desta comunicación ante o Xulgado do contencioso administrativo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, modificada pola Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro), así como as demais accións legais que estime pertinentes.

Malia o anterior, no caso de interposición por parte dunha Administración de recurso contencioso-administrativo contra outra e, con carácter previo e potestativo, no prazo de DOUS MESES, contados dende a recepción da presente comunicación, poderá requirir ao Pleno da Corporación Local de Lugo para que anule ou revogue o presente acto; requirimento que se entenderá rexeitado se non se contestara dentro do mes seguinte á súa recepción. De utilizarse esta vía, o prazo de DOUS MESES para interpoñer recurso contencioso-administrativo contará dende o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución do requirimento ou se entenda presuntamente rexeitado (artigos 44.2 e 3 e 46.6 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).”

2. DITAME FAVORABLE da Comisión Especial de Contas e Ordinaria da Alcaldía, Recursos Internos e Proxecto de Cidade, emitido na sesión celebrada o día 21 de xuño de 2024.

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 24

| | | |
|---|---|---|
| - **Votos a favor**: | 24 | dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - **Votos en contra:** | 0 | |
| - **Abstencións:** | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar o texto e proceder a sinatura da addenda ao convenio para a asunción pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia das competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos para o acceso da escala básica do corpo da Policía Local que comprende as categorías de oficial e policía, que é do seguinte teor literal:

***“SEGUNDA ADDENDA AO CONVENIO PARA A ASUNCIÓN POLA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA DA CONVOCATORIA E DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS SELECTIVOS UNITARIOS PARA O ACCESO ÁS DIFERENTES CATEGORÍAS DOS CORPOS DE POLICÍA LOCAL ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE LUGO***

*A Estrada, na data da sinatura electrónica*
*REUNIDOS*

*Dunha parte, Diego Calvo Pouso, Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia e Presidente do Consello Reitor da Academia Galega de Seguridade Pública, actuando en nome e representación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia en virtude das competencias que ten atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia, no Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, no artigo 8 da Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública e no artigo 2.2. do Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de Policía local, vixiantes municipais e auxiliares de policía local e o Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.*

*Doutra, Mercedes Paula Alvarellos Fondo, titular da Alcaldía-Presidencia do Concello de Lugo, actuando en nome e representación deste en virtude das competencias que ten atribuídas pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e pola Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.*

*Recoñecéndose ambas as dúas partes con capacidade e representación legal suficiente para o outorgamento desta segunda addenda,*

*EXPOÑEN:*

*1. Con data 20.03.2019 a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións públicas e Xustiza (actual Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e o Concello de Lugo asinaron un convenio de colaboración para a asunción pola Administración xeral da Comunidade autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de policía local. Este convenio foi prorrogado mediante addenda asinada o 08.03.2023.*
*2. O apartado primeiro da cláusula primeira do dito convenio prevía que o obxecto do convenio era instrumentar a delegación polo Concello de Lugo na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia das competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías do seu corpo de policía local.*
*3. O apartado segundo da cláusula primeira do dito convenio establecía que, en virtude da devandita delegación, a Administración xeral da Comunidade Autónoma*
*asume durante o período ao que se estende a vixencia deste convenio a convocatoria e desenvolvemento de todos os procesos selectivos para as prazas das diferentes categorías do seu corpo de Policía local, segundo as*

*necesidades de persoal que lle sexan comunicadas polo concello na forma e prazos establecidos no presente convenio e demais normativa de aplicación.*
*4. Con data 09.05.2024 o Concello de Lugo solicita á Academia Galega de Seguridade Pública que limite a delegación do Concello de Lugo á Administración xeral da Comunidade Autónoma das competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso unicamente á escala básica do corpo da Policía Local que comprende as categorías de oficial e policía. Deste xeito, o Concello reservarase todo o relativo aos procesos selectivos para o acceso ás restantes escalas así como aos procedementos de mobilidade, argumentando que pola experiencia acumulada resulta mais áxil a tramitación municipal dado o menor número de participantes nos procesos selectivos.*
*5. Co fin de estudar a proposta do Concello de Lugo con data 11.06.2024 reúnese a*
*comisión de seguimento do convenio prevista na súa cláusula sétima, integrada por*
*dous representantes do Concello de Lugo e dous representantes da Academia Galega de Seguridade Pública e se propón a formalización dunha segunda addenda ao convenio de colaboración asinado o 20.03.2019 entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións públicas e Xustiza (actual Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes) e o Concello de Lugo, prorrogado con data 08.03.2023 para a modificación da delegación outorgada no Pleno do Concello de Lugo de data 28 de febreiro de 2019, quedando delegadas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso da escala básica do corpo da Policía Local que comprende as categorías de oficial e policía, reservándose o concello de Lugo todo o relativo aos procesos selectivos para o acceso ás restantes escalas así como aos procedementos de mobilidade .*

*As partes reunidas, ACORDAN*

*PRIMEIRO. Modificación do apartado primeiro da cláusula primeira do convenio.*

*Modifícase o apartado primeiro da cláusula primeira do convenio, que queda redactada do seguinte xeito:*

*“Este convenio ten por obxecto instrumentar a delegación polo Concello de Lugo na*
*Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia das competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos para o acceso da escala básica do corpo da Policía Local que comprende as categorías de oficial e policía”.*

*SEGUNDO. Modificación do apartado segundo da cláusula primeira do convenio.*

*Modifícase o apartado segundo da cláusula primeira do convenio, que queda redactada do seguinte xeito:*

*"En virtude da devandita delegación, a Administración xeral da Comunidade Autónoma asume durante o período ao que se estende a vixencia deste convenio a convocatoria e desenvolvemento de todos os procesos de acceso para as prazas da escala básica do corpo da Policía Local que comprende as categorías de oficial e policía, segundo as necesidades de persoal que lle sexan comunicadas polo concello na forma e prazos establecidos no presente convenio e demais normativa de aplicación".*
*TERCEIRO. Publicidade.*
*En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes remitirá os datos necesarios para a publicidade do convenio e informará na páxina web oficial da devandita subscrición cos seguintes datos básicos:*
*a) Identificación das partes que interveñen.*
*b) Importe do financiamento.*
*c) Data da sinatura.*
*d) Finalidade.*
*e) Período de vixencia.*

*A sinatura desta segunda addenda implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e publicidade referida no número anterior. As partes asinantes da addenda manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións que contén, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia.*

*En proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente documento na data da sinatura dixital.*
*O conselleiro de Presidencia,Xustiza e Deportes e Presidente do Consello Reitor da Academia Galega de Seguridade Pública*
*Diego Calvo Pouso*
*A alcaldesa do Concello de Lugo*
*Mercedes Paula Alvarellos Fondo"*

SEGUNDO.- Facultar ampla e expresamente á Alcaldía para resolver cantos trámites se deriven do desenvolvemento do presente convenio, en orde á eficacia da súa xestión.

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución ás partes interesadas indicando que pon fin á vía administrativa e contra ela pódese interpoñer recurso contencioso-

administrativo no prazo de DOUS MESES, contados dende o día seguinte ó da recepción desta comunicación ante o Xulgado do contencioso administrativo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, modificada pola Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro), así como as demais accións legais que estime pertinentes.

Malia o anterior, no caso de interposición por parte dunha Administración de recurso contencioso-administrativo contra outra e, con carácter previo e potestativo, no prazo de DOUS MESES, contados dende a recepción da presente comunicación, poderá requirir ao Pleno da Corporación Local de Lugo para que anule ou revogue o presente acto; requirimento que se entenderá rexeitado se non se contestara dentro do mes seguinte á súa recepción. De utilizarse esta vía, o prazo de DOUS MESES para interpoñer recurso contencioso-administrativo contará dende o día seguinte a aquel en que se notifique a resolución do requirimento ou se entenda presuntamente rexeitado (artigos 44.2 e 3 e 46.6 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).

## URBANISMO

13/117 **PLAN PARCIAL DO SECTOR DE SOLO URBANIZABLE DELIMITADO S-16.R. APROBACIÓN DEFINITIVA.-** Visto o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. PROPOSTA DO DIRECTOR XERAL DE URBANISMO, do 18 de xuño de 2024, do teor literal seguinte:

“Examinado o expediente de referencia, tramitado polo Negociado de Planeamento e visto o informe do Servizo de Urbanismo de data do 18-06-2024, cuxa parte expositiva é do seguinte teor literal:

“Examinado o expediente de referencia, cómpre informar:

### FEITOS

1º.- A Xunta de Goberno Local na sesión celebrada con data do 24-05-2023 acordou aprobar en canto proxecto técnico, en virtude do establecido no artigo 127.1 c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL), o “PLAN PARCIAL DO SECTOR DE SOLO URBANIZABLE DELIMITADO S-16.R, formulado pola entidade mercantil “BIPAHURA S.L.”, representada por don Raúl Ferreiros Barreira.

Este acordo adoptouse previa a emisión de informes favorables polo Servizo Municipal de Arqueoloxía (con data do 18-05-2023) e polos Servizos Municipais de

Enxeñería, de Arquitectura e de Medio Ambiente (todos eles con data do 19-05-2023). Cómpre significar que no informe favorable do Servizo de Arquitectura sinalábanse algunhas deficiencias subsanables.

2º.- Así mesmo acordou remitilo, con carácter previo á súa aprobación inicial, a informe da “Dirección General de Aviación Civil” do “Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana” pola súa afectación pola Servidume Aeronáutica do Aeródromo de Rozas (Disposición adicional segunda do *“Real Decreto 2591/1998, de 4 de diciembre, sobre la Ordenación de los Aeropuertos de Interés General y su Zona de Servicio, en ejecución de lo dispuesto por el artículo 166 de la Ley 13/1996, de 30 de dicimbre, de Medidas Fiscales, Administrativas y del Orden Social”* e no artigo 29 do *“Decreto 584/1972, de 24 de febreiro, de Servidumbres Aeronáuticas”)*.

3º.- Solicitado ese informe ao devandito organismo nos términos da redacción dada por la Disposición final primeira do Real Decreto 369/2023, de 16 de maio (BOE nº 131 do 2 de xuño de 2023), por parte deste rexistrouse neste Concello, con data do 24-08-2023, o seu informe favorable establecendo a necesidade de que o Plan Parcial incorpore nos seus planos e normativa o referente a esa Servidume Aeronáutica.

4º.- Posteriormente, a Xunta de Goberno Local na sesión celebrada con data do 06-09-2023 acordou aprobar inicialmente (en canto instrumento de planeamento, artigo 127.1-d) da LBRL) o mencionado Plan Parcial e sometelo a información pública, informes sectoriais e consultas con notificación individuais aos propietarios catastrais.

Tamén acordou requirir ao promotor para que, con carácter previo a eses trámites, presentase neste Concello un exemplar do Plan Parcial aprobado inicialmente contendo as correccións sinaladas nos informes dos Servizos Técnicos Municipais e da “Dirección General de Aviación Civil del Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana”.

5º.- Dito requirimento foi cumprimentado polo promotor mediante a documentación presentada neste Concello con datas do 02-10-2023 e 15-12-10-2023, emitíndose por parte do Servizo Municipal de Arquitectura un informe, con data do 18-12-2023, no que se fiscaliza positivamente o cumprimento daquel requirimento.

6º.- O sometemento a información pública foi realizado a través dos medios e nas datas que a continuación se indican:

- Xornal "El Progreso”, con data do 19-12-2023.
- Diario Oficial de Galicia nº 243 de data do 26-12-2023.

Así mesmo realizáronse as notificacións individuais aos propietarios catastrais e solicitáronse os informes sectoriais e consultas preceptivos.

7º.- O Vicesecretario deste Concello emitiu, con data do 30-04-2024, unha certificación acreditativa de que, durante o período de exposición pública e notificacións individuais do presente plan parcial, non se presentou alegación ningunha ao respecto deixando constancia do resultado dos informes sectoriais e consultas emitidos, aos cales se fará referencia nos fundamentos de dereito seguintes.

8º.- Con data do 25-03-2024 o promotor presentou neste Concello unha documentación na que se analiza o contido dos informes sectoriais recibidos.

9º.- O Director Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade ditou, con data do 15-05-2024, unha resolución pola que se prorroga por un prazo máximo de dous anos a vixencia do informe ambiental estratéxico formulado con data do 10-09-2018 (DOG 10-10-2018). Este prazo empezará a contar o 11 de outubro de 2024.

10º.- Posteriormente, con data do 29-05-2024, recibiuse neste Concello un último informe da Condeferación Hidrográfica do Miño-Sil, emitido con carácter favorable “condicionado” á:

*“a. La obtención de la modificación de características de la autorización de vertido con número de expediente V/27/00022, de forma que se incremente el volumen de vertido de aguas residuales para que sea igual o superior a la suma los caudales actualmente producidos y los derivados del desarrollo de la figura de planeamiento que se informa, de acuerdo con lo referido en las consideraciones del epígrafe II.1.2.2 de este informe.*

*b. El cumplimiento del PRC en vigor”.*

11º.- Por parte do promotor rexistrouse de entrada, con data do 07-06-2024, un documento do presente Plan Parcial co obxeto de acadar a súa aprobación definitiva. Este exemplar foi informado favorablemente por parte dos Servizos Municipais de Arqueoloxía con data do 14-06-2024, Enxeñería, Medio Ambiente e Arquitectura con data do 17-06-2024.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

PRIMEIRO.- O presente expediente foi obxeto dos informes sectoriais que a continuación se relacionan, solicitados todos eles en virtude do establecido no ANEXO II “Táboa 2” do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (RLSG):

A) Con carácter previo á aprobación inicial:

- Informe da "Dirección General de Aviación Civil del Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana", en relación coa servidume aeronáutica do aeródromo de Rozas.

B) Con posterioridade á aprobación inicial:

- Informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, en relación coa protección co Camiño Primitivo de Santiago.

- Informe da Consellería de Economía, Industria e Innovación, en relación coa dereiros mineiros e instalacións de enerxía eléctrica.

- Informe da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, en relación cos recursos hídricos.

- Informe da Dirección xeral de Mobilidade da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, en relación coas cuestións relativas á mobilidade.

- Informe da "Secretaría de Estado de Telecomunicaciones e Infraestructuras Digitales del Ministerio de Transformación Digital y de la Función Pública", en relación coas infraestruturas de telecomunicacións.

- Informe da "Dirección General de Política Energética y Minas del Ministerio de Transformación Digital y de la Función Pública", en relación coas infraestruturas eléctricas.

- Informe de Augas de Galicia, en relación coa planificación do abastecemento, saneamento e depuración de augas.

Do contido destes informes (en ningún caso desfavorable e favorable ou suxeito a algunhas condicións noutros casos) non se deriva ningún impedimento para a continuación do procedemento cara a acadar a aprobación definitiva do presente instrumento de planeamento, unha vez que foi adaptado ás súas condicións (en relación coa servidume aeronáutica do Aeródromo de Rozas), ou sen necesidade de tal adaptación por ser de cumprimento na tramitación do futuro proxecto de urbanización (en relación coa variación de liñas eléctricas), ou a cumprimentar polo Concello en futuras actuacións (en materias de competencia da CHMS en relación con modificacións de autorizacións de vertidos de augas residuais ou co cumprimento do PCR en vigor).

Neste senso cómpre significar, tal como se expón nos anteriores feitos, que o promotor presentou con data do 07-06-2024 un exemplar deste Plan Parcial para

esa aprobación definitiva que foi informado favorablemente por parte dos Servizos Municipais de Arqueoloxía con data do 14-06-2024, Enxeñería, Medio Ambiente e Arquitectura con data do 17-06-2024, o que implica o cumprimento do contido dos devanditos informes sectoriais.

SEGUNDO.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), no seu artigo 48 literalmente estableceu:

*"Normas técnicas de planeamiento*
**1.** *Las normas técnicas del planeamiento urbanístico tendrán por objeto unificar los criterios técnicos para la elaboración de los documentos de planeamiento urbanístico, la terminología y los conceptos urbanísticos generales, así como cualquier otra cuestión que precise aclaración u orientación técnica en materia de planeamiento urbanístico.*
**2.** *La aprobación de las normas técnicas corresponde a la persona titular de la consejería competente en materia de urbanismo, previa audiencia a la Federación Gallega de Municipios y Provincias".*

O obxecto, contido, procedemento de aprobación e alcance destas normas técnicas encóntranse regulados nos artigos 88 e 89 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento da LSG.

As Normas Técnicas de Planeamento Urbanístico de Galicia foron aprobadas pola Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, de data do 10 de outubro de 2019. A súa Disposición final estableceu un prazo de seis meses para a súa entrada en vigor, a contar dende a súa publicación no Diario Oficial de Galicia, que tivo lugar no DOG nº 224 do 25 de novembro de 2019. En consecuencia, a devandita entrada en vigor tivo lugar con data do 25 de maio de 2020.

Cómpre sinalar que no DOG nº 78, de data do 25-4-2022, publícase a Orde da Consellería de medio Ambiente, Territorio e Vivenda, de data do 8-4-2022, pola que se modifica a Orde do 10-10-2019 de aprobación das normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia. De conformidade co establecido na súa disposición final única, esta modificación entrou en vigor con data do 26-4-2022, dispoñendo no parágrafo número 1 da súa disposición transitoria única que:

*"Aos instrumentos de planeamento urbanístico aprobados inicialmente antes da entrada en vigor desta modificación non lles resultará de aplicación preceptiva esta, sen prexuízo da posibilidade de adaptarse a ela voluntariamente"*.

En consecuencia, o presente instrumento de planeamento ten obriga legal de adaptarse a esta modificación.

O informe do servizo municipal de Arquitectura, de data do 17-06-2024, emítese en sentido favorable en relación coa ordenación do Plan Parcial, mais sinala a existencia dalgunha deficiencia de carácter menor (referida a sinaturas) en relación coa súa adaptación as Normas Técnicas de Planeamento Urbanístico de Galicia. Así mesmo, sinala outra serie de correccións de pequena entidade ao contido do Plan Parcial (relativas a algúns termos da redacción literaria e algunha corrección gráfica) subsanables con carácter previo ao trámite do anuncio no Diario Oficial de Galicia posterior ao acordo de aprobación definitiva deste instrumento de planeamento.

TERCEIRO.- Tal como se expón nos anteriores feitos deste informe o Director Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade ditou, con data do 15-05-2024, unha resolución pola que se prorroga por un prazo máximo de dous anos a vixencia do informe ambiental estratéxico formulado con data do 10-09-2018 (DOG 10-10-2018). Este prazo empezará a contar o 11 de outubro de 2024.

En consecuencia, os trámites a seguir cara a acadar a súa aprobación definitiva son os correspondentes ao procedemento regulado nos artigos 75, 82 e 88 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e artigos 186, 199 e 209 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o seu regulamento (RLSG).

De conformidade co contido destes artigos, os trámites que restan por levar a cabo no presente procedemento son os seguintes:

- Aprobación definitiva.

- Publicación do acordo de aprobación definitiva no DOG, no prazo dun mes desde a súa adopción. Xunto coa publicación deste acordo publicarase a referencia ao enderezo electrónico no que figurará o contido íntegro do Plan Parcial a disposición do público.

- Remisión dun exemplar deste Plan Parcial en soporte dixital, debidamente dilixenciado, á Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (CVPI) para a súa inscrición no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia, sendo esta inscrición requisito de eficacia do acordo de aprobación definitiva. Posteriormente procederase á publicación da normativa e das ordenanzas no BOP.

TERCEIRO.- O órgano competente para a aprobación definitiva do Plan Parcial é o Pleno do Concello sen necesidade de quorum de maioría absoluta en virtude do establecido no artigo 123.1- i) e 2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL).”

Veño en propoñer que polo Excmo. Concello Pleno se adopte o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** APROBAR DEFINITIVAMENTE o “Plan Parcial do Sector de Solo Urbanizable Delimitado S-16.R”, formulado pola entidade mercantil “BIPAHURA S.L.”, representada por don Raúl Ferreiros Barreira, de conformidade cos informes sectoriais emitidos no presente procedemento, cos informes dos Servizos Municipais de Arqueoloxía con data do 14-06-2024, Enxeñería, Medio Ambiente e Arquitectura con data do 17-06-2024, e co informe do Servizo Municipal de Urbanismo emitido con data do 18-06-2024.

Significase que esta aprobación definitiva faise de conformidade cos seguintes condicionantes:

- Os sinalados no informe da Condeferación Hidrográfica do Miño-Sil de data do 29-05-2024, afectantes as dúas actuacións deste Concello que a continuación se transcriben na literalidade manifestada no devandito informe:

*“a. La obtención de la modificación de características de la autorización de vertido con número de expediente V/27/00022, de forma que se incremente el volumen de vertido de aguas residuales para que sea igual o superior a la suma los caudales actualmente producidos y los derivados del desarrollo de la figura de planeamiento que se informa, de acuerdo con lo referido en las consideraciones del epígrafe II.1.2.2 de este informe.*

*b. El cumplimiento del PRC en vigor”.*

- Os sinalados no informe do Servizo Municipal de Arquitectura de data do 17-06-2024, que a continuación tamén se transcriben na literalidade manifestada no devandito informe, os cales deberán ser cumpridos con carácter previo ao trámite do anuncio no Diario Oficial de Galicia posterior ao acordo de aprobación definitiva deste instrumento de planeamento:

“**Primeiro**
No apartado 3.4 da memoria xustificativa paxina 17 onde di:

Desta maneira, repártese a edificabilidade entre as parcelas proxectadas, previndo as dimensións da edificación que se concretan en 6 alturas+B, con aproveitamento para o baixo cuberta por riba da altura máxima permitida.

Debe dicir:
”Desta maneira, repártese a edificabilidade entre as parcelas proxectadas, previndo as dimensións da edificación que se concretan en Baixo+ 5 alturas, incluído o baixo cuberta.”

**Segundo**
O plano 10.1”Seccións Transversais do Sector” debe eliminar o volume sinalado coa trama vermella.


MURALLA
patrimonio da humanidade




Sección S1

**Terceiro**
Débese eliminar da ordenanza de Equipamento Dotacional apartado 1.3.3 do documento de Normativa Urbanística, paxina 16, as condicións do Espazo libre de parcela:

| ESPAZOS LIBRES DE PARCELA |
|---|
| Os patios de parcela serán empregados como zonas de acceso aos volumes en altura. O proxecto de edificación definirá estes espazos de maneira precisa, debendo definir a forma e as condicións de urbanización, coas seguintes condicións:<br>- Só se permíten usos e actividades de esparcemento, os deportivos que non precisen instalacións cubertas.<br>- Non se permite o aparcamento de vehículos.<br>- Polo menos o 40% da súa superficie deberá ter un tratamento vexetal. |

**Cuarto**
Os documentos da carpeta 27028_PP_202406_AD_01PDF deberán eliminar do nome de cada documento a raiz "_firmado"

**SEGUNDO**.- Proceder á publicación deste acordo de aprobación definitiva no DOG, no prazo dun mes dende a súa adopción, unha vez que o promotor presente neste Concello, con carácter previo a esa publicación, un exemplar deste Plan Parcial co seu contido corrixido de conformidade cos condicionantes do informe do Servizo Municipal de Arquitectura anteriormente transcritos. Xunto coa publicación deste acordo publicarase a referencia ao enderezo electrónico no que figurará o contido íntegro deste Plan Parcial a disposición do público (artigo 82.2 da LSG).

**TERCEIRO**.- Unha vez publicado o anuncio no DOG ao que fai referencia o anterior acordo, proceder á remisión dun exemplar deste Plan Parcial en soporte dixital, debidamente dilixenciado, á Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (CVPI) para a súa inscrición no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia. Sendo esta inscrición requisito de eficacia do acordo de aprobación definitiva (artigo 88 da LSG). Posteriormente, procederase á publicación do anuncio no BOP, conforme ao establecido nos artigos 82.3 e 88.4 da LSG.

**CUARTO**.- Notificarlles este acordo aos interesados, indicándolles que contra el poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo) nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ao da notificación do presente acto, o cal pon fin á vía administrativa (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), sen prexuízo de que poidan interpoñer calquera outro recurso ou reclamación que estimen conveniente ao seu dereito.

2. DITAME FAVORABLE da Comisión Especial de Contas e Ordinaria da Alcaldía, Recursos Internos e Proxecto de Cidade, emitido na sesión celebrada o día 21 de xuño de 2024.

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 24

| | | |
|---|---|---|
| - **Votos a favor**: | 24 | dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - **Votos en contra:** | 0 | |
| - **Abstencións:** | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- APROBAR DEFINITIVAMENTE o "Plan Parcial do Sector de Solo Urbanizable Delimitado S-16.R", formulado pola entidade mercantil "BIPAHURA S.L.", representada por don Raúl Ferreiros Barreira, de conformidade cos informes sectoriais emitidos no presente procedemento, cos informes dos Servizos Municipais de Arqueoloxía con data do 14-06-2024, Enxeñería, Medio Ambiente e Arquitectura con data do 17-06-2024, e co informe do Servizo Municipal de Urbanismo emitido con data do 18-06-2024.

Significase que esta aprobación definitiva faise de conformidade cos seguintes condicionantes:

- Os sinalados no informe da Condeferación Hidrográfica do Miño-Sil de data do 29-05-2024, afectantes as dúas actuacións deste Concello que a continuación se transcriben na literalidade manifestada no devandito informe:

*“a. La obtención de la modificación de características de la autorización de vertido con número de expediente V/27/00022, de forma que se incremente el volumen de vertido de aguas residuales para que sea igual o superior a la suma los caudales actualmente producidos y los derivados del desarrollo de la figura de planeamiento que se informa, de acuerdo con lo referido en las consideraciones del epígrafe II.1.2.2 de este informe.*

*b. El cumplimiento del PRC en vigor”.*

- Os sinalados no informe do Servizo Municipal de Arquitectura de data do 17-06-2024, que a continuación tamén se transcriben na literalidade manifestada no devandito informe, os cales deberán ser cumpridos con carácter previo ao trámite do anuncio no Diario Oficial de Galicia posterior ao acordo de aprobación definitiva deste instrumento de planeamento:

“**Primeiro**
No apartado 3.4 da memoria xustificativa paxina 17 onde di:

Desta maneira, repártese a edificabilidade entre as parcelas proxectadas, previndo as dimensións da edificación que se concretan en 6 alturas+B, con aproveitamento para o baixo cuberta por riba da altura máxima permitida.

Debe dicir:
”Desta maneira, repártese a edificabilidade entre as parcelas proxectadas, previndo as dimensións da edificación que se concretan en Baixo+ 5 alturas, incluído o baixo cuberta.”

**Segundo**
O plano 10.1”Seccións Transversais do Sector” debe eliminar o volume sinalado coa trama vermella.




Sección S1

**Terceiro**
Débese eliminar da ordenanza de Equipamento Dotacional apartado 1.3.3 do documento de Normativa Urbanística, paxina 16, as condicións do Espazo libre de parcela:

| ESPAZOS LIBRES DE PARCELA |
|---|
| Os patios de parcela serán empregados como zonas de acceso aos volumes en altura. O proxecto de edificación definirá estes espazos de maneira precisa, debendo definir a forma e as condicións de urbanización, coas seguintes condicións:<br>- Só se permíten usos e actividades de esparcemento, os deportivos que non precisen instalacións cubertas.<br>- Non se permite o aparcamento de vehículos.<br>- Polo menos o 40% da súa superficie deberá ter un tratamento vexetal. |

**Cuarto**
Os documentos da carpeta 27028_PP_202406_AD_01PDF deberán eliminar do nome de cada documento a raiz "_firmado"

SEGUNDO.- Proceder á publicación deste acordo de aprobación definitiva no DOG, no prazo dun mes dende a súa adopción, unha vez que o promotor presente neste Concello, con carácter previo a esa publicación, un exemplar deste Plan Parcial co seu contido corrixido de conformidade cos condicionantes do informe do Servizo Municipal de Arquitectura anteriormente transcritos. Xunto coa publicación deste acordo publicarase a referencia ao enderezo electrónico no que figurará o contido íntegro deste Plan Parcial a disposición do público (artigo 82.2 da LSG).

TERCEIRO.- Unha vez publicado o anuncio no DOG ao que fai referencia o anterior acordo, proceder á remisión dun exemplar deste Plan Parcial en soporte

dixital, debidamente dilixenciado, á Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (CVPI) para a súa inscrición no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia. Sendo esta inscrición requisito de eficacia do acordo de aprobación definitiva (artigo 88 da LSG). Posteriormente, procederase á publicación do anuncio no BOP, conforme ao establecido nos artigos 82.3 e 88.4 da LSG.

CUARTO.- Notificarlles este acordo aos interesados, indicándolles que contra el poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo) nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ao da notificación do presente acto, o cal pon fin á vía administrativa (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), sen prexuízo de que poidan interpoñer calquera outro recurso ou reclamación que estimen conveniente ao seu dereito.

**SERVIZOS SOCIAIS**

14/118 **APROBACIÓN DA CREACIÓN DO ÓRGANO “CONSELLO SECTORIAL DE PERSOAS MAIORES DO CONCELLO DE LUGO”.-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. PROPOSTA DA TENENTA DE ALCALDESA DELEGADA DA ÁREA DE COHESIÓN SOCIAL E TERRITORIAL, do 18 de xuño de 2024, do teor literal seguinte:

**Antecedentes-**

**Primeiro.-**

A Constitución española no artigo 50 declara que os poderes públicos promoverán o benestar social das persoas maiores mediante un sistema de servizos sociais que atenderán os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio.

A lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local no seu artigo 25, das competencias, establece que o municipio, para a xestión dos seus intereses, e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, e exercerá en todo caso como competencias propias,entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

A lei 5/1997, da administración local de Galicia,no seu artigo 80. atribúe aos municipios as competencias na prestación dos servizos sociais e na promoción e reinserción sociais así como na execución de programas propios destinados entre outros a terceira idade.

A Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, de conformidade co establecido no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía, en relación co artigo 148.1º 20 da Constitución española.

No artigo 4 do Estatuto de autonomía establécese que corresponde aos poderes públicos de Galicia facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social.

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, recolle no seu artigo 4 apartado i) como un dos principios xerais dos servizos sociais o principio de participación, establecendo que os poderes públicos promoverán a participación das persoas usuarias, familiares, dos grupos sociais e entidades representativas das persoas ou colectivos aos que van destinados o servizos, das entidades do terceiro sector e dos axentes sociais, tanto na súa planificación como no seu deseño e seguimento. A participación promoverase a través das vías e mecanismos que estableza a normativa, e en calquera caso, deberán estar inspirados en criterios democráticos de calidade e eficacia na prestación dos servizos.

Do mesmo xeito no art.60.i), , establece como competencias dos concellos a creación, regulamentación e impulso dos mecanismos de participación local no ámbito dos servicios sociais.
O artigo 43, da participación cidadán e das persoas usuarias de servizos sociais, establece no se punto 1 que as administracións públicas competentes en materia de servizos sociais garantirán a participación cidadá no sistema galego de servizos sociais, mediante o establecemento , por vía regulamentaria, de sistemas de consulta e debate abertos a toda a cidadanía e, de maneira particular, as persoas usuarias e sectores directamente afectados, como é o das persoas maiores, ao tratarse dun colectivo especificamente contemplado na configuración dos servizos sociais comunitarios.


MURALLA
patrimonio da humanidade

Deste xeito, a participación activa das persoas maiores é un obxectivo a conseguir na orientación das políticas públicas co fin de acadar o maior nivel de benestar posible deste colectivo, acadar a súa autonomía e integración social,polo que se fai necesario a constitución dun órgano que posibilite a súa participación activa no ámbito do noso municipio.

En cumprimento da normativa anteriormente referenciada, a Concellería de Benestar Social e Maiores, propón ó Pleno do Concello de Lugo, a creación do Consello Sectorial de Persoas Maiores do Concello de Lugo.

**Segundo.-**

O **Consello de Maiores** é un órgano de participación social sectorial de natureza consultiva non vinculante que asesora á entidade local en todas as cuestións relativas as súas competencias, establecido en base ás previsións que sobre participación cidadá nos asuntos municipais dispón a normativa referenciada no preámbulo deste regulamento.
Configúrase como órgano de participación con funcións de informe e, no seu caso proposta, en todas as cuestións referentes ás súas competencias, buscando a mellor solución para acadar un maior nivel de benestar posible, así como, a autonomía e integración social das persoas maiores do municipio de Lugo.

**Terceiro.-**

O Consello, que terá carácter consultivo e asesor nas materias relacionadas co seu ámbito, estará integrado por representantes das asociacións e colectivos de maiores, así como sindicatos maioritarios e grupos políticos que forman a Corporación Municipal, ademais de outros axentes implicados como son a universidade e as forzas e corpos de seguridade do estado (policía nacional e local).Ten como obxetivo instrumentar a representación, participación e a colaboración das persoas maiores do municipio na definición, aplicación, seguimento da planificación e ordenación dos servizos para a mellor atención das súas necesidades, así como para a defensa dos seus dereitos e a promoción do seu benestar.
Consonte o seu obxecto correspóndelle entre outros, a satisfacción dos seguintes fins:

1. Servir de canle de participación e diálogo cos organismos públicos e privados en asuntos de interese común para as persoas maiores.
2. Fomentar o desenvolvemento do asociacionismo e da participación das persoas maiores no noso municipio.
3. Potenciar a coordinación entre as institucións e entidades que actúan no ámbito das persoas maiores.
4. Promover a realización de estudios e investigacións sobre as persoas maiores.

5. Presentar iniciativas, propostas ou suxestións ás diversas Concellarías e/ou institucións.
6. Así mesmo, a Corporación municipal deberá solicitar informe ó consello de persoas maiores nos temas que considere pertinentes da materia tratada.
7. Calquera outro fin que contribúa a acadar o benestar, a autonomía e a integración social das persoas maiores do municipio de Lugo.

A consecución destes fins se atribúen sen menoscabo das funcións que lles correspondan a outros órganos de representación e participación legalmente establecidos.

**Visto.-**

**Primeiro.-** O informe do Servizo de Benestar Social de data 08/05/2024, polo cal se propón a iniciación do expediente para a Creación dun Consello Sectorial de Persoas maiores do Concello de Lugo, que é do seguinte teor literal:

> Ao obxecto de favorecer e impulsar a participación na xestión da Corporación da cidadanía e das asociacións nos asuntos municipais e a instancia de *Dona Olga López Racamonde,Concelleira Delegada de Benestar Social e Maiores*,considérase oportuno establecer, dentro do marco organizativo da Corporación, un **Consello Sectorial de Persoas Maiores**, cuxa finalidade será o Informe e proposta en relación coas iniciativas municipais relativas ao sector das Persoas Maiores, e, en particular, a tenor das previsións contidas no artigo 71 da Lei 5/1997,de 22 de xullo , de Administración Local de Galicia:
>
> a) Propor ao órgano competente fórmulas encamiñadas a resolver os problemas relacionados co ámbito das súas funcións.
> b) Emitir informes, a iniciativa propia ou do Concello, sobre materias da súa competencia.
> c) Emitir e formular propostas e suxestións en relación co funcionamento dos servizos e organismos públicos municipais.
> d) Exercer as demais de natureza semellante que determine o acordo de creación
>
> Por todo iso, proponse iniciar expediente para a constitución dun **Consello Sectorial de Persoas Maiores do Concello de Lugo**, dando traslado do acordo ás persoas interesadas, asociacións veciñais, asociacións do Sector de Maiores e os Colexios Profesionais relacionados có ámbito das persoas maiores, ao obxecto de que manifesten o seu parecer e achegas en relación coa proposta de creación deste órgano a fin de que,

posteriormente, se someta a proposta referida á consideración do pleno Corporativo, previo ditame da Comisión Informativa.

**Segundo.-** A apertura dun período de información pública, a través do taboleiro de anuncios do Concello de Lugo por un período de 20 días hábiles, dende o día 09/05/2024 ao 07/06/2024, da proposta de creación do Consello Sectorial de Persoas Maiores do Concello de Lugo.

**Terceiro.-** A única alegación presentada pola Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer de Lugo, de data 14/05/2024, pola que solicita ser membro do Consello Sectorial de Persoas Maiores.

**Cuarto.-** Resulta competente para a adopción deste acordo o Pleno segundo o artigo 123 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases de réxime local e o artigo 26 do Regulamento de Participación Cidadá municipal que refire que *"O Pleno do Concello poderá constituír consellos sectoriais por cada un dos sectores ou áreas da actividade municipal. Así mesmo, poderá acorda-la constitución dun consello consultivo das entidades cidadás, de carácter máis xeral"*.

**Con base no exposto, PROPONSE:**

**Primeiro.- Aprobar a creación do Consello Sectorial de Persoas Maiores do Concello de Lugo dependente da Concellería de Benestar Social e Maiores,** o cal se configura como órgano de participación, con funcións de informe e, no seu caso proposta, en todas as cuestións referentes ás súas competencias, buscando a mellor solución para acadar un maior nivel de benestar posible, así como, a autonomía e integración social das persoas maiores do municipio de Lugo.

2. <u>DITAME FAVORABLE</u> da Comisión Permanente Ordinaria de Dinamización Económica e Cohesión Social, emitido na sesión celebrada o día 21 de xuño de 2024.

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 24

| | | |
|---|---|---|
| - **Votos a favor**: | 24 | dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - **Votos en contra:** | 0 | |
| - **Abstencións:** | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

APROBAR a creación do Consello Sectorial de Persoas Maiores do Concello de Lugo dependente da Concellería de Benestar Social e Maiores, o cal se configura como órgano de participación, con funcións de informe e, no seu caso proposta, en todas as cuestións referentes ás súas competencias, buscando a mellor solución para acadar un maior nivel de benestar posible, así como, a autonomía e integración social das persoas maiores do municipio de Lugo.

**PROPOSICIÓNS**

15/119 **PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, NÚMERO 220/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA RECLAMAR O INVESTIMENTO DA PARTIDA ORZAMENTARIA ADICADA Á ROLDA LESTE NO BARRIO DA TINERÍA** (Exp. 2024/G004/000436)**.-** Vista a referida proposición cuxo texto é do seguinte teor:

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O proxecto da Rolda Leste sometido a exposición pública ao longo de marzo do 2023 mobilizou á veciñanza de Lugo ante a posibilidade de perda dun entorno natural importante para a cidade como é o Parque do Rato. A veciñanza mobilizouse contra o proxecto que o Goberno galego proxectaba, cun investimento próximo aos 20 millóns de Euros que eliminaría un dos pulmóns verdes máis importantes de Lugo para crear unha estrada que reduciría os tempos de desprazamento actuais en pouco máis de 3 minutos.

Desde o anuncio por parte do Goberno de levar adiante a construcción da Rolda Leste, desde o BNG reclamamos unha revisión do trazado, garantindo a protección do noso patrimonio natural, conseguindo o apoio do Pleno Municipal en febreiro do 2023. Tras o período de alegacións, a Xunta deunos a razón, e será preciso renovar a Avaliación de Impacto Ambiental do proxecto para adaptala á realidade actual, deixando caduca a antiga AIA datada de 2005, elaborada cunha normativa desactualizada hoxe en día.

Os preto de 20 millóns de euros adicados a este proxecto deberían ser reubicados na recuperación do proxecto de rehabilitación do Barrio da Tinería executado pola Xunta de Galiza entre os anos 2005 e 2009, retomando a recuperación dun dos barrios máis antigos da cidade que leva en estado de abandono 15 anos. Este abandono pode verse nas excavacións arqueolóxicas da UI-7, un espazo actualmente valado cun peche metálico que produce un importante impacto visual no que debería ser unha das zonas máis coidadas da cidade, unha zona que

podería ser un centro de investigación e un polo de atracción de visitantes para a cidade

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do BNG propón ao pleno da Corporación o seguinte **ACORDO:**

Instar á Xunta de Galiza a investir os preto de 20 millóns de euros previstos para a execución da Rolda Leste na recuperación do barrio da Tinería e a posta en valor da riqueza patrimonial que o conforma.

Visto, así mesmo, a emenda a referida proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, número 259/2024 de Rexistro de Pleno, que foi rexeitada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, autor da proposición.
Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 24

| | | |
|---|---|---|
| - **Votos a favor**: | 12 | dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - **Votos en contra:** | 12 | do Grupo Municipal do Partido Popular |
| - **Abstencións:** | 0 | |

Efectuada nova votación con idéntico resultado e, en virtude do voto de calidade da Excma. Sra. alcaldesa-presidenta, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA:**

INSTAR á Xunta de Galiza a investir os preto de 20 millóns de euros previstos para a execución da Rolda Leste na recuperación do barrio da Tinería e a posta en valor da riqueza patrimonial que o conforma.

## DELIBERACIÓN

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Pois ten a palabra o voceiro do Bloque Nacionalista Galego, don Rubén Arroxo.

**-RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Grazas e moi bo día. E moi bo día ás veciñas das parroquias do entorno de Coeses que están hoxe aquí, pois, manifestándose.
Ben, hai en torno a un mes recibiamos a nova de algo que dende o BNG levabamos tempo afirmando, que era que o estudo de impacto ambiental que se fixo para a rolda leste non era válido.
Non era válido porque era un estudo que tiña xa na práctica 20 anos. Durante 20 anos mudou moitísimo a lexislación vixente, sobre todo a lexislación medioambiental. Houbo cambios nas proteccións de todos eses entornos. E tamén

houbo cambios, evidentemente, no que é a concepción social e de como se queren crear os espazos urbanos e a súa contorna dos espazos urbanos.
Temos que ter en conta, ademais do deseño que se tiña daquelas do futuro da cidade de Lugo. Hai 20 anos debatíase de se Lugo podía chegar a ser unha cidade de 300.000 habitantes, algo que hoxe en día sabemos que, evidentemente, non se vai conseguir neste século e que polo tanto, pois, moitas das infraestruturas que se contemplaban naquel momento sabemos que a día de hoxe pois xa non van ser necesarias.
Hoxe o entorno do Rato, o entorno do Miño, toda a reserva ... que temos aí no entorno da cidade de Lugo pois son espazo verdes, de bosque autóctono, polos que calquera cidade investiría millóns e millóns para poder conseguir. Nós témolo aí porque naceron aí, porque se mantiveron aí durante moitos anos e hoxe temos a obriga de podelos consersar.
Son espazos moi utilizados pola poboación de Lugo, moi desfrutados pola poboación de Lugo e que a día de hoxe tamén fai que, precisamente, haxa un cambio de conciencia a este respecto.
Cando saíu esta noticia, puidemos ver, ademais con postos informativos, con xuntanzas, como a practicamente totalidade da sociedade lucense apostou por defender precisamente o entorno do parque do Rato.
Apostou por defender eses bosques autóctonos que entendían que era algo único da nosa cidade e que debíamos manter.
Por iso cando nos poñemos sobre a mesa ante a pregunta de que é mellor, se conservar todo iso, ou facer unha autovía, que o único que vai facer é permitirnos aforrar 3 minutos o día que teñamos que ir dende a rotonda do Carqueixo ata a rotonda da Tolda, pois practicamente a totalidade da sociedade lucense di que prefire manter o bosque autóctono que hai ao redor do parque do Rato.
Ben, ante isto tempos una situación agora de que hai orzamentados nos orzamentos da Xunta en torno a 20 millóns para utilizar, precisamente, para a execución dunha rolda leste que nós entendemos que non se vai poder facer. E dende logo, cremos que non se ten que facer. Hai en torno a 20 millóns que teñen que ser destinados a Lugo, para cumprir cos compromisos que tantos anos se levan paralizando coa cidade de Lugo. E un deles dende logo é a rehabilitación.
Unha rehabilitación, por certo, que sempre cómpre lembrar que grazas ao traballo que se fixo no período dous mil cinco dos mil nove, foi incluso premiada co premio ou no hábitat e que se dá en Dubai todos os anos para as boas prácticas a nivel urbanístico a nivel medioambiental, foi premiado por iso é xusto cando foi premiada, paralizouse e toda obra que había de rehabilitación daquel ano dous mil nove ca chegada do Partido Popular. O Goberno da Xunta fai que hoxe calquera persoa que deu un paseo pola muralla e mira cara adentro, vexa o que as vergoñas da cidade que como o barrio máis antigo da nosa cidade, un barrio con tres patrimonios da humanidade se atopa cunha cantidade enorme de edificios, algúns con altísimo, valor patrimonial e totalmente en ruínas dende hai xa quince anos. E non nos vale iso de que o Concello axilice as licenzas, porque, evidentemente, non hai ningunha licenza leve 15 anos paralizada, senón que hai 15 anos de parálise no investimento.

Polo tanto, cremos que esas partidas de 20 millóns que ten a Xunta para a rolda Leste, que en vez de destinarse a destruír un patrimonio natural único que temos na cidade de Lugo, como é ese entorno do Rato, lembrando ademais que Lugo é a única cidade do Estado que é Reserva da Biosfera, que iso é algo que temos que seguir promovendo, pois que se destine a algo tamén case único, que é un dos poucos barrios que teñen tres patrimonios da humanidade, como é o barrio da Tinería, que remate a súa rehabilitación, que poidamos ter pois xa un barrio cunha vista e unha paisaxe adaptada a unha rehabilitación urbana acorde para a cidade de Lugo e, polo tanto, que poidamos desfrutar del tanto veciños e veciñas da nosa cidade como as persoas que se achegan a visitalo.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Ten a palabra a voceira do Partido Socialista, Ana González Abelleira.

**-ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA:** Grazas, señora alcaldesa. Empezar saudando á veciñanza das parroquias afectadas polo proxecto de implantación da planta de biometano que está estes días en voz e no sentimento de todas e todos. Moi benvidos e benvidas tamén aos compañeiros e compañeiras.
Pois para continuar no argumento que comentaba o compañeiro do Bloque Nacionalista Galego, temos moitas cousas pendentes en Lugo coa Xunta de Galicia.
Esa avaliación do impacto ambiental que non se adaptou no seu día, que se solicitou xa hai moitos meses e aínda non chegou. A rolda leste, con ese retraso de 15 anos que agora non vale ese proxecto, porque non se adapta á realidade. Eses 20 millóns de euros que non sabemos en que vai investir a Xunta de Galicia, porque dende logo, que na rolda Leste, tal como e establecen os seus orzamentos, non.
Estamos en xuño e non se van poder gastar eses cartos. Pero son débedas históricas do Partido Popular, da Xunta de Galicia para Lugo. O Plan Paradai, a rolda Leste, o Museo da Romanización, as vivendas públicas, as garderías, escolas infantís, as residencias de maiores.
Pero para o PP, Lugo sempre ten que perder.
E ademais desas competencias impropias que fun nomeando, o Concello de Lugo leva investido ou inviste todos os anos máis de 13 millóns de euros nesas competencias que tería que asumir a Xunta de Galicia. Comedores escolares, os que mencionaba: escolas infantís, centros de día, axudas ao alugueiro, axudas para a vivenda, etcétera.
Entendemos moi acaída esta proposta, que no seu día xa debatemos porque non podemos seguir perdendo investimento en Lugo. E xa estamos fartas de que esta forma de actuación da Xunta de Galicia, na que venden orzamentos e saen contándonos que todos os anos van investir millóns e millóns e millóns en infraestruturas para Lugo, en proxectos específicos, e todos os anos temos a mesma consecuencia.
Que Lugo perde investimento. Ano tras ano. Imaxínense. 24 anos de parálise do plan Paradai, todos os anos adxudicando unha cantidade, multipliquen por 24 anos a pila de millóns que poderían ter investido en Lugo.

Eu xa non sei se pensar se é inacción da Xunta de Galicia ou xa é mala fe, pero para o PP, Lugo ten que perder sempre.
Despois veñen cunha emenda que logo nos dirán se é aceptada ou non, na que pretenden substituír o punto de acordo da proposta do Bloque Nacionalista Galego, instando ás administracións públicas a que cheguen a consenso e que axilice os trámites urbanísticos.
Oian, señores e señoras do Partido Popular, levamos desde o mes de novembro esperando por informes necesarios para axilizar eses trámites. Así que, volvo dicir o mesmo, inacción ou mala fe.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Polo Partido Popular, señora Sanz.

**-CRISTINA SANZ ARIAS:** Gracias, alcaldesa. Buenos días, compañeros y compañeras. Trae el BNG una iniciativa a este pleno municipal mediante la que insta a la Xunta de Galicia a que deje de invertir los 20 millones de euros previstos para la Ronda Este y los destine a la rehabilitación del barrio de la Tinería.
Miren, respeto a la intervención de la portavoz del Partido Socialista, simplemente decirle que parece que se confundió de iniciativa. No le voy a dedicar mucho más tiempo. Respeto al BNG, con todo el respeto, pero traigo una propuesta que en lenguaje popular se dicía que es "desvestir un santo para vestir otro".
Están pidiendo que la Xunta deje de realizar uno de los proyectos más importantes desde el punto de vista del volumen de inversión que tiene previsto para esta ciudad.
Están renunciando a un compromiso firme, adquirido por el Gobierno gallego para cerrar el cinturón de circunvalación de la ciudad en un momento que es absolutamente prematuro tomar esa decisión.
Porque, señores concejales, el largo periplo que lleva vivido el proyecto de la ronda Este nos lleva a día de hoy a volver a la casilla de salida, con todo por decidir y con todas las decisiones por tomar.
¿Entonces cómo renuncian ya a un proyecto que ninguna de las personas que estamos sentadas en este pleno conocemos como va a quedar? ¿Les parece ser esa la manera de trabajar, porque a nosotros no nos parece?
Por este motivo, y dado que desde este grupo municipal no apoyaremos en principio ninguna iniciativa que suponga perder inversiones en nuestra ciudad, presentamos una enmienda.
Enmienda mediante la que apoyamos la realización de inversiones al barrio de la Tinería, por supuesto, sin que esta actuación suponga renunciar a otro proyecto, a cualquier proyecto que pueda interesar a esta ciudad.
Y también una enmienda en la que instamos a que el gobierno municipal haga su trabajo como más adelante esperaré.
Es decir, y para que quede muy claro. Estamos de acuerdo con que la Xunta invierta en el barrio de la Tinería, pero también estamos de acuerdo con que la Xunta invierta en la Ronda Este siempre que se alcance un proyecto de consenso, un proyecto de trazado, consensuado con la sociedad lucense.

Por el contrario, como decía, con la iniciativa tal como el BNG la propone, se da por descontado que ustedes ya renuncian a la construcción de esta infraestructura. Y respecto a este posicionamiento, señor Arroxo, yo le pediría dos cosas. Le pediría coherencia y le pediría paciencia.
Coherencia porque, dicho con todo el respeto del mundo, pero tiene mucha facilidad para cambiar de opinión. No recuerda la visita de su lideresa hace pocos años a una cafetería muy cercana donde nos encontramos ahora, donde decía la señora Pontón: apoyaremos, pelearemos en el parlamento por la Ronda Leste y por la Tinería. Por los dos proyectos. Decía la señora Pontón que defendería que aquellos proyectos que afectasen a Lugo tenían que pasar del papel a los hechos. Y ponía, tanto la Ronda Este como la Tinería como ejemplo.
¿O no recuerda las mociones debatidas en este Concello el 31 de octubre del 19 o el 29 de abril del 21, con el voto a favor del BNG y por tanto con el voto a favor del señor Arroxo? En las mociones en las que se concluya literalmente, primero, que la ejecución de este acceso era imprescindible para la movilidad local y era imprescindible desde la apertura de [...] y, segundo, que la Ronda Este cumplía una función fundamental para descongestionar el tráfico en determinados puntos del casco urbano y periurbano. Pero, de nuevo, oh sorpresa, cambia la opinión del BNG, cuando menos de dos años después el mismo teniente de alcaldesa, el señor Arroxo, que había votado a favor de lo imprescindible de esta infraestructura, pues declaraba que, literalmente, al finalizar los 2,8 kilómetros pendientes, implicaría destruír más de un kilómetro de terreno en las inmediaciones del río Rato.
O cuando su compañero del Parlamento de Galicia, el señor ..., en la exposición de motivos, en la pregunta de control de gobierno, decía que este trazado supondría la destrucción del contorno del río Rato, especialmente de su robledal, en plena reserva de la biosfera.
Pido coherencia porque lo que antes defendía ahora renuncian a ello.
Y, como les decía, también les pido paciencia. Paciencia para tomar decisiones con rigor y seriedad, paciencia para no tomar decisiones antes de tiempo. Y pido paciencia porque a día de hoy, junio del 24, nadie conoce cómo quedará el proyecto y por tanto de lo que desconocemos no se puede opinar.
Y para contextualizar, voy a hacer un brevísimo repaso a la historia de la infraestructura.
Entiendo que los 20 millones de euros a los que hacen referencia en su iniciativa se refieren al presupuesto inicialmente previsto en el año 21, fecha en la que se licitó el contrato de actualización del proyecto.
En aquel momento, en el trámite de información pública tanto Concello como Diputación como organizaciones vecinales se manifestaron en contra por su afectación al Rato, a pesar de quedaba minorada con respecto al proyecto inicial y minorada al respecto en lo previsto en el Plan Xeral de Ordenación Municipal de Lugo.
Bien, ante esta situación la Xunta invitó al Concello a formular una propuesta de trazado alternativa sobre la que trabajar, invitación que el Concello rechazó.
Ya estamos acostumbrados a esta manera de trabajar del gobierno del Concello respecto al gobierno de la Xunta. Critican pero no proponen.

Bien, en cualquier caso la Xunta siguió trabajando y en octubre del 23 anunció que este proyecto sería sometido a una nueva declaración de impacto ambiental con el objetivo de buscar un trazado de consenso en el cierre del cinturón de circunvalación de nuestra ciudad, nueva declaración que en este momento está en fase de redacción con el fin de poder someterlo a información pública en octubre de este año. Así que paciencia, señores concejales, estamos en junio. Seamos serios y esperemos...

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora Sanz. Ten a palabra o voceiro do BNG, don Rubén Arroxo.

**-RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Grazas. A ver, é que hai cousas que eu non dou crédito.
Ou sexa, hai unha cuestión tan ridícula neste proceso, como que é que a Xunta lle convidase ao Concello a decidir ou a propor un trazado alternativo. Ata onde imos chegar? Que agora cando se constrúan autovías cada Concello vai decidir: Non, eu quero que me pase por aquí, eu quero que me pase por alá.
Evidentemente, cando é un proxecto doutra administración terá que ser a outra administración a que diga por onde ten que pasar. Porque senón é que a cada un lle pasará por onde lle coincida. Evidentemente, non? Non é o Concello quen ten que facer isto.
Non é o Concello quen ten que facer isto. Senón, imaxinémonos, unha autovía, irá facendo unhas eses criminais, porque a cada un lle interesará que pase por onde lle cadre.
Ben, o que está aquí pedindo, e a parte dicía e preguntábase se o que se pedía era que non se fixese a Rolda Leste. Aquí o que se está pedindo é unha pregunta, que hai sobre a mesa, que a poboación de Lugo ten sobre a mesa, e ademais moi maioritariamente ten a súa resposta, que é que se prefire. Que se aforren tres minutos entre a rotonda do Carqueixo e da Tolda, unha opción, que se aforren tres minutos, porque son 3 minutos, ou que se conserve toda contorna autóctona natural que temos no entorno do Rato.
Esa é a pregunta. Que é o que se prefire: Tres minutos ou conservar toda esa contorna natural única, de cidade única, como o que temos en Lugo. Porque son tres minutos o que se vai aforrar, tres minutos. E poden comprobalo en calquera momento.
E non, non hai que perder nin un só euro. Non hai que perder nin un só euro. Eses 20 millóns pódense facer unha modificación de crédito para que vaian destinados á rehabilitación da Tinería. Pódese facer se hai vontade política. O que pasa é que o Partido Popular non ten vontade política ningunha en rehabilitar a Tinería, e o leva demostrando 15 anos. Porque o plan de rehabilitación da Tinería estaba preparado para ser rematado no ano 2014. Estamos no 2024 e non se fixo practicamente nada nestes últimos 15 anos.
E practicamente nada é practicamente nada. Polo tanto, o que pasa aí é que non hai vontade. Ese é o problema, que non hai ningún tipo de vontade.

E, polo tanto, isto é unha cuestión de tomar unha decisión política e non de buscar facer ruído nin buscar outro tipo de cuestións.
É unha cuestión de vontade política. Que se quere, por un lado, salvar o Rato ou non? É unha pregunta. Hai que decidilo. Senón non se quere, pois non ser quere, é unha opinión.
A nosa é que si, que se debe salvar esa contorna.
A do Partido Popular é que non. Pois é que non, non pasa nada. Podemos opinar diferente, non?
E ademais opinades diferente do 99% da poboación de Lugo, creo a día de hoxe.
E a outra é. Que se quere? Rehabilitar a Tinería ou non? Porque aquí se di. Non, non. Se nós estamos a favor de rehabilitala, pero levamos quince anos sen meter un can aí.
Pero estamos a favor, eh. Estamos a favor, o que pasa é que non facemos nada.
Home, estar a favor así de que se rehabilite por unha cuestión divina, pois non vai funcionar.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Ten a palabra a voceira do Partido Socialista, Ana González Abelleira.

**-ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA:** Bueno, do seu discurso estanos pedindo tres cousas: consenso, paciencia e competencia. É dicir, a competencia, que é da Xunta, pídenola ao Concello de de Lugo, porque claro, está acostumado á Xunta de Galicia, a que se lle faga o traballo e vivir e vender os esforzos das demais administracións.
Consenso, cunha xustificación continua da inacción da Xunta de Galicia. É dicir, que consenso hai que facer cando se está esperando por un informe de impacto ambiental actualizado, no que é necesario para establecer os novos trazados que ten que facer a Xunta de Galicia.
E paciencia. Se lle parece pouco levar 15 anos esperando, nalgún caso 25, a que se fagan as cousas, eu creo que falta acción da Xunta de Galicia e xa está ben de botarlle a culpa aos concellos que temos as competencias moi demostradas e ademais asumimos responsabilidades que non nos son propias. Por iso se queren facer, fágano.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Ten a palabra a señora Sanz.

**-CRISTINA SANZ ARIAS:** Muchas gracias. Yo no digo que lo que vayamos a hacer... Digamos... Esperemos a conocer el proyecto y aí tomemos la decisión y ese debate que tenemos en junio a lo mejor lo tenemos que tener en octubre.
Señor Arroxo, recordarlle que la Ronda Este está contenida en el Plan Xeral de Ordenación Municipal, su trazado.
Y señora Abelleira, realmente no me queda claro con sus intervenciones el posicionamiento del Partido Socialista respeto a si se debe o no ejecutar ese proyecto.

Bueno, en cualquier caso en esta segunda parte quería hablar del barrio de la Tinería, que es uno de los barrios más bonitos de esta ciudad.
Uno de los barrios cuya recuperación siempre contará con el apoyo de este grupo municipal y con el apoyo del gobierno gallego, a pesar de las declaraciones un poco tendenciosas que vienen en el texto de la iniciativa y que normalmente utiliza el grupo del BNG en sus declaraciones públicas.
Miren, por una parte la Xunta de Galicia lleva años rehabilitando edificios y adjudicándolos a jóvenes en régimen de alquiler, a jóvenes menores de 35 años que dan vida al barrio residiendo ahí. De hecho, desde el año 2001 el Gobierno gallego lleva invertido más de 26 millones de euros en la recuperación de la Tinería.
Y les voy a dar algún dato que desmiente lo defendido por ustedes de que la rehabilitación del barrio es gracias a la actuación del bipartito cuando estuvo en la Xunta de Galicia, porque antes de agosto de 2005, cuando ustedes entraron la Xunta ya había adquirido 51 inmuebles y licitado obras en 36 viviendas. Y también redactado proyectos en otras 43 vivendas, que posteriormente estas últimas sí licitaría el bipartito, pero con proyectos redactados durante un gobierno popular en la Xunta.
Por su parte, el bipartito adquirió tan solo cuatro inmuebles, respeto a dos de los cuales ya había opción de compra. Y licitó, como acabo de decir, las 43 viviendas, pero proyectadas por un gobierno popular.
Así que, por favor, no se pongan medallas o premios que no les corresponden o que al menos deben compartir.
Bien, en cualquier caso actualmente está finalizada ya la rehabilitación de 96 viviendas, todas ellas adjudicadas, 26 locales en planta baja y dos edificios de oficinas.
Pero de todos modos si están tan preocupados por la recuperación del barrio, aprovecho este debate para pedirles que colaboren para que otras iniciativas que tienen desde la Xunta puedan ejecutarse cuanto antes.
Me refiero a la rehabilitación de inmuebles de indudable valor patrimonial, como es el Pazo de doña Urraca, donde la Xunta está esperando a que el Concello apruebe y someta el plan a información pública y consultas a las administraciones afectadas.
O me refiero a la Casa da Torre, propiedad de Turismo de Galicia, que ya estuvo en este pleno esta mañana. Estamos, en resumen, en una obra con la licencia solicitada en el año 2000 y con la obra adjudicada a finales de ese con un importe de 500.000 euros.
El tiempo es limitado, el proceso fue muy largo, hubo muchos problemas, pero solo les digo que, pase lo que pase, a día de hoy estamos en junio del 24 y a día de hoy la licencia está sin conceder aunque parece que ya va en camino.
Pero cuatro años y está sin conceder, y, por tanto, ese inmueble sin rehabilitar.
¿Señores del BNG, realmente para qué quieren 20 millones de euros si no son capaces de ejecutar 500.000 euros en el plazo de 4 años?
Acabo ya. Hagan caso a su lideresa. Peleen porque se realice en nuestra ciudad todas las inversiones posibles, por que se invierta en la Rolda Leste si finalmente hay una iniciativa de consenso y que se invierta a su vez en la Tinería...

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora Sanz. Ten a palabra o voceiro do BNG, don Rubén Arroxo.

**-RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** O Pazo de dona Urraca sae aquí. O Pazo de dona Urraca tiña adxudicado o seu proxecto e cando o Partido Popular chegou á Xunta pagou unha indemnización para que non se fixese. E por iso temos esa xoia de mil anos así en ruínas. Porque pagou para que non se fixese.
E, mira, si, a Xunta investiu 26 millóns en 23 anos, dos cales 21 deses 26. 21 en tres anos e medio de goberno bipartito, dos vinteseis, 21 en tres anos e medio.
E o resto, pois outros cinco no resto deses 23 anos que son 20 anos máis. Polo tanto, a ver, non nos fagamos trampas ao solitario, que todo o mundo sabemos o que hai. Todo o mundo... É que aquí a xente que vivimos en Lugo sabemos como está a Tinería e sabemos como todo este tempo paralizado.
Polo tanto, evidentemente, non imos aceptar esta emenda, que realmente é unha absurdeza, e o que imos seguir defendendo é que se rehabilite a Tinería, que se invista cartos na Tinería, e dende logo que se salve o entorno do Rato.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Pois creo que ten moi mala información, señora Sanz, fundamentalmente no ámbito urbanístico.
Quero dicirlle que o hospital de San Miguel ou a chamada a Casa Torre, o que trataba de dicir a voceira do Partido Socialista e voullo expor é que dende o 6 de novembro deste ano estamos á espera de que aporten a documentación definitiva. A Xunta de Galicia.
Levamos dende os 6 de novembro. Inda o outro día de palabra nunha reunión que tivemos co IGVS, o Instituto Galego de Vivenda e Solo, así xa llo reclamei. Levamos desde o 6 de novembro á espera desa documentación. É unha pena que non teñamos xa... Nós xa fixemos o noso traballo, fáltanos iso.
E pode preguntalo. Pode coller o teléfono e preguntalo, porque estiven o outro día co Instituto Galego da Vivenda e Solo e foi así. Nós demandámoslle que mandase esa documentación, porque temos moito interese precisamente nesa rehabilitación, pero está no tellado de Instituto Galego da Vivenda e Solo, que como vostede ben sabe, depende da Xunta de Galicia ou pertence á Xunta de Galicia.
De Dona Urraca non teño máis que decir que acaba de dicir o voceiro do Bloque Nacionalista Galega. E tamén lle falo de licencias que están pendentes neste momento, por exemplo, na rúa Catedral. Estamos na mesma situación esperando que xustifique determinadas cuestións urbanísticas e seguimos esperando por elas.
Dígolle que estiven a reunión esta mesma semana co Instituto Galego de Vivenda e Solo. Estiven reclamando toda esa documentación para poder avanzar na Tinería. Para poder avanzar na Tinería, porque si que estou de acordo coa voceira do Partido Socialista, que di que sempre que se avanza en Lugo ao Partido Popular séntalle mal. E parece mentira, porque nós temos que ter todos e todas temos que loitar pola nosa cidade. Todas e todos, independentemente da cor, pero o que está claro é que vostedes levan a máxima aquela de M. Raxoi. Canto peor, mellor.
Entón, eu creo que si, eu cada día estou máis convencida. A praia fluvial... Calquera cousa que propoñamos é non, pero no concello de lado é si.

Polo tanto, eu creo que aquí o que están rimando son as cores, o interese político. Os veciños non interesan nada, non se quere que se avance en Lugo, non queren que avance Lugo. Teñen un interese verdadeiramente importante en que Lugo non avance. Iso é o que teñen que saber os nosos veciños. Tamén somos uns especialistas e uns auténticos expertos no engano, na terxiversación, como pasa no caso de cousas que despois veremos. Son uns auténticos, pero uns auténticos malabaristas e artistas, e temos que dicilo así.
Neste caso non se renuncie a ningunha infraestrutura. Nós loitaremos por todas, loitaremos por todas, distinto é que se estea loitando tamén por esa.
E estamos esperando esa avaliación de impacto ambiental, que vostedes mesmos, recordo, aquela comparecencia da conselleira Ethel Vázquez, anunciando aquel proxecto, que era un auténtico despropósito como se está vendo, e insistindo nós en que esa avaliación de impacto ambiental estaba caducada, que era do ano 2005, coa normativa cambiara totalmente e non querían atendelo.
Ao final tiveron que recuar, pero seguimos esperando. Levamos un ano esperando por ese impacto da avaliación ambiental. E non se vai producir neste ano. E todo o que orzamentaron neste ano para esa rolda Leste non o van executar.
E que pasa con ese diñeiro? A onde vai? Dende logo non a Lugo. Se non o executa irá á bolsa común de toda Galicia, pero a Lugo non.
Polo tanto, anuncian unhas inversións que despois non executan en Lugo. E vostede sábeo, señora Sanz, que disto si que sabe. Polo tanto, paciencia temos moita, como dicía a voceira, paciencia temos moita, como dicía o voceiro do Bloque, pero a paciencia acábase.
A parte, estamos moi cansos de que nos tomen por parvos. E sobre todo que tomen por parvos aos veciños e veciñas. Imos votar esta proposición.

16/120 **PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 221/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTARLLE AO CONCELLO DE LUGO E Á XUNTA DE GALICIA A VELAR POLO ESTRITO CUMPRIMENTO NORMATIVO NO PROXECTO DA PLANTA DE XESTIÓN DE RESIDUOS ORGÁNICOS E BIOMETANIZACIÓN (Exp. 2024/G004/000443).-**

Vista a citada proposición, cuxo teor é o seguinte:

O pasado 29 de maio publicouse no DOG o anuncio público do proxecto dunha planta de xestión de residuos orgánicos e biometanización tras a súa exposición pública. Trátase dun proxecto que se radica no término municipal de Lugo, concretamente na parroquia de Coeses, e que está suscitando o interese e, incluso, a preocupación, de veciños da contorna.

Dende o Grupo Municipal do Partido Popular, mantivemos unha reunión con veciños das parroquias da contorna que nos trasladaron as súas inquietudes respecto a esta iniciativa.

Evidentemente, todos os grupos e os veciños teñen interese en todos os proxectos que aporten riqueza e emprego no municipio, pero hai o deber de garantir o cumprimento mais estrito da normativa. Para isto, o Pleno debe instarlles a todas

as administracións implicadas, dende a Xunta de Galicia, a Confederación Hidrográfica Miño-Sil (se ten afectación a cauces) pasando polo Goberno central ou, mesmo, Concello e Deputación  a que velen porque todos os proxectos proxectados no noso municipio garantan un estrito cumprimento legal.

Por todo isto, o Grupo Municipal del Partido Popular considera de interese municipal que o Pleno da Corporación Municipal ACORDE:

Instarlles ao Concello de Lugo, Confederación Hidrográfica Miño-Sil, Xunta de Galicia e demais administracións implicadas a velar polo estrito cumprimento da normativa de aplicación no proxecto da planta de xestión de residuos orgánicos e biometanización, con especial atención a aquelas de carácter medioambiental.

E tendo en conta, a emenda presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, número de Rexistro de Pleno 257/2024, non que se propón engadir ao punto de acordo da súa proposición o seguinte parágrafo: "instar ás administracións competentes a estudar as alegación presentadas e conforme á lei sexan atendidas e tidas en conta."

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación co engadido introducido pola emenda, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 24

| | | |
|---|---|---|
| - **Votos a favor**: | 24 | dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - **Votos en contra:** | 0 | |
| - **Abstencións:** | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Instarlles ao Concello de Lugo, Confederación Hidrográfica Miño-Sil, Xunta de Galicia e demais administracións implicadas a velar polo estrito cumprimento da normativa de aplicación no proxecto da planta de xestión de residuos orgánicos e biometanización, con especial atención a aquelas de carácter medioambiental.

SEGUNDO.- Instar ás administracións competentes a estudar as alegación presentadas e conforme á lei sexan atendidas e tidas en conta.

**DELIBERACIÓN**

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Polo Partido Popular, que é o propoñente, señor Cabarcos.

**-RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ:** O grupo municipal do PP presenta para o seu debate a aprobación polo Pleno da Corporación Municipal a seguinte proposición.
O pasado 29 de maio publicouse no DOG o anuncio público do proxecto dunha planta de xestión de residuos orgánicos e/ou metanización tras a súa exposición pública. Trátase dun proxecto que radica no termo municipal de Lugo, concretamente na parroquia de Coeses e que está suscitando interese e incluso a preocupación dos veciños da contorna.
O grupo municipal do Partido Popular mantivo reunións informativas cos veciños das parroquias da contorna, das que trasladaron as súas inquedanzas respecto a esta iniciativa.
Evidentemente, todos os grupos e os veciños teñen interese en que todos os proxectos que aporten riqueza e emprego no municipio, pero temos o deber de garantir o cumprimento máis estrito da normativa.
Para iso, o pleno debe instar a todas as administracións implicadas, dende a Xunta de Galicia, Confederación Hidrográfica Miño-Sil, pasando polo Goberno central, ou mesmo o Concello e a Deputación, a que velen porque todos os proxectos do noso municipio garantan un estrito cumprimento legal.
Por todo elo, o grupo municipal do Partido Popular considera de interese para o pleno da Corporación que acorde ao contido da presente proposta, que vai completada coa seguinte addenda, que xa está rexistrada:
Instar ao Concello de Lugo e a Xunta de Galicia a velar polo estrito cumprimento normativo do proxecto da planta de xestión de residuos orgánicos e biometanización e instar ás administracións competentes a estudar as alegacións presentadas e conforme a lei sexan atendidas ou tidas en conta.
Podemos aclarar que estas alegacións ás que se refire a nosa proposición e addenda, que son as máis xustificadas que podemos atopar, pasan de xeito resumido polos seguintes aspectos.
As posibles afeccións sobre a atmosfera e a saúde humana, as posibles afeccións derivadas das emisións de gases contaminantes e cheiros, ou incluso vertidos líquidos ás posibles afeccións aos recursos empregados naturais no proceso, como é a auga, as posibles incompatibilidades do biometano obtido, as posibles dificultades de control dos olores na descarga da materia prima, as posibles dificultades para o tratamento e eliminación dos lodos e as posibles dificultades para o tratamento e a eliminación doutros residuos menores.
Por isto solicitamos o rexeitamento dunha posible declaración ambiental integrada favorable, entendendo que puidese non dar cumprimento á lexislación vixente.
Dado que non existe ambigüidadena nosa proposta, esperamos o voto unánime e favorable da corporación.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Cabarcos. Ten a palabra o voceiro do Bloque Nacionalista Galego, o señor Arroxo.

**-RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Grazas, de novo saúdos aos veciños e veciñas das parroquias afectadas por esta planta, tanto ás que estades e aos que estades aquí, como á xente que está agora mesmo fóra. Porque hai escasas semanas víamos que saía precisamente a exposición pública este proxecto, un proxecto para tratar restos orgánicos de orixe animal para facer, entre outras cousas, gas metano.
Nós dende o BNG dende o minuto un, pois ante a preocupación que se nos achegaba dende a veciñanza do entorno, pois reunímonos, fixemos reunións, estivemos alí, pois para escoitar o seu malestar e ver que se podía facer.
Colaborando na hora de facer as alegacións e instándoo a unha serie de iniciativas no propio Parlamento galego, que é realmente onde vai ter a capacidade para poder parar este proxecto.
Un proxecto que, cómpre dicir, por moito que poida cumprir a normativa medioambiental no proxecto, temos que ter en conta que o papel terma de todo, ademais un proxecto que pode estar moi ben redactado e que pode facer que pase todas as normativas medioambientais... Outra cousa é o que vai pasar despois. Pero que o propio proxecto xa recoñece de por si que esa fábrica vai xerar importantes cheiros, importantes cheiros que probablemente teñan un radio de afectación de varios quilómetros.
Polo tanto, vai haber centos para non dicir miles de veciños e veciñas que van ter eses cheiros constantemente na porta da súa casa.
É un proxecto que cómpre lembrar que foi declarado de interese prioritario pola Xunta de Galicia no ano 2021, en outubro de 2021, unha decisión que se pode tomar ou non e que naquel momento a Xunta así tomou.
E isto é darlle xa alfombra vermella para que se poida facer, que foi o que aconteceu alí. Iso é darlle alfombra vermella para que se poida facer, porque se lle dá esa declaración de interese como se lle está a dar a outro tipo de proxectos ao longo do país. E na proposta que se trae aquí o Partido Popular ten unha parte lóxica, que é que se lle insta á Xunta a que faga todo o posible para que se paralice. E incluso, se me descuido a Confederación Hidrográfica, porque evidentemente pode ter afectación a algún tipo de cauce fluvial, pero é curioso que se fale do Concello e incluso se chegue a falar da Deputación Provincial, e que non se fala do Principado de Asturias porque non collía no texto, porque é que realmente postos a disparar podíase coller aquí a todo a todo o mundo.
Esta moción, realmente, e eu creo que a xente o sabe, isto é unha chafallada. E eu aquí, nós imos votar a favor, pero é unha chafallada porque realmente se está pedindo que se fagan ben as cousas, que aparezan ben no papel e que se cumpra coa legalidade.
Que si, eu estou convencido que no proxecto se vai cumprir coa legalidade. No proxecto, outra cousa é o que vai pasar despois.
Polo tanto, nós imos presentar unha emenda de engádega que espero que o Partido Popular acepte, porque se non acepta o que imos facer é presentar unha moción no vindeiro pleno con este texto, exactamente, que di o seguinte:
A corporación municipal solicítalle á Xunta de Galicia que promova a paralización da planta de biometano en Coeses. Que promova a paralización. O que non nos vale é que... Non, que cumpran a legalidade... Que fagan o proxecto bonito, que

teña unha portada moi chula e que pareza que aquilo é moi verde. Non, que se paralice. O que ten que facer a Xunta é utilizar as súas armas, que as ten, para paralizar este proxecto.
E hoxe presentamos esta emenda. Se o Partido Popular realmente está en contra, aceptará a emenda, senón o que faremos dende o Bloque Nacionalista Galego é mañá mesmo presentar unha moción para o pleno do vindeiro mes para que vaia con ese texto.
E ante iso, tamén, queremos dicirvos aos veciños e veciñas que dende logo imos estar ao voso lado porque esta é unha auténtica inxustiza, que se leve iso para aí e, polo tanto, en todo o que haxa que loitar e presionar pois aí estaremos. Así que moitas grazas.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Arroxo. Ten a palabra voceira do Partido Socialista dona Ana González Abelleira.

**-ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA:** Moitas grazas. Por seguir un pouco co argumento. É verdade que esa declaración de proxecto empresarial prioritario declarada no seu día o 7 de outubro de 2021 polo actual presidente da Xunta de Galicia condiciona os requirimentos, os permisos, as autorizacións doutros proxectos empresariais que non son prioritarios.
Eu estou totalmente de acordo coa engádega que propón o Bloque Nacionalista Galego, porque así llo trasladamos tamén á veciñanza, que a pelota está no tellado da Xunta de Galicia. É dicir, se lle interesa ou non impulsar ou rematar este proxecto.
Preguntaba o señor Ameijide, sen micrófono. Pero quen ten que asinar despois a licencia urbanística? Entón a pretensión, entendo mellor a pretensión da proposta do Partido Popular, que por certo, recórdolle que hai un ordenamento xurídico, unha lei de procedemento administrativo que obriga por si a todos nós e a todas as administracións, a cumprir a lei.
Pero que estamos? Pero iso xa é... Non estou debatendo con vostede.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Silencio. Por favor, señor Ameijide. No interrumpa, cuando tenga la palabra hablarán, pero no interrumpan.

**-ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA:** É que non todos e todas temos a obriga de cumprir as leis. E é o que vostedes nos están pedindo, pero non están dicindo que van facer coa autorización ou non desa pranta. Di no seu día a vicepresidenta primeira, portavoz da oposición, do Partido Popular, que por certo, sorpréndeme que igual que foi presentar a exposición pública deste proxecto, entendendo tamén... É que ao mellor eu teño algún problema para o entendemento do PP, que si, pero a parte diso como vicepresidenta primeira vai presentar un proxecto á veciñanza, convocándoos para dicir que era un proxecto boísimo. Iso é o que a min me trasladan.
Podo estar... Podo... Iso é o que a min me trasladan. A exposición pública... Eu non lembro...

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Vou parar o tempo neste momento. Cada un que teña que contestar contesta no seu momento, por favor. Manteñan a orde, porque... Vouno repetir como fago pleno tras pleno ultimamente, sobre todo a vostede, señor Ameijide. Sobre todo... Non.
É incrible que diga que estaba calado. Pero, mire, aquí hai que respectar os tempos. Hai unha bancada que respecta os tempos. Hai unha bancada que non interrompe nunca e hai unha bancada que cando non lle interesa o que se está dicindo, empeza a montar follón.
Polo tanto, pídolle por favor que respecten os tempos e respecten aos compañeiros. Somos todos compañeiros. Somos todos concelleiros e temos que respectarnos.
Señor Ameijide, por favor. Imos continuar, señora González Abelleira.

**-ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA:** Moitas grazas. Eu non recordo ningún proxecto de tanta importancia que se viñese anunciar a exposición pública animando a facer alegacións, ou é que querían vender algunha outra cousa á veciñanza?
Dende logo, o Concello de Lugo tivo o seu posicionamento clarísimo desde o 2021, concretamente no 2022 aprobou a Xunta de Goberno Local non outorgar esa licenza porque non cumpría ningún dos aspectos requiridos para implantarse esa planta. Ademais pódeno comprobar na páxina 11 da acta se non a leron.
E despois, todo o procedemento que din ou saíu reflectido en prensa ou se trasladou á veciñanza, o Concello de Lugo non ten constancia absolutamente de nada diso.
Por que está tan preocupado entón o Partido Popular con quen vai parar a licenza?
É que xa saben que lles van outorgar os permisos ou é que se van saltar os criterios medioambientais. Sáeme unha palabrota... Pero vanse saltar eses informes? Teñen información privilexiada? É o que me pregunto, porque é que tanto escurantismo, tanta pouca defensa, tanto dixen e digo e dite e direte.
Non, o caso é moi claro. Por suposto que o Concello de Lugo ten que cumprir as súas leis e as súas normas. E se ven a licenza, como lle trasladamos na reunión coa veciñanza, dirémoslles pois o que aí vén e o que se solicita. E seremos moi pulcros, comprobando se se pode ou non dar esa licenza.
Pero desde logo quen a por enriba da mesa non é o Concello de Lugo, non foi declarado importante polo Concello de Lugo.
Non foi aprobado polo Concello de Lugo, entón que me vén dicindo coa licenza, porque mo está esixindo na súa proposición. Que cumpra a lei. Por suposto o Concello de Lugo ten que cumprir a lei e aprobar a licenza se non podemos estirala ou ir en contra do noso parecer persoal.
Non sei a que xoga o Partido Popular. Eu creo que non se pode enganar desta maneira. Por riba eméndanse a se mesmos...

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora González Abelleira. Continuará na seguinte.
Ten a palabra o voceiro do Partido Popular, señor Cabarcos.

**-RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ:** Grazas. Na contestación a esta solicitude, a solicitude da empresa, interveñen tres administracións. A local, que ten obriga de informar urbanisticamente sobre exercicio da actividade; a supralocal, a Confederación Hidrográfica, que ten o informe sobre a afección á cunca, e a Administración autonómica, a Xunta de Galicia, que polo menos ten que informar desde o punto de vista medioambiental, de protección do patrimonio e sobre a intervención no eido rural.
A cualificación como actividade de interese prioritario, que é iso o que vostedes afean, non se outorga ao chou, senón que pode acreditarse, senón que se outorga cando se poden acreditar uns requisitos que teñen que ver co investimento na comunidade... Da comunidade, e a xeración de postos de traballo.
Esta cualificación non é dun proxecto estratéxico, como alcaldesa comezou dicindo no pleno Que, por certo, ben mal pode informar aos veciños de aquí, que vostede mesma non coñece a diferenza entre as dúas figuras e iso dá a entender algunhas das cousas que se están oíndo aquí, o que polo visto dixéronse antes. Esta cualificación, a de interese prioritario, non estratéxica, non relaxa a normativa a cubrir, non elimina informes sectoriais, non favorece iniciativas que estean cualificadas con esta figura. Que de seguro os veciños tamén entenderán que é favorable, porque o único que fai é apurar os trámites, axiliza o procedemento.
Deste xeito, se é un proxecto que non corresponde facer saberano vostedes, nós e eles antes. O que si é certo, o que non contan vostedes, é que o Concello tamén o considerouno desde xeito, pero doutra maneira. Voullo explicar. Sen información pública e sen que os veciños puidesen amosar rexeitamento, o proxecto entrou ao Concello o 22 de decembro de 2021. En dous meses exactos obtivo un informe urbanístico. Nun mes máis, obtivo o informe de Enxeñería e en cinco días máis obtivo o informe de arqueoloxía.
Toda esta tramitación administrativa da que era coñecedora o goberno municipal non chegou a coñecemento dos veciños nin do grupo municipal do PP ata que se elevou a Xunta de Goberno.
A duración da obtención dunha licencia no rural, no eido rural, no ano 2021, era de 604 días.
Este proxecto tivo un informe en 104 días, o mesmo que de facto fai ou a declaración de interese prioritario.
A mesma axilidade que a administración autonómica outorgou ao proxecto tivo a administración local, o que pasa é que se fixo sen a información pública que a Xunta si deu á corporación municipal e aos veciños.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Cabarcos. Ten a palabra o voceiro do Bloque Nacionalista Galego, señor Rubén Arroxo.

**-RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** A verdade é que menudo papelón, eh. Eu non me quixera ver na súa pel tendo que defender isto, porque... A ver, é que non é defendible. É que, a ver, por que a Xunta declara de interese prioritario este proxecto? Por que o declara de interese prioritario? Declárao de interese prioritario

porque a Xunta ten interese en que se faga este proxecto, senón non o declararía. É que a ver... Que queremos... Que queremos... Senón non o declararía. Ese é o problema de todo isto. Declaro, ponlle alfombra vermella, que isto vaia a toda velocidade, e a ver se ninguén se decata e se lle aparece alí a fábrica montada dun día para outro e non hai ningún tipo de repercusión.
Esa é a cuestión. E agora aquí podemos facer dúas cousas. Nós, dende logo, xa o dixemos, imos votar a favor deste acordo que di que se cumpra a normativa.
Claro que como imos... Como imos votar en contra de que se cumpra a normativa? Como imos votar en contra de que se cumpra a normativa? Claro que imos votar a favor! O que pasa é que só cumprindo a normativa, só presentando un proxecto que di "Vou cumprir a lei tal, vou cumprir a lei canto". Iso non é suficiente. E ao final que vai aparecer alí unha fábrica que si, moi ben, no papel di que cumpre todas as normativas, pero os vecinos quédanse cos cheiros.
Non, iso é o que vai acontecer. Isto é o que ao final se concreta aquí.
Nós pedimos isto, que se cumpran normativa, evidentemente, pero facemos a emenda de que se paralice a planta de biometano.
O Partido Popular está a favor desta emenda? Si ou non? Se Xa está a favor, perfecto. Sairemos aquí todos unanimemente exixíndolle á Xunta que paralice a planta de biometano. Se está en contra. Nós mañá presentaremos esa moción para que vaia ao seguinte pleno e exixirlle á Xunta esta situación, porque aquí de nada nos vale unha fábrica que diga no papel que cumpre absolutamente todo.
Porque, ademais, por certo, como a normativa de cheiros non estaba contemplada e xa non vai ter que cumprila, entón cheiros van poder botar o que lles dea a gana. Iso si que van podelo botar o que lles dea a gana. E o propio proxecto, igual non o leron, pero así o recoñece. Que vai ter afectacións de cheiros e van poder botar o que lles dea a gana e van ter que tragar con ela.
Polo tanto, que é o importante disto? Non é que se cumpran normativa. O importante é que se paralice.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Ten a palabra a voceira do grupo Socialista, dona Ana Abelleira.

**-ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA:** Como sempre, para afear ao Concello de Lugo, empeza a casa polo tellado. É dicir, este proxecto necesita licenza urbanística.
Mire, primeiro para levarse a cabo tense que aprobar na Xunta de Galicia. E entón deámoslle a volta. Vai aprobar a Xunta de Galicia este proxecto? Si ou non?
A continuación, pasará todos os informes necesarios para tal? Encargarémonos no Concello de velar o escrupuloso cumprimento de tal.
Se pasa a Xunta, pero onde está a primeira pelota? Pode a Xunta rexeitar, como lles dicía o voceiro do Bloque Nacionalista este proxecto. Si, pois que o faga.
E despois fala de informe urbanístico. Mentira! É unha información urbanística solicitada por un particular representante dunha comunidade de montes. Non é un informe urbanístico. No que ademais na cláusula final di que se entende válida no momento actual… Pois é o que dixo. Non hai un informe urbanístico de adecuación nin de privilexios nin de nada. E por riba rífannos. É dicir, antes están dicindo que

somos lentos e agora réñenos porque somos áxiles, que é o habitual. Non eses puntillosos que vostedes buscan e rebuscar a ver cales son as cousas que van máis atrasadas pola súa complexidade, non por un interese de ir máis lentos no Concello de de Lugo. Rífannos porque somos áxiles.
Din que é un proxecto que non é prioritario, ou si, pero que vai crear postos de traballo. Polo interese, dicía vostede, polo interese da Xunta, do proxecto e pola creación de postos de traballo. Por iso se cataloga prioritario.
Pois home, este proxecto son 5 postos de traballo. Altri... É que podemos falar de moitísimas cousas, pero é que non teño o tempo necesario.
É un papelón, señor Cabarcos, o que lle tocou. E ademais teño tamén que dicir que me sorprende, xa o dixen na primeira intervención, que a señora voceira da oposición do Partido Popular, igual que foi anunciar no seu día este magnífico proxecto, non dea a cara hoxe. Sempre de perfil. Leve aos técnicos, técnicas, que son os mesmos concelleiros e concelleiras que foron ás reunións coa veciñanza para dar a cara pola Xunta de Galicia.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Última quenda para o señor Cabarcos.

**-RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ:** Gustaríame aclpararlle que non estaba falando de ningún tipo de informe urbanístico, senón o que fai falla para outorgar unha licenza que finalmente podemos entender que foi denegada, efectivamente, pero non por ningún outro motivo máis que a empresa desistiu de subsanar as deficiencias que lle requiriron como obrigatoriamente teñen que facer. Cada vez que se pide unha licenza, subsánanse deficiencias e despois denéganse ou acéptase. É dicir, non foi o criterio do Concello, como loxicamente non pode ser, denegar esta iniciativa.
E quero dicir ao respecto da addenda, para rematar, que o procedemento que ten que desenvolver a Xunta de Galicia agora mesmo é un procedemento regrado, igual que o ten que desenvolver a Confederación Hidrográfica e o Concello de Lugo. Entón aceptamos a addenda, por suposto, sempre que se inste a todas as administracións que teñen un informe vinculante preceptivo a facer o mesmo, a paralizar o proxecto. Se imos prevaricar, prevaricamos todos xuntos. Iso é o que temos que dicir.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Acepta a addenda. Si ou non? Non hai... Non, non, non. Hai unha addenda. Ten que aceptala ou non. Señor Cabarcos, vostede está facendo unha addenda á readdenda. Xa non hai forma de intervir os demais voceiros. Acabouse o tempo. Acepta a addenda ou non a acepta? Acéptaa? Só lle fago unha pregunta. Si ou non?
Entendo que non. Como ven todo o mundo está dicindo que non á addenda. Xa está.
O que si quería falar.

Primeiro, ten razón a voceira do Partido Socialista. Que difícil é dar a cara cando un comete un erro, que difícil é dar a cara. Convocar aos veciños este luns. Ter alí a un montón de veciños, pero non aparecer.
Ter este pleno hoxe. Imos convocar aos veciños a ver se montan lío. Imos convocar aos veciños, pero non dou a cara. Que difícil papelón, señor Cabarcos. Que difícil papelón.
Pero retrata a quen moveu isto. Retrata a quen moveu isto. Iso é o que teñen que saber os veciños. Isto é o que está ocorrendo.
O que falaba antes de malabarismos son malabarismos constantes. Si, pero non polo si, a veciñanza non importa nada. Non importa nada se é Coeses, se é Soñar, se hai cheiros, se hai tal... Iso non importa nada. O que importa é a súa posición e a posición do Partido Popular.
Por un lado, eu son a representante da Xunta de Galicia. Sei todas as visitas que fai e eu teño moita man na Xunta de Galicia e fan o que eu quero. Por outro lado, estamos no contrario, imos dicirlle aos veciños, porque si que debe haber unha información privilexiada e ademais hai probas diso.
O outro día faltaban só dúas semanas para a ofrenda ao Santísimo Sacramento e viñeron instar á Xunta para que por fin, a ver se axilizaba o trámite para declaralo ben de interese cultural. Levabamos traballando o Concello e o Bispado dende o ano 19. Esperando. Pero como tiña información privilexiada. Dúas semanas antes foi correndo para dicir: "Grazas a min saiu". E agora estamos no mesmo. Estamos no mesmo. Teñen información privilexiada. Sei que vai saír positiva por parte da Xunta de Galicia, pero eu voulle dicir aos veciños que eu non teño nada que ver niso.
Eu axudo aos veciños e os veciños están por riba de todo. Pero cando hai que dar a cara non a dan. Convócase aos veciños e non se vai ver aos veciños.
Polo tanto, creo que iso xa é suficientemente significativa. Suficientemente significativa. Señor Cabarcos, por outra parte, iso de dicir no ano 21... Quen estaba no ano 21 como concelleiro de Urbanismo? O señor Couto. Estaba nesta bancada, pero o luns foi como técnico a explicarlle aos veciños en nome do Partido Popular...
Polo tanto, imos ir calando.
O que é certo é o resumo e é que neste Concello presentouse unha licenza no ano 21 para este proxecto e denegouse. Denegouse porque non cumpría. E puxéronlles todas as alegacións e non as cumpriron. Polo tanto, denegouse.
E, señor Cabarcos, entregamos o outro día a todos os veciños a licenza denegada para que o visen.
E tamén quero que quede aquí moi claro que neste Concello, neste momento, non hai ningún tipo de solicitude. Nada, nada. O balón está na Xunta de Galicia, que é a que ten que dicir si ou non. Ten que dicir si ou non, que parece que andan si, pero non, non, pero si. Porque, claro, é moi difícil, é moi difícil querer contentar aos veciños e querer contentar a quen declarou iniciativa empresarial prioritaria.
Por certo, un erro... E utilizouno como se... E prioritaria. Quen fixo esta declaración? O Consello da Xunta de Galicia. Quen o ratificou? O actual presidente da Xunta de Galicia.

Tamén entregueino o outro día, porque eu fun alí a informar aos veciños da veracidade. Non como vostedes, que están enganando aos veciños. É que iso é o máis duro, o máis duro.
Non só intentan enganarnos a nós, é que intentan enganar aos veciños e iso é durísimo. E, dende logo, eu como alcaldesa, este goberno non o vai permitir. E teñen que retratarse. Admiten a addenda, si ou non?
Iso é o que teñen que facer. Creo que con iso nós seguiremos aquí. Tamén dicían os dous voceiros do Bloque e do Partido Socialista.
Instar á Xunta. Que pasa? Que a Xunta... Teñen vostedes tamén esa información privilexiada de que non cumpre a legalidade? Por iso hai que instala. Porque se supón que ten que cumprir a legalidade. Pero, coidado, hai que instala a que cumpra a legalidade. Iso dáme a entender que saben a ciencia certa que non cumpre a legalidade normalmente. Entón imos instala a que cumpra a legalidade.
Porque dende logo ao Concello non nos teñen que instar que nós si que cumprimos a legalidade. Polo tanto, vostedes, eu creo que saben que vai ser positivo por parte da Xunta de Galicia, e tratan de tirar a pelota ao Concello. Que, como digo e volvo a reafirmar, aquí non hai nada dese expediente.
Hóuboo nun momento e denegouse a licenza... Non volvemos saber nada. No momento en que entre unha solicitude de licenza, pois estudarase.
Tamén me gustou. Gustoume entre comiñas, evidentemente, instar ás administracións competentes a estudar as alegacións. A min non me van facer... A este goberno non lle van facer ningunha alegación, porque non está aquí o expediente. A quen lle fan as alegacións? Á Xunta de Galicia. A min chéganme unhas alegacións dun proxecto que non está aquí.
Imaxínese. Calquera outro proxecto. Chegan aquí unhas alegacións. E digo, isto non é para min. Ras, ras. Terán que... A onde hai que dirixir esas alegacións? A quen ten que resolver, que é a Xunta de Galicia. Por iso o máis duro é que nos tomen por parvas e por ignorantes, porque é o que están facendo cos veciños. Tomándoos por parvos e por ignorantes. Iso non o imos permitir.
Eu comprometinme que se algún día chegase a solicitude de licenza vouna mirar, como sempre con lupa, por suposto, cumprindo a legalidade, pero con lupa. E ademais informarei aos veciños tan pronto entre esa solicitude, porque intentarán ocultar todo o que está pasando. Porque... Que supón, dicía o señor Cabarcos... Que supón esa declaración que fixo a Xunta. O que supón é reducir practicamente á metade, á metade, todos os trámites administrativos. É dicir, vai como un tiro, case non dá tempo a nada. Poden obviar legalmente moitísimas cousas.
É o que están facendo.
Esa foi a declaración que fixo a Xunta de Galicia.
Polo tanto, polo tanto... Vou calar, porque se o digo é porque o sei.
Instar ás administracións competentes ás alegacións, pois iso. Aleguen, señores veciños. Aleguen na Xunta de Galicia, porque non teñen que alegar aquí.
Nós, como dixemos, terán toda a nosa información. Axudaremos en todo o que poidamos. Pero aleguen onde teñen que alegar, que é na Xunta de Galicia, ante a Xunta de Galicia, non ante o Concello, que o Concello non ten ese expediente. Polo

tanto, imos votar esa proposición

17/121 **PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 245/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA CREAR UNHA ESTRATEXIA DE USO RACIONAL E RESPONSABLE DA AUGA POTABLE QUE INCLÚA UN PLAN DE CONTROL DE FUGAS E CONSUMOS OCULTOS (Exp. 2024/G004/000465).-** Vista a citada proposición cuxo teor é o seguinte:

A auga potable é un ben cada vez máis escaso en calquera parte do mundo, por iso hai que apostar por un consumo racional e un uso responsable do mesmo. Dende as administracións debemos dar exemplo a través de plans de concienciación e campañas de difusión do uso racional e responsable da auga, pero tamén é importante garantir un correcto consumo dos recursos hídricos en todos os seus usos, así como que a auga non se desperdicie ou se perda sen saber onde vai.

Na pasada comisión de transición ecolóxica e cohesión territorial do 23 de maio de 2024, desde o Grupo Municipal do Partido Popular formulamos unha serie de preguntas co obxectivo de coñecer os m3 de auga que se captan do río Miño e son tratados na estación potabilizadora de Lugo, así como o consumido en diversos puntos e actividades. Unha vez analizado estes datos oficiais observamos un descuadre entre eles de case 4,5 millóns de m3 de auga potable, o que supón que aproximadamente o 45% da auga que se potabiliza no noso municipio se perde en fugas ao longo da rede ou en consumos ocultos, algo que non está a ser debidamente controlado polo goberno municipal.

Por iso, desde o Grupo Municipal do Partido Popular, entendemos que é necesario levar a cabo unha campaña de control e uso racional da auga na nosa cidade, así como elaborar un plan de control e inspección de fugas ao longo de toda a rede e garantir a progresiva substitución de contadores.

O Concello de Lugo debe realizar un control exhaustivo da auga que usa nas súas actividades ou instalacións municipais, dado que parte destes consumos poden ser ocultos ou que non están a ter en consideración.

Por todo elo o Grupo Municipal do Partido Popular considera de interese municipal que o Pleno da Corporación Municipal ACORDE:

- Instar ao goberno municipal a elaborar unha Estratexia de uso racional e responsable da auga potable en Lugo, que inclúa un Plan de control de fugas e consumos ocultos na rede de auga potable desta cidade.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 24

- **Votos a favor**: 12 do Grupos Municipal do Partido Popular.

| | | |
|---|---|---|
| - **Votos en contra:** | 12 | dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - **Abstencións:** | 0 | |

Efectuada nova votación con idéntico resultado e, en virtude do voto de calidade da Excma. Sra. Alcaldesa-Presidenta, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

## DELIBERACIÓN

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Polo Partido Popular, señora Candia.

**-MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ:** Moi ben. Moi bo día a todas e todos. Traemos a esta sesión plenaria pois un asunto de enorme importancia e de absoluta competencia municipal, como é a xestión do abastecemento de auga e tamén o uso dun recurso que, como todos sabemos dunha maneira case en moitas ocasións alarmante, pasa a ser un recurso que non é inesgotable. Un recurso que cando chega o verán en moitas partes do noso territorio pasa a ser un ben escaso.
Este grupo leva explicando e facendo propostas en positivo do que entendemos que é unha pésima xestión. Un servizo de augas que está desmantelado. Non teño tempo. Eu non teño ningún inconveniente en estar todo o tempo do mundo, pero creo que vai en contra do que vostede quere...

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Máis ou menos podemos facer... Tampouco pasa nada... Moitas grazas, señora Candia.

**-MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ:** Pero advírtollo en exercicio de... Nós vimos facendo propostas en positivo para o abastecemento de auga e para que se dimensións de maneira axeitada unha brigada que nos parece importantísima.
Estes últimos días coñecíamos que incluso o que é a xestión administrativa tamén estaba cunha falta de recursos humanos absolutamente inadmisible.
Explicabamos tamén cando este Concello se quedou sen a empresa que reparaba de de 3 a 8 e os fins de semana as fugas que se producían. Un contrato que xa dixemos no seu momento que era un parche.
Que se explicou aos lucenses que era unha medida exclusivamente provisional. Pero como case todo o que pasa mal neste concello, o que é provisional acaba converténdose en estrutural. Ese contrato, advertindo cando estaba a punto de caducar, é certo que aquí a normalidade tamén é traballar con contratos caducados. De aí que tamén sexa normalmente frecuente que se aproben recoñecementos extraxudiciais de crédito, porque ao final a abstención e a ilegalidade acaban imperando no normal desenvolvemento deste Concello.

Advertimos, antes de que caducara, previamente criticamos que era manifestamente insuficiente. Caducou. Estivo prestándose de maneira irregular, sen contrato, ata que a empresa rexeitou continuar prestando ese servizo.
Neste momento se hai unha fuga quen asiste son os bombeiros, que cortan a auga e, cando se poida, repárase.
Isto a que leva? Pois demóstranllo os números que nos deu o propio goberno na Comisión do 23 de maio, onde preguntabamos cantos metros cúbicos se captaban ao ano. Preto de 10 millóns, evidentemente hai unhas cifras que non van ao consumo humano, pero o que si está claro é que facendo un cruce e unha análise de todos os datos que se nos deu queda clarísimo que a través dos contadores e as altas. E dicir, o uso regularizado pasou un pouco máis da metade. E o resto, pois non sabemos onde están.
É un descontrol que está recoñecido desde a propia concellería, porque non se sabe a auga que se usa nin para rega de xardíns nin consumos ocultos, etcétera.
O que está claro é que, como un exemplo máis, a xestión da auga neste concello, suspende cunha nota absolutamente inadmisible. E dicímolo agora, e traémolo agora unha proposta que dunha maneira moi clara pide precisamente que se aborde de maneira determinante un uso responsable deste recurso, nese falso ecoloxismo ao que nos teñen acostumados, para advertilo antes de que empece o verán.
Hai unha frase que nos repiten nas múltiples reunións que acudimos, porque mal que lle pese, vexo que a axenda parece que a sigue, o que pasa que a le de parte... En todas as reunións, en máis dunha, non sei se en todas pero dende logo en máis dunha, repetían unha frase que dicía o concelleiro de Medio Ambiente cando o rural desta cidade, a maior parte sen abastecemento, pedíalle que necesitaba un servizo de augas municipal e contestaba: "non teño auga para abastecer a cidade. Non a vou levar aos pobos". Esta frase, que me parece ademais, que demostra moi pouca implicación co noso rural, e que ademais demostra esas desigualdades ás que nos ten acostumados a pesar de ser un equipo progresista, pois lévase traducido a un servizo de competencia exclusivamente municipal.
Creo que está demostrado que se desperdicia preto dun 40% da auga que se potabiliza na cidade e creo tamén que esa cifra é absolutamente inadmisible. E por iso cremos que a xestión do goberno municipal ten que tomar medidas.
Insistimos na necesidade de reforzar a brigada municipal de augas, non só pola reparación de fugas, senón para ese traballo de prevención, de detección, que facían cando a plantilla tiña unha dimensión axeitada, pero tamén pola parte ambiental do que supón. Porque é un recurso escaso que parte da cidade tivo que costear individualmente un pozo privado. De aí tamén a importancia, precisamente, da xestión e da revisión deste proxecto que falabamos, de Coeses, porque desgraciadamente a maioría dos veciños que viven no entorno...

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora Candia. Estimei como trinta segundos, inda que era máis o que levaba falado cando...

**-MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ:** Ah, pois moi ben, non hai problema.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Estiven esperando. O voceiro do goberno, don Miguel Fernández.

**-MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Moitas grazas e moi bo día a todos e a todas.
Miren, todos coñecemos, indo ao importante, o papel que desenvolve a oposición nas distintas administracións, nesa dobre faceta de propoñer, facer propostas alternativas por unha banda e de fiscalizar ... Por iso débeselle esixir na mesma medida que ao goberno, pois rigor e responsabilidade á hora de facer as súas valoracións.
Porque, mire, unha cousa é ser esixentes no control e outra ben diferente, pois retorcer e terxiversar os datos en beneficio propio e buscando unicamente o desprestixio do goberno. E dígolles isto, porque en relación con esta proposición, e lamento ter que confirmalo, distorsionaron os datos, calcularon mal ou ambas cousas, porque, efectivamente, non responden á realidade.
Miren, a diferenza da que falaba é a de que poñen na exposición de motivos, non se debe a perdas na rede nin fugas nin fraudes. Os 4,5 millóns de metros cúbicos aos que se refiren, que non son tal, non corresponden á auga facturada unicamente, senón á auga consumida que non xera recibo, porque hai unha serie de consumos que, como é doado de entender, non xeran recibo.
Por exemplo, nos colexios públicos, por exemplo, nos edificios municipais, por exemplo, nas instalacións deportivas. E nese capítulo hai que incluír en limpeza viaria e de saneamento 24.406 metros cúbicos no 2023. En consumo público en todos estes conceptos que dicía, 878.366 e noutras cantidades, en subcontaxe de contadores, etcétera.
Todo o cal suma a cantidade de 1.716.224 metros cúbicos no ano 2023. Pois miren, se a esta cantidade lle sumamos a auga facturada, eses 5.356 millóns de metros cúbicos, resulta unha diferenza de 2.790.172 metros cúbicos, en lugar dos 4,5, case un 50% menos do que vostedes falan na proposición.
Por tanto, non sei se interesado ou interesadamente están incrementando as posibles perdas na rede de abastecemento da cidade de Lugo nun 50%. Isto deberíano de saber. Isto debíanos de saber e, en todo caso, pois preguntar ao servizo correspondente, que estamos abertos a facilitarlle todos os datos, como tamén llelo facilitamos á totalidade das preguntas que nos fixeron na última comisión informativa e como vostedes, pois, extrapolan como lles deu en gana e chegaron a estas conclusións manifestamente erróneas.
E dígolle máis. Cos datos dos que dispoñemos, podemos asegurar con moi pouca marxe de error, que as cifras de perdas en abastecemento do Concello de Lugo é manifestamente inferior á media do Estado e de España.
Perdas que ademais, por outra parte, son inevitables en todas as cidades e en todos os sistemas de abastecemento.
Miren, organizacións tan pouco sospeitosas como o propio INE ou como a Comisión Nacional do Mercado da Competencia cifran en torno ao 25% as fugas que ocorren en todos os sistemas de abastecemento.

Pero nós, evidentemente, non estamos satisfeitos e queremos seguir traballando e seguir mellorando. E por iso imos conseguir, modernizando a rede, como xa fixemos nos mandatos anteriores, aos que logo se referirei, e tamén mellorando a xestión, porque evidentemente todo é mellorable. E ao mesmo tempo, como saben, presentámonos ao Perte de licitación da auga, que é un proxecto ambicioso de xestión do ciclo da auga que mellora os rendementos e aforra enerxía.
E xa por rematar, porque non vexo...

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Aquí está. Aquí, aquí...

**-MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** … Si, en respecto aos reforzos dos servizos, efectivamente, teño que recoñecer que tanto a brigada como o propio servizo, pois está con pouco persoal que se está traballando denodadamente dende o servizo de persoal para solucionalo.
Porque, mire, é que hai, ocorreu que, simultaneamente, pois houbo unha serie de circunstancias, unhas previsibles e outras non, que levaron esta situación. Por exemplo, xubilacións, que se podían ter previstas para, efectivamente, substituílas... Ten, como debía sabelo, un trámite administrativo e uns prazos e uns procedementos, baixas médicas concatenadas, traslados por promoción interna, que non é atribuíble ao Concello, e, en relación ao contrato, sacouse un contrato, valorado polos técnicos municipais, salvo que vostedes estean poñendo en cuestión...

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Fernández. Continúa na segunda. E, mire, sempre xiro isto para que vostede poida facer... Veña, moitas grazas.
Ten a palabra a voceira do grupo Municipal Popular.

**-MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ:** Ben, moitas grazas, señor Fernández. Agradézolle, ademais, o ton, e ademais agradézolle o recoñecemento de que hai unha xestión mellorable.
Dende logo, a súa actitude e as súas intervencións distan moito do denominador común maioritario desta corporación. Por iso vostede normalmente acaba levando asuntos que teñen difícil defensa, non?
Pero evidentemente aquí non estamos para faltas de respecto nin tampouco para faltar á verdade. E vostede, normalmente, é fiel a iso.
Mire, sexan 4 millóns, sexan 3, no contexto no que vamos, na realidade do abastecemento de auga desta cidade, con practicamente a totalidade do rural sen unhas traídas municipais, pois é inadmisible.
Haxa unha xubilación, que indubidablemente ten que ser previsible, verdade? Porque a idade de xubilación é fácil de cubrir. Sábese cando se vai producir unha circunstancia de saúde, non obviamente, pero o camiño que levou á Brigada Municipal de Augas ten datos obxectivos de que non estivo dentro das súas prioridades, que non actuou con anticipación, e que todo parece indicar que está dando pasos a unha privatización. Nada que nos sorprenda, porque realmente,

malia ser un goberno de progreso, agora viamos estes días, como se adxudicaba, pois, un dos contratos economicamente máis importantes nunha área tan importante como é servizos sociais. E tamén derivouse a unha empresa privada.
Realmente vostedes son uns privatizadores dos servizos públicos deste Concello, e co servizo municipal de augas, probablemente tamén queiran acabar así.
Nós estamos en contra, pero é que a maiores disto nesta proposta, o que se lle pide é algo que vostede ademais na súa intervención recoñeceu que é necesario, instar ao goberno municipal a elaborar unha estratexia de uso racional e responsable da auga potable de Lugo, que inclúa un plan de control de fugas e consumos ocultos na rede de auga potable desta cidade.
Creo que esa petición é perfectamente compatible co argumento que vostede deu.
Insisto, nun ton de educación e respecto, que lle aplaudo. E tamén aproveitando, por suposto, nesta quenda, a pedir que se mellore a reparación de fugas porque, sexa un número ou sexa outro, sexa un 30% ou un 35% son unhas cantidades inasumibles, e un bo servizo de reparación de fugas si que incide directamente nunha minoración desas perdas.
Se tardamos horas, os bombeiros o único que poden facer é cortar a auga. Iso significa que a veciñanza queda sen ese servizo, e créame, que molesta, e máis nunha cidade de cen mil habitantes. Así que prégolle que o mire con cariño e se ten a ben e coincide co que dixo, que o apoie.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora Candia. Ten a palabra o portavoz do Goberno, o señor Fernández.

**-MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Mire, pois, no mesmo ton, dicirlle que é o que recoñezo é que toda a xestión de todas as administracións en todos os ámbitos é mellorable. É mellorable no servizo de augas, é mellorable no conxunto do Concello e, evidentemente, é mellorable na Xunta de Galicia.
Por outra parte, entre 4,5 millóns de metros cúbicos de auga da perda, que superaría con creces a media estatal e galega a 2 e pico hai unha diferencia, por iso lle dicía que os cálculos hai que facelo correctamente, ou que se non se dispón de todos os datos, pois aquí estamos nos servizos correspondentes, teñen vostedes mecanismos para recabar que se lles dean.
Mire, nós fixemos un esforzo importante en mellora da rede de abastecemento. Por exemplo, nos últimos tempos renovouse o fibrocemento e cambiouse por fundición nunha serie de rúas: Escultor Asorey, Bataneira, Armórica, Aviación Española, Marqués de Ombreiro, etcétera, por un valor de 866.192 euros, que sumado aos 514.000 e pico do abastecemento e saneamento do grupo La Paz, alcanza un orzamento total de 1,4 millóns de euros, que me parece unha cantidade máis que significativa en vista do orzamento do que dispón este Concello.
E a maiores, pois se lle incorporamos no plan da Deputación, no ofrecido no 2023, o abastecemento de auga na parroquia de Pías, por valor de 191.000 euros, que se ten que executar este mesmo verán, e no que está agora mesmo en tramitación, pois outras actuacións, en concreto abastecemento de auga da parroquia de Pías, en segunda fase, con 91.000 euros, do núcleo de Cima de Vila (62.000 euros) e a

rede de saneamento do núcleo de Saamasas (102.671 euros). Polo tanto, algo se fixo e algo se traballou.
E para seguir nesa liña, presentamos, como lles anunciaba na primeira intervención, pois o ambicioso proxecto de modernización do ciclo da auga, do Perte da auga, a dixitalización da auga, tanto para o ciclo urbano como para a rega ou incluso para os usos industriais, por un valor de 10 millóns de euros. E, aseguran os técnicos, con posibilidades de acadalo.
Iso vainos permitir substituír os contadores por outros telemáticos. Isto vainos permitir renovar a rede nun 35%, vainos permitir, por exemplo, en relación ao que dicía, pois un proxecto pioneiro de depuración modular no rurais. Reducir o consumo de enerxía en torno a un 10%, etcétera.
No nos comentaban na exposición de motivos, o uso racional de auga e o plan de control, pois xa o estamos facendo. No primeiro caso, pois...

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Fernández. Acabo o seu tempo. Voceira do grupo Municipal Popular.

**-MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ:** Cando neste concello algo non funciona ben, a solución é presentar proxectos a fondos europeos. Presentáronnos coa protectora, presentárono para o cuartel de San Fernando e presentaron a convocatoria do primeiro Perte da auga.
Aí faise unha campaña de promoción marabillosa. Cando se presenta, e despois nunca se dá conta cando non se concede, nin tampouco se ten un plan B se non se concede. E nos tres casos denegáronse. Denegouse na protectora, denegouse no cuartel de San Fernando, ben no segundo renunciaron vostedes, e denegouse o primeiro Perte da auga, que desexo que desta vez si se lle conceda.
O que si lle digo, que me deixa preocupada, que na relación de propostas e inversións non cita ningunha intervención no Ceao, e sabe vostede dos problemas de seguridade que ten ese polígono, non o di o Partido Popular, dio un informe dos propios técnicos municipais, e tamén, pois a verdade, pírrico investimento, porque as cifras do ano 15 que recadaron dos lucenses foron 26,6 millóns de euros. Vostede deu conta dun pírrico millón e medio.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Creo que a vehemencia na defensa do asunto, sobre todo na defensa dos veciños e veciñas, nunca se pode confundir coa mala educación. Iso tamén é non coñecer o significado das palabras e os significados dos feitos. Este goberno sempre vai defender con vehemencia, con vehemencia, fronte ao cinismo e a mentira.
Imos votar..

18/122 **PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 246/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA EVITAR PREXUÍZOS NA MOBILIDADE E NA PERCEPCIÓN DE SERVIZOS E PRODUTOS DENTRO DO RECINTO INTRAMURALLAS (Exp. 2024/G004/000466).**- Vista a citada

proposición cuxo teor é o seguinte:

A Lei 7/2021, no artigo 14.3 obriga á existencia dunha zona delimitada que chama "de baixa emisión" onde se aplican restricións de acceso, circulación e estacionamento de vehículos. Esta lei tamén require facilitar os desprazamentos a pe ou en bicicleta, conexión coas áreas verdes periurbanas, melloras no transporte público, así como na mobilidade individual e no reparto de mercancías.

As condicións esixidas pola Lei 7/2021 para configurar unha ZBE non esixían intervención construtiva algunha, pero aínda así, estase a desenvolver unha obra de substitución do pavimento, con eliminación de prazas de aparcamento e modificación de itinerarios de circulación.

Pero, a maiores dos prexuízos que se tiñan asumidos por mor destas obras, un decreto asinado polo tenente de Alcaldesa Rubén Arroxo en data de 21 de maio de 2024, trae unha nova dificultade para a mobilidade dos veciños e empresas lucenses, restrinxindo o acceso de vehículos con masa máxima autorizada superior a 3500 kg ao recinto intramurallas.

Este decreto é o resultado de que o Concello solicite, da empresa redactora de proxectos técnicos de execución das obras, un informe que estime "*la tipología y número de vehículos que podrán acceder a las zonas de actuación una vez finalizadas las obras*".

O decreto baséase no informe encargado, para alertar de limitacións na capacidade portante teito dos aparcadoiros públicos (en función do dito por unha análise estrutural realizada previamente), e estende as consecuencias de dita limitación a todo o chan que permite o tránsito cara a estes aparcadoiros.

A resistencia destas estruturas (deseñadas para soportar o tráfico rodado sen esta limitación, e que o veñen facendo dende hai case 40 anos sen indicios de problemas) non se tivo posta en cuestión ata este intre no que se muda a súa cobertura, polo que leva a pensar que se existen indicios ou evidencias dunha minoración da resistencia das estruturas que soportan o teito dos aparcadoiros situados baixo as prazas do Ferrol ou de Sto. Domingo, é preciso coñecer ata que punto chega esa minoración e/ou a necesidade de asegurar ou reforzar estas, para evitar ricos de seguridade.

No caso de que non existan indicios ou evidencias dunha minoración da resistencia das estruturas que soportan o teito dos aparcadoiros situados baixo as prazas do Ferrol ou de Sto. Domingo, é preciso descartar a existencia de erro nas afirmacións técnicas realizadas, na procura de poder eliminar prexuicios polas limitacións de emprego.

Tense que ter presente que, para os provedores de servizos de urxencia, de obras, de combustibles, de mantemento, de reparto, de transportes... esta limitación ven a constituír unha mais para os, cada día maiores, problemas no desempeño da súa tarefa e un prexuicio mais para os axentes económicos e os residentes que precisan de ter eses servizos, tanto coma os restantes barrios da cidade e sen incrementos de esperas ou custos.

Perante esta limitante realidade para o futuro inmediato do casco histórico de Lugo, da súa actividade residencial e económica, o Grupo Municipal do Partido Popular considera de interese municipal que o Pleno da Corporación Municipal ACORDE::

1. A realización dun estudo técnico independente e de contraste co elaborado pola propia empresa executante dos proxectos de obra, que poida descartar (ou non) os riscos asociados a unha posible minoración da resistencia das estruturas que soportan o teito dos aparcadoiros situados baixo as prazas do ferrol ou de sto. Domingo, para adoitar (ou non) medidas de seguranza, e evitar prexuicios de limitacións no seu emprego.
2. Adoitar un solucións realistas. Axiles e funcionais que minoren as dificultades existentes para os residentes, axentes mercantís e visitantes, que teñan necesidade de acceder con vehículo ao recinto intramurallas, facendo organizado e sinxelo o permiso para acceso e estacionamento ás rúas de acceso restrinxido.
3. Establecer medidas axeitadas e específicas para cada perfil de usuario de vehículo, que teñen necesidade de acceder ao recinto intramurallas, que faciliten a residencia, o traballo e a visita ao recinto intramurallas.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 24

| | | |
|---|---|---|
| - **Votos a favor**: | 12 | do Grupos Municipal do Partido Popular. |
| - **Votos en contra:** | 12 | dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - **Abstencións:** | 0 | |

Efectuada nova votación con idéntico resultado e, en virtude do voto de calidade da Excma. Sra. Alcaldesa-Presidenta, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

## DELIBERACIÓN

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Señor Cabarcos.

**-RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ:** En febreiro de 2023 no centro Uxío Novoneyra vostedes recordarán que a alcaldía informou de tres proxectos que xa estaban redactados e licitados e que estaban implicados coa necesidade de facer no centro unha zona chamada de baixas emisións.
As condicións desta zona de baixas emisións non requirían intervención algunha, pero aínda así hoxe temos enriba unha obra que custa máis de 5 millóns de euros para as arcas municipais.

Estas obras implican unha substitución do pavimento, unha eliminación de beirarrúas, de aparcadoiros e a modificación de accesos e percorridos. Neste intre, no que as obras seguen a causar danos ao comercio, aos residentes e aos peóns, o Concello solicita aos adxudicatarios das obras un informe sobre a tipoloxía e o número de vehículos que poderán acceder ás zonas da actuación unha vez finalizadas as obras.
Que significa isto? Isto semella como se calquera que encargue unha obra de reforma na súa casa non sabe onde vai cociñar ou onde vai durmir e pregúntalle ao que está executando as obras onde vai cociñar e onde vai durmir.
O promotor da intervención pregunta ao executante da obra pola utilidade do resultado. Resulta que o proxecto de implantación deberíase ter entregado en abril de 2024 de custo 46.795 euros, substitúese por un informe dos executantes da obra.
Este informe comeza tamén cunha sinceridade brutal, dicindo que, visto o comportamento de paquetes de firmes similares noutras rúas de Lugo e co fin de evitar que se repitan problemas, e segue, o paquete de firmes foi deseñado para soportar o tránsito de vehículos lixeiros, contemplando o paso dun vehículo pesado agora, sempre que non se supere a carga de rotura indicada en proxecto.
Os proxectos limitan o paso do tráfico sobre os aparcadoiros públicos a vehículos con masa máxima autorizada non superior a 7.500 kilos. Páxina 20 do proxecto da praza do Ferrol e páxina 24 do proxecto da praza de Santo Domingo.
Pero, aínda así, sorprendentemente, queda acceso prohibido con MMA superior a 3.500 kilos nas portas de Bispo do Ario e na Porta da Estación, Decreto do tenente de alcaldesa de 21 de maio de 2024, e esténdese a todo o chan que permite o tránsito cara estes aparcadoiros. E máis aínda atribuíndo supostas fallas de resistencia ao teito dos aparcadoiros soterrados.
Estes aparcadoiros son estruturas deseñadas para soportar o tráfico rodado sen limitación algunha ou polo menos sen tela establecida, que veñen facendo dende hai 40 anos o seu traballo sen problemas sen ningún indicio de que teña problemas.
Se existen evidencias dunha minoración de resistencia somos os primeiros interesados en coñecer esa minoración e a necesidade de reforzar, que fará falta reforzar eses aparcadoiros.
E se non existen evidencias dunha minoración de resistencia, entón é preciso descartar un erro nas afirmacións técnicas para eliminar prexuízos causados.
Tense que ter presente que para os provedores de servizos de urxencia, de obras, de combustibles, de mantemento, de reparto, de transportes... Esta limitación vén constituír unha máis para os cada día maiores problemas no desemprego da súa tarefa e un prexuízo máis para os axentes económicos e os residentes que precisan de ter eses servizos, tanto como os restantes barrios da cidade e sen incremento de esperas nin de custos.
Entón o que nós solicitamos é a realización dun estudo técnico independente de contraste, que poida descartar ou non riscos asociados a unha posible minoración de resistencia dos aparcadoiros, para adoptar ou non medidas de seguranza.
A seguridade é o primeiro.

Entón este é o noso primeiro punto da nosa proposición. Estudaremos o segundo e o terceiro na seguinte intervención.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Cabarcos. Polo goberno ten a palabra o concelleiro, o señor Bustos.

**-JORGE BUSTOS ATANASIO:** Moitas grazas, alcaldesa. Vou empezar. Inciden vostedes unha e outra vez neste mantra seu de que as peonalizacións do centro histórico son un pavimenta e colorea. Que lle gusta a vostede moito. Entón... Sen dúbida é unha actitude despectiva e pouco observadora pola súa parte, que amosa un afán de retorcer a realidade para, como sempre, sacar réditos políticos.
E máis agora despois da última intervención de que a vosa voceira na intervención anterior está preocupada polas fugas que poida haber nas tuberías de abastecemento. Unha actitude pouco observadora, porque, como menciona vostede na proposición, estase a desenvolver unha obra de substitución do pavimento. Por debaixo dese pavimento que se renova dentro dos proxectos do Corazón verde hai moita rede de servizo, que aínda que non vemos son imprescindibles para o correcto funcionamento da cidade.
E digo eu, logo nas obras que vén que se están a cambiar as infraestruturas, de saneamento, abastecemento, pluviais, electricidade, telecomunicacións e iluminación... Ou logo eses cilindros tan longos que ven acopiados polas obras son de adorno?Vostedes teñen uns cantos técnicos no seu equipo e saben que tipo de material están acopiados e que obras se están a realizar , se as viron, que eu entendo que si.
Pois ben, dicirlle aos veciños que o que vostedes chaman un cambio de pavimento é mentira estaría ben, xa que moitas das redes que están a cambiar teñen unha antigüidade considerable, cousa que vostedes saben e máis cando antes facían tubaxes pois de materiais que eran nocivos para a saúde, como o fibrocemento.
Por ese motivo estase a aproveitar as obras de peonalización para a renovación dos servizos necesarios, buscando un óptimo funcionamento das redes, como son a eliminación de fugas e a posibilidade de soterrar o cableado aéreo existente, cousa que contribúe tamén a mellorar a estética e pon en valor o patrimonio na sociedade.
Este traballo implicará un aforro considerable para as arcas municipais e toda unha mellora de calidade na vida dos veciños do centro do casco histórico, dos residentes. É un traballo de gran calado que moderniza dunha soa tacada todas as canalizacións do centro. Se todo este traballo de modernización o realizásemos de forma separada, sería moito máis custosa a súa implementación e prolongaríase durante máis anos, mesmo a tramitación burocrática sería moitísimo máis longa.
En relación ao que menciona da lei 7/2021, o noso obxectivo das obras é mellorar a vida dos veciños da cidade. E con esas melloras, que anteriormente descrito, cumprimos coas especificacións das zonas de baixas emisións. Non é que queiramos unha zona de baixas emisións e facemos as obras. Non. Queremos mellorar o servizo da nosa veciñanza e facer peonís unhas prazas para que poidamos ter un espazo de calidade para os nosos veciños.

E tampouco nunca o Concello dixo que os fondos europeos financiasen o custo total da obra, como se mencionou en prensa ultimamente.
Repito, non é un pavimenta e colorea como din vostedes, senón que se trata dunha renovación integral dos servizos urbanos imprescindibles que aseguran que o centro histórico conte cunha rede subministración moderna e segura para todos os veciños. Xa que estabamos moi preocupados sobre os veciños, pois que mellor que poidan beber auga con todas as garantías.
Como dato para que o teña vostede, señor Cabarcos, estanse renovando 1.500 metros de liñais de bens de servizo do centro. E estoume referindo a metros liñais, xa non por ambas marxes.
E xa que fan evidente que non pisan as obras para ver realmente o que se está facendo nelas, eu voulle pasar unhas imaxes de das que se executaron e ademais despois, porque non o trouxen aquí para non facer outros personaxes políticos que hai no panorama nacional, teño un anaco das tuberías que se quitaron que logo se queres, podo fóra do pleno... Para non parecer outras cousas.
E nada, para rematar, as peonalizacións terán repercusións moi positivas para os residentes do centro histórico, que seguro que tamén houbo moitas queixas cando as penalizacións do Campo Castelo, da rúa Raína ou da mesma Praza Maior, pois creo que a día de hoxe son un éxito e unha zona de espazo e de lecer para todos os nosos cidadáns.
Doulle as fotografías, que están interesantes. Pode facilitarlle, por favor?
Aí están, para que os teña...

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Acabou a súa intervención primeira?

**-JORGE BUSTOS ATANASIO:** Si. Si, si.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moi ben, moitas grazas, señor Bustos. Doulle a palabra ao señor Cabarcos.

**-RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ:** Estou seguro de que os representantes da prensa que nos acompañan hoxe aquí marcharan moi contentos porque temos un titular que non esperabamos. As obras do centro veñen derivadas dunha mellora da calidade da auga dos residentes na contorna intramurallas, porque máis ou menos é o que vén a contar, que todo este lío que estamos a montar é porque bebamos auga máis limpa. Agradecidos, pero cústanos moito. De todos os xeitos, voulle dicir que se equivocou de resposta. Eu non veño falar das obras, eu veño falar de mobilidade, que é o único que mencionei ata agora.
E voulle dar un exemplo que todos creo que coñecen xa a estas alturas, que é que o 28 pasado de maio unha empresa distribuidora de pelets para a xeración térmica de calefacción e auga quente solicitou o acceso telefonicamente para realizar unha descarga en Quiroga Ballesteros.
Isto trátase de mobilidade. Pero ante a negativa, sobre todo á contradición entre os distintos axentes administrativos. Pode entrar por aquí. Pode entrar por alí. Non

pode entrar. Ten que chamar por teléfono a este outro. Ten que pedir un papel e non sei onde...
A resposta foi que non podía entrar. Entón, claro, loxicamente a empresa desesperada solicitou por sede electrónica unha acceso para poder descargar o seu transporte. O permiso para servir o cargamento deuse o 17 de xullo, exactamente 20 días despois de telo solicitado.
O vehículo que emprega esta empresa precisa carrexar unha bomba pneumática que impulsa un cargamento a través dun tubo flexible conectado ao depósito. Faise así. A MMA deste vehículo é aproximadamente duns 15.000 quilos.
Os prexuízos causados por unha autorización que resulta restritiva, pouco clara, lenta, difícil de obter... tradúcense en dificultades para o achegamento de equipos de atención médica ou maquinaria, de cargas de combustibles, de traslados de moblaxe ou mudanzas, de realizacións de obras ou mantementos, de achegamento de persoas con dificultades de mobilidade ata os edificios administrativos, de escolares ata os seus centros, de enfermos ata os centros de saúde, de transportistas de mercadorías ou a alimentación ata os mercados, de usuarios de transporte colectivo ata o centro urbano...
Hai moita xente prexudicada por isto. Moita xente que vai beber auga máis limpa, pero que non pode facer a súa vida con mínima seguridade e comodidade.
Entón por iso os nosos dous segundos puntos da proposición son adoitar solucións realistas, áxiles e funcionais que aminoren as dificultades existentes para os residentes, axentes e mercantís visitantes, que precisen acceder con vehículo ao recinto intramurallas.
Por exemplo, distribuidores de mercadorías e servizos, usuarios do comercio, administración e servicios, usuarios dos aparcadoiros da periferia urbana. Os disuasorios, usuarios de idade ou con dificultades de mobilidade, vehículos lixeiros de mobilidade persoal, residentes ou traballadores en garaxe. Visitantes recorrentes e ocasionais. Hai moita xente que queres solucións e non só auga limpa.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Cabarcos. Ten a palabra o señor Bustos.

**-JORGE BUSTOS ATANASIO:** Un duro titular. Resulta que as tuberías de fibrocemento deberiamos deixalas aí sabendo que son canceríxenas e que non se ten que cambiar. Resulta que a fibra do centro, a fibra óptica, podemos agora con estas obras limitar o procedemento administrativo, que se trata de facer as cousas ben e facelas dunha maneira en que todos os veciños poidamos desfrutala, resulta que tamén teríamos que estar outros X anos ata que poidan poñer... Agora mesmo que estamos dotando ao centro dunhas infraestruturas de calidade, o que me di é que o titular é que a xente pode beber auga boa. A ver, é como as cubertas de uralita, haberá que cambialas. Hai que progresar, non hai que quedarse estancados.
Pero xunto ao sentido pexorativo do cambio de plaqueta. O tema dos informes de carga, é público e xa se contemplaba realizar como se recolle nas bases das

licitacións das obras, unha análise estrutural de capacidade portante dos aparcadoiros.
O noso... Si, si señor... Uns aparcadoiros que no seu proxecto orixinal tiñan a carga de 7,5 toneladas, que despois se viu limitada e imos explicar porqué.
Menos datos …. estudo do proxecto de execución, contratouse un laboratorio de construción acreditado para a realización dos ensaios e o estudo dos contratos dos aparcadoiros, por garantía, porque o Concello, pese a todo o que poidan dicir vostedes, actúa sempre coa responsabilidade da man da seguridade. Esta cuestión está a cuestionar informes, negando a existencia de xustificacións e ensaios realizados por empresas especializadas do sector. Se no mesmo informe se nomea aos axentes intervenientes. O informe que está aquí nomea aos axentes intervenientes e din que non. Non poñan en dúbida o traballo dos profesionais técnicos nin digan en prensa que non se fixeron probas de carga. Estamos nunha cidade. Non imos facer unha proba de carga estática como os das obras liñais.
Se quere poñemos todos os camións cargados enriba do parking a ver como se comporta a estrutura. Estamos nunha cidade, non nunha autovía.
Non o vexo aliñado co que defenden na proposta de solucións áxiles e realistas.
Por estas circunstancias que fixeron necesarias, especialmente no caso de Santo Domingo, a reorganización do viario que está previsto, así como os diferentes servizos proxectados.
Pero, en resumo, acábaseme o tempo. … estudo do traballo técnico realizado polo persoal municipal, as empresas que intervirán en cada unha das obras, pero anteriormente a señora Carballas dixo hai un momento que hai que defender aos funcionarios e vostede está dicindo que non o fixeron ben, non o entendo.
Non somos exclusivos a ningún colectivo, senón que nós gobernamos para todos.
Entón temos que facer unhas obras e temos que dar ao centro unha loxística que permita a toda a cidadanía e todos: empresa, loxística, infraestrutura e mercadorías, poder compaxinar o día a día.
E despois din vostedes que presentan unha proposición en positivo, pero a proposición manifesta que todo é un cambio pavimento e que os ensaios e as probas son partidistas.
Pero, digo eu, eu lin a proposta. Quitando de que non confía no estudo técnico que se fixo das probas de carga, cal é a proposta? Porque o único que queremos é medidas áxiles. Pero cal é a proposta? Preciso unha cousa concreta. Non pode ser unha proposta ao aire. Facer as cousas áxiles. Non. Díganos cal é a proposta e nós valoraremos.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Bustos.

**-RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ:** Efectivamente, fala vostede de propostas e ímolas aportar. O que non temos nós é un equipo de técnicos que nos poidan axudar a traballalas, e vostedes si teñen a responsabilidade e os medios para poder elaboralas.
Entón solicitamos que haxa propostas para que non se prexudique a vida de todas estas persoas e todos estes axentes económicos que mencionei agora.

Se vostede lle pregunta probablemente aos usuarios da cidade e lles di o coste do metro liñal dese tubo que están a colocar, probablemente decidan facelo doutro xeito, porque hai xeitos nos que non custaría esa cantidade de diñeiro que van ter que pagar.
De todas formas, o que quero dicir é que as restricións que temos agora impostas por culpa de dificultade de tránsito polo pavimento, que imos entender que pode estar baseado na resistencia dos aparcadoiros subterráneos, temos que solventalo, temos que solucionar e temos que poñer medidas técnicas que existen para que non existan esas limitacións e non quedarnos con iso de que non poden pasar, non poden pasar por aquí, porque os executantes da obra dixeron que non se podía pasar por aquí.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Grazas, señor Cabarcos. Na súa proposición hai dúas..., podía dicir mentiras, pero vou dicir que falta á verdade.
Simplemente quero... Como vostede quere que se fale de mobilidade, eu tamén vou falar de mobilidade. Primeiro falan, como dicía o voceiro do Goberno, estase a desenvolver unha obra de substitución de pavimento. Creo que quedou bastante..., pero xa que fixo iso eu voulle ensinar... Eu so que as vou ensinar. Algunha hai... (Ensina unhas fotos) … Isto é o que se está a facer, este non é un cambio de pavimento. Isto é o interior dunha das tuberías. Aquí hai ata mexillóns. Eses non os foron buscar. Pero hai ata... Isto é o interior dunha das tuberías que se sacou. Aquí si que hai mexillóns.
Esa é a primeira, porque falta a vostede á verdade, sempre quitando... É un simple cambio de plaqueta. Un simple cambio do planeta, non. Aquí estase intervindo dunha forma moi profunda e moi coidadosa.
Precisamente a vostede non lle parece importante, pero para a saúde, que iso é o primeiro. Iso é o primeiro.
Mobilidade. Hai outra cousa que quero matizar. Hai un ano que se asinou, o 21 de maio, un decreto restrinxindo o acceso de vehículos con Masa Máxima Autorizada superior a 3.500 quilos ao recinto amurallado. Non é certo. Non leu ben o decreto. Quero que o lea. Quere que lle diga por que non é certo?
Restrinxíronse dúas portas. Só dúas portas. No resto está operativa a nosa ordenanza que ten máis de dez anos. 5.500 quilos.
Pero, quero dicir, é que estas son as propostas. Polo menos non mentir nas proposicións. Despois vostede pode dicir o que queira, pero polo menos non faltar á verdade e dicir as cousas a medias, porque é o que se fai. É sempre o mesmo, terxiversar, terxiversar, terxiversar... Canto peor, mellor. Están a ver se...
Eu creo que están desexando que cada día ocorra unha desgraza. É que o digo... Non o digo de ningunha broma. Hai un incendio... Meu Deus. Xa aparecen correndo. Hai un non sei que. Xa aparecen correndo para facer a foto.
Eu creo que están desexando que ocorra unha desgraza. Porque é así. Esa é a impresión que eu teño e non só eu. É o que me transmite a xente, que hai veces que parece que está ocorrendo iso. Non só teño eu esa impresión. A min tamén ma transmite a xente. Cada vez que hai algo malo veñen correndo. Cando hai algo bo, non sabemos nada.

Non sabemos nada. E senón... Un simple exemplo: 100.000 habitantes. Si, pero, en vez de estar contentos... Conseguimos 100.000 habitantes... Hai que consolidalos, pero conseguimos 100.000 habitantes, que é un punto moi favorable para a cidade. Vainos traer... A parte, xa non só o optimismo. Vainos traer moitas máis cousas que iremos vendo. Non, coidadiño. Non imos dicir que foi bo. Si, pero... Si, pero... Unha forma de facer política un pouco cicateira] e un pouco...
A xente do que ten a impresión é diso, que é o que me transmiten a min. Canto peor, mellor. Iso é o que me di a xente na rúa. E creo que é digno de mirar. É digno de mirar. E por iso facer proposicións sen dicir toda a verdade creo que é feo. Incluso feo. Pero, por certo, cando a fago estas afirmacións fágoas con vehemencia, porque eu son vehemente. Que non se confunda coa mala educación.
Eu o que non vou ser é mentireira e cínica. Iso nunca o vou a facer, pero vehemente si o son. Seguimos. Sometemos a votación.

19/123 **PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 247/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTARLLE AO CONCELLO DE LUGO A FACILITAR O COBRO DE ANTICIPOS PREVIOS Á XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS (Exp. 2024/G004/000467).-** Vista a antedita proposición do seguinte teor:

La Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, prevé en su artículo 34.4 la posibilidad de realizar pagos anticipados a cuenta de las subvenciones concedidas a las entidades sociales. Estos anticipos supondrán entregas de fondos con carácter previo a la justificación, como financiación necesaria para poder llevar a cabo las actuaciones inherentes a la subvención.

Puesto que el Concello de Lugo no contempla esta posibilidad y con el fin de revertir esta situación, el Grupo Municipal del Partido Popular considera de interés municipal que el Pleno de la Corporación Municipal ACUERDE:

Instar al gobierno municipal a realizar las acciones oportunas para que las entidades puedan optar al cobro de anticipos previos a la justificación de las subvenciones nominativas o excepcionales que les hayan sido concedidas.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 24

| | | |
|---|---|---|
| - **Votos a favor**: | 12 | do Grupos Municipal do Partido Popular. |
| - **Votos en contra:** | 12 | dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - **Abstencións:** | 0 | |

Efectuada nova votación con idéntico resultado e, en virtude do voto de calidade da Excma. Sra. Alcaldesa-Presidenta, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA**

REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

**DELIBERACIÓN**

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Polo Partido Popular. Gustavo Díaz. En nome do Grupo Municipal Popular.

**-GUSTAVO DÍAZ REY:** Muchas gracias, señora alcaldesa. Como todos sabemos, el tejido asociativo de Lugo está constituido por diversos colectivos, entre los que se incluyen asociaciones de carácter vecinal, asociaciones culturales, de mujer, deportivas, de mayores, asociaciones de carácter social, juveniles, un tejido asociativo, con un compromiso impresionante.
Sin ese tejido, las administraciones no llegarían a todo lo que es necesario llegar para atender a muchas necesidades. Y tiene además este papel fundamental, porque más del 40% de la población. Más del 40% de la población de Lugo.
No es fácil que desde la administración se reconozca su tarea como un servicio esencial, ni tampoco es fácil que se les considere un sector con el cual hay que coordinarse.
El gran capital social y la inteligencia colectiva del movimiento asociativo no se pueden desperdiciar porque lo necesitamos.
Las asociaciones son agentes fundamentales para la transformación social, la construcción del interés general, la solidaridad y el fomento de la convivencia.
Todo lo que hacen las asociaciones es un servicio comunitario esencial, que mejora la vida de las personas y da vida a los municipios.
Un servicio público para la cidadanía que merece el apoyo de nuestro Concello. Es un trabajo necesario e importantísimo. Es obligación de las administraciones conocerlo, apoyarlo, facilitarlo, acompañarlo, fortalecer sus estructuras y mejorar la eficiencia de su acción.
Y también es fundamental hablar de algunos de los problemas a los que se enfrentan, como, por ejemplo, como pueden ser la complejidad burocrática a la hora de solicitar subvenciones y ayudas, que por otro lado son totalmente necesarias para realizar su labor, o no aumentar desde hace años la dotación de recursos económicos por parte de nuestro Concello, es contribuir a mantener la inseguridad y la inestabilidad de estas entidades, como por ejemplo las subvenciones nominativas con importes que no se actualizan desde hace varios anos ya.
Si a esto añadimos además la imposibilidad de recibir anticipos a cuenta de las subvenciones que se les pudiesen conceder, estaremos hablando de un cúmulo de dificultades que conducen a estas entidades a enfrentarse a situaciones cada vez más precarias.
La ley 38/2003, de 17 de noviembre, general de subvenciones en su artículo 34.4 prevé la posibilidad de... Bueno, y la ley 9/2007, de 13 de junio, de subvenciones de Galicia en su artículo 31.6 también, prevé la posibilidad de realizar pagos anticipados a cuenta de las subvenciones concedidas a las entidades sociales.

Estos anticipos suponen entregas de fondos con carácter previo a la justificación como financiación necesaria para poder llevar a cabo las actuaciones inherentes a la subvención.
Pues este Concello no contempla expresamente esta prioridad, ni en las bases de ejecución del presupuesto ni en los convenios que regulan las subvenciones directas que concede ni en las bases reguladoras de las subvenciones de concurrencia competitiva.
¿Que significa esto? Significa que las asociaciones se están viendo obligadas a adelantar pagos y a realizar un esfuerzo extraordinario para poder hacer frente a los gastos derivados de la ejecución de los proyectos para los que se les concede la subvención.
Una situación que, incluso en algunos casos, les lleva a desistir de la subvención porque les resulta imposible ejecutar la actuación subvencionada y muchos otros ni siquiera optan ya a solicitarla.
Con el fin de revertir esta situación y para que estas entidades mantengan su estabilidad y la de sus actuaciones proponemos al gobierno municipal que realice las acciones oportunas para que el cobro de anticipos quede reflejado en las bases y convenios reguladores de las subvenciones que concede y de esta forma las entidades podrían optar al cobro de los mismo con anterioridad a la presentación de la cuenta justificativa y a la finalización de la ejecución de la actuación subvencionada.
Esto les axudaría a no tener que soportar la carga financiera que supone la ejecución de la actuación y que en muchos casos resulta inasumible.
Por eso hoy proponemos a este pleno la toma de una decisión acertada, a nuestro entender, y necesaria. Y lo hacemos con tiempo suficiente para que se puedan llevar a cabo las modificaciones oportunas, tanto en los presupuestos generales en su base de ejecución, como en toda la normativa municipal reguladora en materia de subvenciones. Proponemos anticipos, que podrían estar entre un 50 y un 80%, porcentajes que consideramos adecuados y que servirían de gran apoyo y favorecerían el desarrollo de más y mejores proyectos.
Como decía usted hace un momentito, vamos a hacer cosas que de verdad importan. Muchas gracias.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Díaz.
Polo goberno ten a palabra a voceira dona Olga López Rocamonde.

**-OLGA LÓPEZ RACAMONDE:** Bo día, alcaldesa. Bo día a todos os concelleiros, concelleiras. Pois si, efectivamente, concordo con vostede. Imos facer cousas que realmente importan. E, de feito, unha parte importante do orzamento do Concello de Lugo canalízase a través de subvencións.
Un importe económico de 965.055 euros no noso presuposto. Co obxectivo de que poder dar resposta, con medidas de apoio económico, ás demandas sociais e económicas de persoas e entidades públicas e privadas de carácter asociativo sen ánimo de lucro.

Todos sabemos, entendo, ou debéramos, que as subvencións son unha parte importante do gasto público e, polo tanto, deben, como non pode ser doutro xeito, axustarse ás directrices da política orzamentaria, así como das directrices dos órganos de control do noso Concello. Este é o servizo de Intervención.
A austeridade no gasto corrente e á mellor selección das políticas públicas, facendo moito fincapé nas prioridades de gasto, así como o aumento de control e da avaliación, que isto axudou a reducir paulatinamente dun xeito progresivo as necesidades de financiamento.
E favorece, como non pode ser tamén doutro xeito, o desenvolvemento económico e a creación de emprego. Por iso así o practicamos no Concello de Lugo.
Un dos principios que rexe a Lei de subvencións é o da transparencia, que este goberno leva a cabo escrupulosamente na forma de conceder e fiscalizar estas subvencións.
De feito, é un concello que utiliza as subvencións directas de forma excepcional e debidamente xustificada, como fixo en tempos de pandemia e o segue a facer. En ningún caso é un trámite habitual como si o manda a lei.
Quero resaltar que o Partido Popular, en concellos nos que goberna na man de Vox, consegue conceder 121 subvencións directas, un escándalo, dun xeito totalmente discrecional e sen seguir os criterios absolutos de transparencia.
Son datos públicos que calquera de vostedes pode contrastar.
O plan estratéxico anual de subvencións introduce unha conexión entre os obxectivos e os efectos que pretenden acadar cos custos previsibles de financiamento.
As subvencións son unha técnica de fomento de determinados comportamentos que consideramos de interese xeral e procedementos aos que en moitos casos as administracións públicas non podemos chegar.
A gran diversidade destas subvencións van dende o eido cultural ao eido deportivo ou ao eido dos servizos sociais.
Pero tamén lles digo que as subvencións neste concello, en moitos casos cubren, sobre todo, necesidades de xustiza social.
Non sei se lle soa este monstro ao que vostedes lle dan voz alí onde poden e cando non teñen outra noticia que dar.
Tamén lles vou dicir: chegan tarde con esta proposta. Unha vez máis, é verdade que me dá ata mágoa, porque hai mes e medio que este Concello instou aos órganos competentes, á Intervención, a emitir un informe no eido de poder adiantar os pagos a estas entidades nominativas.
Estamos esperando que o emita en tempo e forma para que así poidamos, porque é a vontade política, adiantar os pagos destas subvencións.
Porque, como todos coñecemos, o informe da Intervención anterior, das dúas anteriores, era desfavorable neste eido e mesmo eu tratei de que cambiase de opinión en base á lei, non doutro xeito, en tempo de pandemia e non o conseguín. Polo menos en Lugo, ao mellor noutros concellos agora consígueno.
E tamén quero dicirlles que moitas das subvencións nominativas que o Concello de Lugo está a prestar palía necesidades sanitarias.
Vostedes dirán. Volvemos co mesmo.

Home, eu non creo que estea confundida se entendo que a prestación sanitaria corresponde ao Sergas, un órgano totalmente dirixido e totalmente a responsable da Xunta de Galicia.
Financiamos subvencións como pode ser rehabilitación para Parkinson ou esclerose múltiple, nutrición no caso de nefropatías, etcétera., que subsanan deficiencias que a prestación sanitaria do Sergas non cumpre. Que lles parece?

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora Racamonde. Ten a palabra o señor Díaz.

**-GUSTAVO DÍAZ REY:** Tenemos que celebrar su decisión aunque le recordamos que fue nuestro grupo municipal quien instó a este gobierno a modificar en las bases de ejecución de los presupuestos esta modificación.
Con respecto a lo que nos comenta de los presupuestos, el presupuesto es un mandato de pleno de la entidad local e indica al gobierno local cuánto y el qué puede gastar, con una línea presupuestaria destinada a subvenciones y con una planificación seria y rigurosa. ¿Cuál puede ser el problema o cuál podría ser el problema para que ustedes se negasen a contemplar la concesión de estos anticipos, como nos pasó en los pasados presupuestos?
También con respecto a otros comentarios y reflexiones, desconozco lo que sucede en otros concellos, pero no puedo más que celebrar si van a votar a favor de esta proposición, supongo, como debería ser. La ordenanza municipal y el plan estratégico de subvenciones ya contemplan que los convenios, tanto los convenios como las bases reguladoras deberán contener necesariamente, cito textualmente, la posibilidad o no de efectuar pagos anticipados. Este o no fue lo que se utilizó siempre para que ninguno de los convenios se haya hecho ningún tipo de anticipo.
Las subvenciones son fundamentales para potenciar al máximo la capacidad de acción y transformación social de nuestro tejido asociativo y contar con la opinión de las asociaciones, entidades y colectivos. Es algo fundamental, solo era necesario escucharlos ya desde hace años que vienen reivindicando esto.
Y eso es lo que hemos hecho nosotros, simplemente trasladar a este pleno sus necesidades, su situación y su realidad.
Reitero el impresionante compromiso del tejido asociativo de nuestra ciudad, reitero la incalculable valía e importancia de su trabajo y reitero nuestra obligación como administración pública... Tenemos la obligación de poner en valor su trabajo, de reconocerlo, de acompañarlo, de apoyarlo, de facilitarlo... Fortalecer sus estructuras y ayudando a mejorar la eficacia de sus acciones.
Por supuesto, valoramos también el esfuerzo de este Concello, pero no era suficiente sin esta posibilidad de los adelantos.
Las asociaciones también reclaman que los importes de las subvenciones nominativas llevan años sin actualizarse. Sé que hay gente que no impulsa las convocatorias con tiempo y sin coherencia en los plazos de concesión y justificación, se quejan de los retrasos en el ingreso de las subvenciones municipales concedidas, incluso después de estar debidamente justificadas. Y para

colmo pues tampoco podían optar al cobro de los anticipos, pues nunca se había contemplado así.
No sé si con los porcentajes de los que hablamos estarían ustedes de acuerdo o... Esperaremos a los planteamientos que nos hagan y simplemente que proponíamos en este pleno que se contemplara esta posibilidad. Muchas gracias.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Pois moitas grazas, señor Díaz. Ten a palabra a voceira do goberno, dona Olga López Rocamonde.

**-OLGA LÓPEZ RACAMONDE:** Voulle dicir. A vontade política xa estaba tomada. De feito, eu mesma falei co Interventor anterior no tempo de pandemia e a resposta técnica foi que non. Nese sentido, hai unha opinións diferentes nos órganos de intervención e non foi viable, non por falta de decisión política, senón por un informe desfavorable dun criterio desfavorable e dos órganos técnicos que, por suposto, hai que respectar. Faltaría máis.
Entón a vontade política xa estaba tomada e que eu mesma lla trasladei ás asociacións as cales tamén escoito e me reúno de forma regular.
Ou sexa que a vontade política estaba tomada e a decisión estaba tomada, e hai mes e medio pediuse de novo. Así que, home, votarlles que si a algo que xa estou facendo, pois mire, chegan tarde, chegan tarde.
Entón, pois que quere que lle digan. E nunca houbo falta de vontade política, nunca houbo falta de vontade política. Debémonos a criterios técnicos. Esa é a legalidade. Outras cousas son as que se fan.
Dicía en alusións, vou dicir que a súa portavoz, que privatizábamos o Sar. Mire, vostede nunha xuntanza non hai moito non só dixo que privatizabamos o Saf, senón que o tiñamos fóra de contrato, señora Candia. O cal era mentira. De feito, chamáronme incluso de varios periódicos a fin de darlle voz ao seu comentario, cousa que non puideron facer.
Voulle dicir, se vostede votase que si a que incrementen as aportacións de Saf á Xunta de Galicia, posiblemente o poderíamos facer noutro eido.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Señora... Señora...

**-OLGA LÓPEZ RACAMONDE:** Non, vouno facer por alusións...

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Non, non, non. Non, señora López Racamonde. Hai que centrarse nas proposicións.

-**OLGA LÓPEZ RACAMONDE:** A proposición de Saf...

-**MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** … Hai outros momentos para facelas e senón serei eu quen replique. Polo tanto, pídolle, por favor, que se centre na proposición en que estamos.

**-OLGA LÓPEZ RACAMONDE:** Agora a Xunta de Galicia parece que quere incrementar a aportación á Saf. Benvida sexa, vale?
Repito de novo. Como hai moitas eivas na prestación de servizos de Sergas, a grande dificultade que temos no Concello de Lugo é asumir competencias que nos son impropias.
E creo que temos un importante déficit doutras prestacións comunitarias, que si que son responsabilidade do Concello de Lugo, e que así debemos de facer, que non podemos dar contestación a ela, e que si a debéramos de dar, porque estamos a subsanar necesidades primarias como son a saúde.
Entón, eu invito tamén a que fagan un intento coa Xunta de Galicia a que preste os servizos sanitarios que ten que prestar, a fin de que a aportación que facemos nominativa poidámola dedicar a servizos comunitarios, que é a obriga que temos como concello, e que non as teñamos que dedicar fundamentalmente a prestacións de fisioterapia, Sergas... A prestacións de nutrición, Sergas, a prestacións de estimulación cognitiva, Sergas, a prestacións de rehabilitación en saúde mental, Sergas, a prestacións de deterioro de mobilidade en parálise cerebral, que é tremenda, Sergas, ao deterioro...

-**MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Grazas, señora Racamonde. Acabou o seu tempo. Ten a palabra o señor Díaz.

-**GUSTAVO DÍAZ REY:** Tratar de justificar votar en contra de la proposición que hacemos hoy con todo eso, señora concejala, creo que le hace entrar simplemente en una incoherencia absoluta.
Si proponemos al pleno que se concedan anticipos en los convenios de subvenciones nominativas directas, como se recoge en el plan estratégico, como se recoge en la ordenanza, como se recoge en las leyes... Votar en contra es complicado. Yo entiendo que es complicado. Nosotros nos reiteramos en lo dicho.
Las administraciones, además de hacer, tienen que ayudar a hacer a la sociedad civil organizada, tienen que promover la acción de las asociaciones, tienen que ayudar, empujar, promover.
El Concello de Lugo tiene que ser unha entidad colaboradora. Votando en contra de esto también lo van a tener que explicar en las asociaciones, porque no tiene explicación para mi. ¿Vale?
Lo que proponemos en este pleno nos permite apoyar de madera ordenada y planificada al tejido asociativo...

-**MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Díaz. Acaboulle o tempo.
Si que a verdade é que é unha proposición construtiva. Chega tarde. Evidentemente. Como lle dixo a concelleira. O que non imos permitir é que cando nós estamos traballando en algo que xa temos feito, vostedes entéranse de calquera maneira ou teñen unha filtración  e o méteno para dicir: grazas ao Partido Popular...

Iso non o imos permitir, pero si que lle quero dar a en hora boa, porque é unha proposición construtiva.
Se non o estivésemos facendo claro que lle votábamos que si, pero, claro, o traballo feito non o vai ter os réditos vostede.É lóxico.
Ademais é habitual esta forma de actuar. Estámolo vendo día tras día, día tras día, día tras día. E neste propio pleno, vémolo. Cando nós estamos traballando nunha cousa e está a punto de saír, se teñen unha filtración sácano para que pareza que é o Partido Popular o que sae e despois vai aos veciños é di: grazas ao Partido Popular. Non é así, señor. Pero de todas formas, si que me gusta. É unha proposición moi construtiva, cun talante moi construtivo. E de aí sempre nos terán ao lado, señor Díaz.
Imos votar esta proposición.

**(Prodúcese a votación)**

... Xa nos fixeron a foto para que salgan os nosos votos en contra. O que hai que poñer debaixo do titular é por que se vota en contra. Creo que é importante, e non terxiversar e mentir sobre o que ocurre nos plenos.
Imos continuar.

20/124 **PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE, NÚMERO 248/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA RECLAMARLLE Á XUNTA DE GALICIA A ACOMETIDA DAS OBRAS NECESARIAS NAS INFRAESTRUTURAS DO CONCELLO E DA PROVINCIA DE LUGO PARA ACADAR UNHA MELLORA REAL NA MOBILIDADE NO ÁMBITO DAS SÚAS COMPETENCIAS (Exp. 2024/G004/000468)**.- Vista a antedita proposición do seguinte teor:

O municipio de Lugo e súa provincia adoecen dun investimento autonómico acorde ás necesidade da nosa actual rede de infraestruturas viarias. As carencias existentes neste sentido no ámbito competencial da Xunta están a limitar o desenvolvemento económico lucense, ao restar valor competitivo para acometer a necesaria captación de iniciativas empresariais e, en consecuencia, impide que se acade a cohesión social e territorial necesaria para equiparar os niveis de calidade de vida da nosa poboación co doutras provincias galegas. De feito, o impacto negativo desta innegable falta de vontade para vertebrar o territorio lucense de forma interna, evidenciada por parte do Goberno autonómico exercicio tras exercicio desde o ano 2009, está a afondar nas desigualdades xerando unha Galicia de dúas velocidades: a occidental, percorrida polo eixo da AP-9, que gaña poboación, e a interior, formada por Lugo e Ourense, que ve como a falta de oportunidades baleira o seu territorio.

Esta realidade incuestionable repercute particularmente de xeito negativo sobre o noso municipio pola súa condición de capital. De feito, este Goberno local, coñecedor do papel de Lugo como centro neurálxico e necesario motor para a provincia, traballa de xeito sistemático para acadar os investimentos necesarios nesta materia por parte de todas as administracións competentes, independentemente da súa cor política. Deste xeito, na actualidade a avenida Duquesa de Lugo está desdobrada e afronta a súa segunda fase logo de que o Concello acometera as tarefas necesarias para acadar este fin en colaboración coa Deputación provincial; a N-VI, á altura de Alfonso X, onde, grazas ao traballo conxunto desenvolto co Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible, contamos cunha rotonda que mellorou a seguridade viaria e a fluidez do tráfico de toda circunvalación e, acadouse recuperar, logo de que permanecera anos gardado nun caixón, o debate da Estación Intermodal, cuxa obra é hoxe unha realidade grazas ao impulso que o Goberno municipal deu ao convenio a tres bandas no que se recollen os compromisos do Goberno central, autonómico e local con este proxecto, cuxas implicacións transcenden indiscutiblemente o ámbito local.

Exemplos como este evidencian que debemos seguir insistindo na materialización de todas as obras e dotacións que teñan que ver coa vertebración do territorio, tamén coas de carácter autonómico. Xa que non haberá un desenvolvemento completo se non se atende este reto dunha forma conxunta. Aspecto para o cal este Goberno local ofrece a súa total colaboración.

Por todo isto, o Grupo Municipal do PSdG-PSOE, propón ao Pleno da corporación os seguintes punto de acordo:

PRIMEIRO.- Instar á Xunta de Galicia a garantir a finalización do Plan Paradai, 24 anos despois de iniciarse e, de modo urxente, executar a rexeneración integral da rúa Serra de Meira, abordando a súa adecuación, dende a rotonda da Avenida Adolfo Suárez ata a rotonda que dá acceso á nova Ponte Romai, renovando e mellorando a pavimentación e as redes de saneamento da zona, unha intervención que xa lle foi solicitada por este Concello en marzo de 2023.

SEGUNDO.- Instar á Xunta a abordar con apremio o procedemento para executar o enlace de conexión entre o Parque das Gándaras coa A6, mellorando así as comunicacións dos polígonos industriais da capital coa rede de autovías, atendendo á petición dos colectivos empresariais da cidade.

TERCEIRO.- Instar ao Goberno autonómico a proceder á creación das dúas sendas peonís e ciclistas comprometidas e acordadas polo Consello da Xunta en marzo do 2022 para mellorar a mobilidade na capital.

CUARTO.- Instar ao Goberno autonómico a concretar os prazos de licitación da obra de desdobramento do corredor Nadela-Sarria e garantir a partida orzamentaria necesaria nos Orzamento de 2025 para a súa execución.

QUINTO.- Instar á Xunta de Galicia a que, no desenvolvemento das súas competencias na materia, se comprometa coa provincia de Lugo para desbloquear e avanzar nas obras das infraestruturas autonómicas fundamentais para garantir as comunicacións, a competitividade e o desenvolvemento da mesma atendendo a proxectos de carácter estratéxico como:
- Acometer as melloras necesarias na LU-651 entre Folgoso do Courel e Quiroga, na súa segunda fase, entre a saída de Folgoso e o núcleo de Ferrería.
- Acometer os accesos ao Porto Seco de Monforte e a Vía de Alta Capacidade da Costa Norte.
- Seguir eliminando os tramos de concentración de accidentes nas vías da provincia de Lugo.

Vista, así mesmo, a emenda presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, número 258/2024, de Rexistro de Pleno, que foi rexeitada polo Grupo Municipal do Partido Socialista de Galicia-PSOE, autor da proposición.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

**Votos emitidos**: 24

| | | |
|---|---|---|
| - **Votos a favor**: | 24 | dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - **Votos en contra:** | 0 | |
| - **Abstencións:** | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Instar á Xunta de Galicia a garantir a finalización do Plan Paradai, 24 anos despois de iniciarse e, de modo urxente, executar a rexeneración integral da rúa Serra de Meira, abordando a súa adecuación, dende a rotonda da Avenida Adolfo Suárez ata a rotonda que dá acceso á nova Ponte Romai, renovando e mellorando a pavimentación e as redes de saneamento da zona, unha intervención que xa lle foi solicitada por este Concello en marzo de 2023.

SEGUNDO.- Instar á Xunta a abordar con apremio o procedemento para executar o enlace de conexión entre o Parque das Gándaras coa A6, mellorando así as comunicacións dos polígonos industriais da capital coa rede de autovías, atendendo á petición dos colectivos empresariais da cidade.

TERCEIRO.- Instar ao Goberno autonómico a proceder á creación das dúas sendas peonís e ciclistas comprometidas e acordadas polo Consello da Xunta en marzo do 2022 para mellorar a mobilidade na capital.

CUARTO.- Instar ao Goberno autonómico a concretar os prazos de licitación da obra de desdobramento do corredor Nadela-Sarria e garantir a partida orzamentaria necesaria nos Orzamento de 2025 para a súa execución.

QUINTO.- Instar á Xunta de Galicia a que, no desenvolvemento das súas competencias na materia, se comprometa coa provincia de Lugo para desbloquear e avanzar nas obras das infraestruturas autonómicas fundamentais para garantir as comunicacións, a competitividade e o desenvolvemento da mesma atendendo a proxectos de carácter estratéxico como:

- Acometer as melloras necesarias na LU-651 entre Folgoso do Courel e Quiroga, na súa segunda fase, entre a saída de Folgoso e o núcleo de Ferrería.

- Acometer os accesos ao Porto Seco de Monforte e a Vía de Alta Capacidade da Costa Norte.

- Seguir eliminando os tramos de concentración de accidentes nas vías da provincia de Lugo.

**DELIBERACIÓN**

-**MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora secretaria. Polo Partido Socialista, a súa voceira, dona Ana González Abelleira.

-**ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA:** Moitas grazas. Pois que Lugo adoece de investimentos autonómicos en infraestruturas e en moitas outras cousas xa quedou patente nas anteriores intervencións.
Pero nesta proposición que traemos a pleno entendemos necesario trasladar á Xunta de Galicia todas estas eivas, que precisan a atención da Xunta de Galicia.
O Corredor Lugo-Sarria, por exemplo, aínda non existe un compromiso concreto de cando se vai licitar esta obra, nin un prazo preciso de cando comezarán eses traballos e en que ano entrará en funcionamento ese desdobramento tan demandado desde hai moitos anos.
Porque é moi necesario para mellorar a comunicación do noso municipio co sur da provincia.
Outros proxectos tamén fundamentais para o municipio, pero tamén para a provincia de Lugo, o esperado plan Paradai, dicían de paciencia, acumula un atraso de 24 anos, e seguimos sen recibir ese impulso por parte da Administración autonómica. A Xunta de Galicia esgrime continuamente o falso argumento de que é necesario acometer pola Confederación Hidrográfica unhas obras de control, tal, que estamos fartos e fartas. E a pesar de que se vai facer ese traballo, que pronto vai comezar ese traballo a confederación, o goberno autonómico continúa sen impulsar este desenvolvemento do plan Paradai.

Outras necesidades que ten o noso municipio, desatendido tamén pola Xunta é o demandado enlace da conexión entre o parque das Gándaras coa A-6, é unha reivindicación que xa trouxemos máis veces a este pleno, que ademais conta co consenso que falaban que buscaba a Xunta de Galicia do tecido produtivo de Lugo e que ademais permite, como non pode ser doutra maneira, mellorar as comunicacións dos polígonos industriais desta capital, coa rede de autovías, e ademais, como dicía, é moi pedida polos colectivos empresariais, non soamente por conectividade, senón tamén por garantir esa competitividade e igualdade de oportunidades con outras zonas que teñen máis éxito nas súas peticións.
Os datos, como dicimos sempre desde este grupo municipal do Partido Socialista, son esclarecedores. Neste sentido, a Xunta de Galicia abriu a circulación de Lugo 11 quilómetros nos últimos 13 anos de vía. Non da nin un quilómetro por ano. Foi o corredor Lugo-Sarria, vía que a día de hoxe, incomprensiblemente, segue a estar incompleta. A pesar de todas as peticións, de todas as promesas e de todo o que a Xunta di que fai e nunca chega.
Por outro lado hai que remontarse tamén ao ano 2010, cando entrou en funcionamento o tramo de Cabreiros e Vilalba, que conecta a A-8, e cuxa licitación e execución deixou lista, por certo, un goberno socialista. E aínda estamos como estamos.
O que lles dicía, en 14 anos, 11 quilómetros de vía. Isto é o balance sucesivo que tamén se dixo nas anteriores proposicións de que para o PP, Lugo ten que perder sempre.
Eu non sei se é que outra provincias, porque no caso de Coruña, na que se invisten 266 millóns máis que en Lugo, ou Pontevedra, 158 millóns máis que en Lugo, si é porque proporcionalmente en territorio fan ese cálculo, ou se é porque os nosos representantes no Parlamento de Galicia non son tan influíntes como os da zona máis occidental, ou é que non lles interesa que Lugo siga avanzando.
Por iso, dende o Concello, desde o grupo socialista traemos esta proposición para que se adopte axeitadamente e que se corrixa ese atraso que temos en Lugo e que arrastra inconvenientes para toda a cidade e para todo o municipio, pero tamén para a provincia. Non podemos esquecernos da Mariña, esa variante que levan pedindo moito tempo de Viveiro, que segue esperando tamén a de Foz e Burela, etcétera, etcétera, etcétera.
Polo tanto, solicítolle a todos os que poidan facer máis presión...

-**MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Grazas, señora Abelleira. Acabou o seu tempo. Ten a palabra o voceiro do Bloque Nacionalista Galego, o señor Rubén Arroxo.

-**RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Grazas. Pois estamos totalmente de acordo con esta proposición, porque evidentemente todo o que se solicita é totalmente necesario.
Ademais creo que é moi acaída, porque hai nada tiñamos aquí un pleno municipal, no que o Partido Popular traía unha proposición, que nós votamos a favor, tamén porque entendíamos que era positiva, na que se instaba ao Goberno do Estado a

levar adiante todos os compromisos que tiña pendentes e que non estaba a executar.
De feito, eu que tamén participei no debate desa proposición, comentáballe ao señor Ameijide, que era quen propoñía por parte do Partido Popular, que era curioso que só se acordaba das obras que están pendentes do Goberno do Estado e non acordaba de ningunha que estaba pendente do goberno da Xunta.
Polo tanto, creo que hoxe é bastante acaído todo isto. Acaído en canto a que falemos de infraestruturas, porque da Xunta poderíamos falar de cuestións de sanidade, de políticas sociais, de cultura... Hoxe ímonos centrar neste punto, que é un máis dos agravios que ten a Xunta dende logo con Lugo, dende hai moitísimos anos.
Falabamos antes dende hai 15 anos. Falamos de cuestións como o que xa se mencionaron, por exemplo, como o de Corredor Nadela-Monforte, que a verdade parece que a obra que nunca se vai acabar, porque levamos anos e anos con promesas de que parece que este ano se vai iniciar, de que hai compromiso orzamentario, que non sei que, que non sei canto, pero a realidade é a que vemos cando pasamos por el.
Temos varios tramos de estradas pola provincia que dependen da Xunta, que teñen puntos declarados como puntos de alta perigosidade e que é a día de hoxe seguen sen repararse, por puntos que teñen acumulación de accidentes nos últimos anos.
Temos o Plan Paradai, que poderíase chamar plan parado, porque levamos de 25 anos... Non, máis. 26 anos para que se remate e non hai maneira. Está pendente o tramo de Serra de Meira, pero tamén o tramo da Calzada das Gándaras, entre a propia rotonda de Serra de Meira e Venancio Senra, que tamén se está pendente de executar.
Polo tanto, é unha proposición que,como dicía antes, que apoiamos, porque ten todo o sentido común, e agardemos, pois, que dunha vez a Xunta de Galicia deixe de castigar a Lugo e que realmente, pois, aposte por investir na nosa cidade e na nosa provincia, que tamén somos galegos e galegas, non só os dos outros sitios.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Arroxo. Polo Partido Popular ten a palabra o señor Ameijide.

-**ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Moitas grazas, alcaldesa. A verdade, é unha pena que a señora Abelleira e o señor Arroxo estean máis preocupados hoxe por unha estrada no Courel que se está facendo que de arreglar unha ponte competencia municipal dos veciños de Rubiás, os cales aproveito para saudar hoxe aquí. Unha mágoa que hai prioridades e que o Concello non quere asumir as súas.
Eu non sei como... Sinceramente, non sei como tomarme esta proposición, porque... Non sei se a broma, se a chiste... Se isto é unha manipulación... Porque o que están poñendo hoxe aquí está todo traballándose nelo. Para nós é unha proposición moi cómoda, porque realmente todo que están pedindo que estase traballando, e as cousas que están paradas é por culpa do Concello de Lugo. É que isto é moi simple.

Miren, é que ademais viven fóra da realidade. Están permanentemente obsesionados coa Xunta de Galicia e con que nos ten maltratados e abandonados, cando abrumadoramente os galegos, concretamente os lucenses, apoian a xestión da Xunta de Galicia. Pero deben ser vostedes os únicos que vén ese maltrato. Porque abrumadoramente están apoiando ao presidente Rueda, á provincia de Lugo e ao Concello de Lugo, e ao Concello de Lugo, concretamente.

Dito isto, Plan Paradai. Miren, o Plan Paradai, como ben saben, leva media década, medio millón de euros reservado en orzamentos da Xunta de Galicia para poder executar ese investimento. Por que non se executa? Porque hai unha discrepancia entre o plan xeral e o dominio público hidráulico, porque tiñan un Cristo montado, permítanme ser tan coloquial, entre a Confederación Hidrográfica e o Concello de Lugo, que bloqueou esa obra, que por certo, estivo adxudicada e houbo que parala.

Por tanto, por que está parado o Plan Paradai e a Serra de Meira? Polo Concello e a Confederación Hidrográfica. Quen goberna os dous? O Partido Socialista.

Ata aquí todo ben. Agora parece que fixeron as prazas e que se vai retomar, pero de momento parárona vostedes.

Conexión co polígono das Gándaras e coa A-6. Supoño que coñecerán a lei estatal e saberán que entre as dúas saídas da Campiña e do Ceao, por lei estatal teñen un enxeñeiro ao lado que llo pode dicir, non se pode construír esa saída directa.

Supoño que coñecerán a lei. Pero supoño que coñecerán tamén que a Xunta traballa en facilitar a mobilidade interna do polígono das Gndaras. Por certo, a mellor mobilidade e a mellor saída do Polígono das Gándaras é a rolda Norte. Rétolles a que lle pidan ao Ministerio que desdobre a rolda Norte e que instale iluminación, que é o que piden os empresarios. Porque di aquí que dialogaron cos empresarios. Era hora! Era hora de que se asentasen. Dixéronlle supoño tamén os problemas de limpeza, os problemas das alcantarillas que roubaron e que non repuxeron, a falta de contedores, a falta de mantemento das zonas verdes ou o total abandono dos viais que vostedes recibiron, pero non manteñen. Supoño que lles dixeron iso tamén, non?

Pídolles valentía para pedir esa Rolda Norte. E pídolles xenerosidade tamén para no novo Polígono das Gándaras acceder ao espazo para construír o parking de camións, que votaron en contra del, que pagaba a Xunta de Galicia e que vostedes se negaron a ceder ese espacio a Atradime e Tram para construír ese parque.

Votaron en contra. Pagábao integramente a Xunta de Galicia, pero votaron en contra. Xenerosidade e valentía.

Sendas peonís e ciclistas. A Xunta está traballando nelo. Piúgos, Carballido e moitas outras máis que virán a continuación. Unha mágoa que vostedes non recapaciten, rectifiquen e recoñezan o fracaso estrepitoso do seu carril bici. Unha mágoa que non o recoñeza. Non vai ninguén por eles. Nin vostedes. Non vai ninguén por el. Cartos máis tirados neste Concello poucas veces se viron.

Pídolles tamén coherencia: valentía, xenerosidade e coherencia. Coherencia porque onte na Diputación ese señor que está alí, Miguel Fernández, foi testemuña tamén antonte de como non se apoiou a construción dunha senda peonil e para os peregrinos nunha estrada Deputación Provincial. Quen se negou a esa construción? O Partido Socialista e o BNG. Non había titularidade da Deputación

Provincial. Por certo, o señor Fernández tivo tamén deferencia, imaxino que lle daba vergoña votar en contra diso, de ausentarse desa votación. Non sei se por casualidade ou buscado, pero a realidade é que, por certo, tivo a deferencia de non votar en contra dos veciños do Burgo.
Corredor Nadela-Sarria. Queren que falemos delo? Pero vostedes falan entre vostedes? O primeiro, van ter un cisma, porque o señor Tomé estaban moi enfadado porque citaban Nadela-Sarria en lugar de Nadela-Monforte. Pero quitando eses temas de egos, que nós non nos imos meter niso, vostedes fálanse? A alcaldesa e vostede fálanse entre vostedes?
Pregunto. Porque vostedes asinaron unha proposición pedindo prazos que lles deron a alcaldesa o outro día no Páramo, porque estaba ao ladiño, pegadiña ao presidente da Xunta, onde se deron prazos. 35 millóns de euros, 13,5 kilómetros...
O 19 de xuño remata o prazo de alegacións para as expropacións. E despois continuarase co resto dos proxectos.
Deu as cifras e deu os prazos o presidente alí. Supoño que llos trasladaría a señora Alvarellos. Do contrario, supoño que hai un fallo de comunicación interna. E que é moi fácil votar a favor desta iniciativa para nós, porque todo o que lles dixen estase traballando. Por tanto, o único que queda é que esas infraestruturas que non veñen do goberno central, veñan. Así que esa valentía que lles pido, téñena tamén para esixir aos seus, que son os que nos teñen illados a Lugo, sendo a provincia e a cidade máis illada de toda España.
Por tanto, nós, aos nosos, pedímoslle porque sabemos que cumpren e que están cumprindo cos lucenses. Ollo, que non o dicimos nós…

-**MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Ameijide.
[...]
Perdón, que non estaba gravando. Ten a palabra a señora González Abelleira.

-**ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA:** Só respóndame a isto. Que pon aquí?
Aquí, aquí. Isto é do 17 de 2023, no que vostede me está dicindo a min que só me interesa o Courel. Mentira. Partidos Populares presentaron unha proposición na que insta ao Concello de Lugo a garantir que a conexión da provincia de Lugo coa alta velocidade, a garantir á provincia de Lugo o corredor de mercadorías, a proceder á reconstrución dos viadutos da A-6, a impulsar de xeito... Todo o que estamos pedindo aquí, que é a motivación desta proposición e, porque vostedes, neste caso, solicitaban ao Concello de Lugo e non aceptaron unha emenda proposta polo goberno municipal para instar á Xunta de Galicia, que é quen ten as competencias niso.
E enriba emendan co mesmo que xa está aprobado no pleno de outubro de 2023.
Como vostede está tan pendente dos votos e sempre alardeando de que ten máis votos que o resto, pero non goberna, señor Ameijide.
E, polo tanto, nós temos que xestionar desta maneira.
Medio millón de euros. Vólvolle repetir. Saíu na primeira, na segunda, na terceira e agora na última. Medio millón de euros que aparece todos os anos e que ao final non se executa absolutamente nada. Quen ten que executar os orzamentos da

Xunta de Galicia? O Concello de Lugo? Non, tenos que executar a comunidade autónoma. E, polo tanto, eu creo que temos que ser serios. E cando as súas destrezas e malabarismos políticos caian nos veciños e nas veciñas e vaian descubrindo, para min tarde, de todas as artimañas políticas para convencelo na dirección do seu voto, pois nese momento irán vendo todas as escusas, mentiras, xustificacións, que o Partido Popular fai continuamente nas súas políticas.
Pero si, imos seguir pedindo por estas infraestruturas, porque non queremos quedar nesa segunda parte que nos quere deixar a Xunta de Galicia.
Coruña e Pontevedra sempre reciben moitísimo máis financiamento que Lugo e Ourense. E nós imos seguir pedindo por Lugo, e imos seguir pedindo para que se desenvolvan as infraestruturas necesarias para non ser un Lugo de segunda. E querémolas xa, e cansámonos de pedilo. Polo tanto, equiparación igualitaria para todas as provincias, o que considere oportuno polas necesidades e polas prioridades, pero dende logo non deixarnos sempre nun segundo plano.
Xa estamos fartas, e por iso queremos volver e volveremos as veces que faga falta con este tipo de de proposicións, que ademais sempre...

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora González Abelleira.
Ten a palabra o señor Rubén Arroxo, polo Bloque Nacionalista Galego.

-**RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Hoxe a frase do día vai ser "O PP está traballando nisto", porque xa se dixo varias veces. O que pasa é que a realidade é teimuda, porque se di que o PP está traballando dende a Xunta no desdobramento do corredor Nadela-Monforte e a realidade é que levamos anos con esa frase, pero pasas por alí e o corredor segue sen desdobrar, quintado ese tramiño pequeno que hai aí, pero o resto segue sen desdobrar.
Si, si, algún día se fará. Decídense antes. Estamos a favor de que se rehabilite a Tinería, pero é coma isto, non? Pero a cuestión é que se fagan feitos, non que se estea a favor o que se estea traballando, que se faga, que realmente que se poida ver.
Por certo, eu creo que ao señor Ameijide vaille a marcha, porque falar hoxe... Eu creo que si, porque falar hoxe de que a Xunta está traballando na mellora da mobilidade do Polígono das Gándaras... A ver, imos ver... A Xunta fai un polígono que primeiramente temos que despois o Concello, con cartos do Concello, arranxar as desfeitas da Xunta. Primeiro que fai un polígono porque os camións non poden xirar, que ten unha mediana enorme e un só carril no que os camións non poden nin sequera xirar.
Ten que ir o Concello detrás a reparar eses viais. Despois, que fai uns cruces perigosos que ata hai membros do Partido Popular que nos solicitan que fagamos rotondas. Ou sexa, nun polígono que fai a Xunta.
Despois veñen membros do Partido Popular a pedirlle ao Concello que fagan rotondas, porque é que son moi perigosos eses cruces. É certo, son moi perigosos. E a Xunta está mellorando a mobilidade do Polígono das Gándaras. Oxalá, oxalá, que sería fantástico, pero a realidade é teimuda, non?

Si, o Partido Popular está traballando nisto, pero a realidade é outra. A realidade é que vemos que os veciños e veciñas de Lugo, con todos os compromisos que tería que ter feito a Xunta, que vemos como día tras día, somos a cidade castigada, castigada nas infraestruturas, pero tamén no resto de cuestións nas que ten competencia o Goberno Galego.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Arroxo. Ten a palabra o voceiro do Grupo Popular, señor Ameijide. Un momento, un momento.

-**ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Pois seremos a cidade castigada, pero somos a provincia e a cidade que máis apoia e máis vota esta Xunta de Galicia. Tan mal non se sentirán os galegos, tan mal non se sentirán os galegos.
Miren, eu non sei se estamos gobernados por un goberno, non o tome mal, eh, de ignorantes ou de persoas que adoecen de mala fe. Non o sei, porque dicir que Serra de Meira está paralizada pola Xunta cando non se podía facer a obra por culpa de que estaba bloqueado, como ben saben, por unha controversia entre Confederación e o Concello, pois é mentir. É mentir ou ter mala fe, ou descoñecer, por iso digo ignorantes. Ao mellor é por ignorancia. E o do señor Arroxo. Home, criticar o investimento no corredor Nadela-Monforte, pois, oia, mire, eu creo que os avances foron significativos e que dentro de 22 días acaba o prazo de alegacións, precisamente, proba de que está en marcha. Pero ogallá foran tan belixerantes co Goberno central.
Vostedes, que o apoian en Madrid os señores do Bloque Nacionalista Galego e os señores que deben ser amigos ou polo menos do mesmo partido, ou iso din, de Pedro Sánchez.
Pero claro que presentamos unha emenda, porque claro que somos a cidade máis illada e máis abandonada de toda Galicia, con moita diferencia, polo goberno central. E por iso lle entregamos unha carta ao ministro o outro día dicindolle todas as eivas que ten coa cidade de Lugo e coa provincia de Lugo. E por iso imos reiterar.
Lugo é a única cidade e a única capital de Galicia e do entorno que quedamos sen alta velocidade. Por que? Porque vostedes desmantelaron as variantes que quedaron aprobadas no goberno de Mariano Rajoi.
Desmanteláronse e bloqueáronas. Fóra da alta velociade, fóra do corredor atlántico de mercadorías, quitáronos as frecuencias de tren, as poucas que tiñamos. Quitaron ata as paradas de autobús, do transporte que dependía do Ministerio. Ata o fixeron... Iso...
É que non temos tren e tampouco temos autoestradas e autovías.
E que a A-54 paralizárona vostedes. Dos sete tramos que hai, seis inauguráronse en gobernos do Partido Popular. Da A-56 metérono nun caixón. A A-74, tampouco, a A-72 tampouco. E se quere podo seguir dicindo máis.
As nacionais, absolutamente abandonadas, as autovías, absolutamente abandonadas.
Non é que sexa incómodo cruzar por elas, é que son perigosas. É que son perigosas. E volvámolo e territorializamos en Lugo. Rolda Norte? Ata cando imos

estar cunha longa noite sen desdobrar. Iso si que é importante para pechar o cinto da nosa cidade. E vostedes non o piden.
Rétolles a que sexan un pouco máis belixerantes. Rétolles a antepor os intereses dos lucenses por diante das súas siglas políticas e, sobre todo, por diante da figura de Pedro Sánchez. Rétolles a que pinten algo en Madrid, porque o PSOE e o BNG en Madrid non pintan nada.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Última quenda para a voceira do goberno. Digo, do Partido Socialista, dona Ana González Abelleira. Pulsa.

**-ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA: ...** de educación... Mire, chamar ignorante a alguén non sei se é. Creo que é a única forma en que funcionan as cousas co Partido Popular da Xunta de Galicia é enviándolles cartas. Non, non. Enviándolle cartas de parte do Grupo Municipal do Partido Socialista de Lugo, contando que se vai aprobar esta proposición e rexeitando a emenda porque xa está aprobada.
Entón se lla fai chegar, porque vexo que aquí a competencia que vostede di "se la pasa por el forro".
Entón... No, no, pero es que los que tienen el gobierno es el Partido Popular. Porque teñen máis votos, así que envíolle esta carta.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Espero, señora voceira, que leve remite. Si quería especificar unha cousa, señor Ameijide, que vostede disto sabe e ademais cónstame... No plan Paradai, como sabe, había dúas fases, estaba como sabe vostede e falou a Calzada das Gándaras. Podería ter empezado e non se fixo, non estaba afectada por nada. E actualmente todo o que se fixo tanto na Confederación como no Concello xa está a licitación e a punto de ser adxudicada.
A Xunta puido ter empezado xa con Serra de Meira, e non empezou. E vostede sábeo.
E sobre todo a calzada das Gándaras hai anos que puido ter empezado o proxecto de urbanización. Polo tanto, vostede sábeo e eu tamén. Ao mellor hai xente que non o sabe. Pero a Xunta está aí botándolle a culpa aos demais, pero non está facendo a súa parte, que é o proxecto de urbanización. E vostede sábeo.
Tamén quería explicar ben isto, creo que está ben explicado, pero quero puntualizar a proposición do grupo municipal do Partido Popular do 17 de outubro de 2023.
Á que votamos que si todos. E vostedes rexeitaron a emenda nosa, que era precisamente a nosa proposta de hoxe, por iso se tivo que traer, porque nós si que, independentemente da cor, loitamos por Lugo, loitamos polos nosos veciños e votamos que si, a pesar de que rexeitaron a nosa emenda.
Pero hoxe, é que ademais é un copia e pega, totalmente, un copia e pega. Estaba vendo a emenda, que ademais eméndanse vostedes mesmos ata en tres ocasións, ata en tres ocasións, o cal é tamén bastante chamativo.
Fan unha proposición, eméndanse vostedes... Esta é a terceira vez no día que vemos como se emendan, o cal é incrible. É incrible. E respecto ao que dicía o

voceiro do Bloque Nacionalista Galego, eu si que estiven alí cando estaba o presidente Rueda, pero iso como dixo o voceiro do Bloque e campañeiro de goberno, non son máis ca anuncios.
Estamos moi acostumados a eses anuncios: un ano, tras ano, tras ano... É como o Museo da Romanización. Un ano, tras ano, tras ano... E alí estaba nos orzamentos. Alí, como a praia fluvial, que estamos intentando por tódolos medios, pero sempre van encontrar... Coidado, agora xa hai nenúfares. Como dixen eu, había mexillóns, hoxe que aínda non temos o informe, o Concello de Lugo non ten ese informe. Remitírono á prensa, pero o Concello de Lugo cando entrei neste concello a Xunta non remitira o informe, pero ten que remitilo á Confederación, evidentemente, pero igual que llo remitiu á prensa, debíamo remitir a min para que puidese xa traballar.
A min non me remitiu. Todo o que sei é pola prensa. É todo o que sei.
E ao parecer agora aparecen nenúfares. Había mexillóns, agora hai nenúfares, e como xa dixen máis veces, aparecerán fanecas bravas, porque xa é o que nos falta que nos apareza.
Señor Ameijide, vostede coma min sabe que no Plan Paradai podía estar traballando a Xunta e non o fai, porque castigan a Lugo unha e outra vez, unha e outra vez, e así seguimos.
Imos votar esta proposición.

## B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

### PARTICIPACIÓN CIDADÁ

21/125 **DACIÓN DE CONTA DO INFORME ANUAL DE SUXESTIÓNS E RECLAMACIÓNS CORRESPONDENTE AO ANO 2023.-** En cumprimento do establecido no artigo 131.4e) do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Lugo, DÁSELLE CONTA ao Excmo. Concello Pleno do informe anual de suxestións e reclamacións, presentadas durante o ano 2023, emitido polo sociólogo da Area de Participación e Servizos para a Veciñanza, don Ángel Bru Guzmán, no que se INFORMA o seguinte:

No periodo comprendido entre os días 1 de xaneiro e 31 de decembro do ano 2023 admitíronse a trámite **194 expedientes**, segundo o seguinte detalle:

**Queixas:** **172** (88,65%)
**Suxestións:** **22** (11,34%)

Resoltos: **180** (92,78%)
Pendentes: **14** ( 7,22%)

Informes emitidos en prazo (antes de 15 días): **107** (59,44%)
Informes emitidos fóra de prazo : **73** (40,55%)
Resoltos en prazo (antes de 3 meses): **171** (95%)

Resoltos fóra de prazo: **9** (5%)

Q: queixas
S: suxestións
R: resoltos
P: pendentes
I+: informes emitidos en prazo (antes de 15 días)
I- : informes emitidos fóra de prazo
R+: resoltos en prazo (antes de 3 meses)
R- : resoltos fóra de prazo

## 1. AREA DE ALCALDÍA

Expedientes: 16 (8,25%)

Queixas: 15 (8,72%)
Suxestións: 1 (4,54%)

Resoltos: 15 ( 100%)
Pendentes: 1 (6,25%)

| Servizo | nº exp. | Q | S | R | P | I + | I- | R+ | R- |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ASESORIA X. | 1 | 1 | 0 | 0 | 1 | | | | |
| POLICIA LOCAL | 15 | 14 | 1 | 15 | 0 | 13 | 2 | 15 | 0 |
| | 16 | 15 | 1 | 15 | 1 | 13 | 2 | 15 | 0 |

## 2. AREA DE TRANSICIÓN ECOLÓXICA E IMPULSO RURAL

Expedientes: 31 (15,98%)

Queixas: 30 (17,44%)
Suxestións: 1 ( 4,54%)

Resoltos: 27 (87,09%)
Pendentes: 4 (12,90%)

| Servizo | nº exp. | Q | S | R | P | I + | I- | R+ | R- |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| AUGAS | 8 | 8 | 0 | 8 | 0 | 1 | 7 | 6 | 2 |
| BRIGADA DE AUGAS | 1 | 1 | 0 | 0 | 1 | | | | |
| MEDIO AMBIENTE | 12 | 12 | 0 | 10 | 2 | 1 | 9 | 8 | 2 |
| PARQUES E XARDÍNS | 7 | 6 | 1 | 7 | 0 | 3 | 4 | 7 | 0 |
| ZONA RURAL | 3 | 3 | 0 | 2 | 1 | 1 | 1 | 2 | 0 |
| | 31 | 30 | 1 | 27 | 4 | 6 | 21 | 23 | 4 |

### 3. AREA DE SOSTIBILIDADE URBANA E RECURSOS INTERNOS

Expedientes: 14 (7,22%)

Queixas: 14 (8,14%)
Suxestións: 0

Resoltos: 12 (85,71%)
Pendentes: 2 (14,28%)

| Servizo | nº exp. | Q | S | R | P | I + | I- | R+ | R- |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| FACENDA | 8 | 8 | 0 | 8 | 0 | 8 | 0 | 8 | 0 |
| LICENZAS | 1 | 1 | 0 | 1 | 0 | 1 | 0 | 1 | 0 |
| TESOURERIA | 2 | 2 | 0 | 2 | 0 | 2 | 0 | 2 | 0 |
| DISCIPLINA | 3 | 3 | 0 | 1 | 2 | 1 | 0 | 1 | 0 |
| | 14 | 14 | 0 | 12 | 2 | 12 | 0 | 12 | 0 |

### 4. AREA DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA

Expedientes: 11 (5,67%)

Queixas: 9 (5,23%)
Suxestións: 2 (9,09%)

Resoltos: 11 (100%)
Pendentes: 0

| Servizo | nº exp. | Q | S | R | P | I + | I- | R+ | R- |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| DEPORTES | 11 | 9 | 2 | 11 | 0 | 11 | 0 | 11 | 0 |
| | 11 | 9 | 2 | 11 | 0 | 11 | 0 | 11 | 0 |

### 5. AREA DE COHESIÓN SOCIAL

Expedientes: 25 (12,88%)

Queixas: 24 (13,95%)
Suxestións: 1 ( 4,54%)

Resoltos: 25 (100%)
Pendentes: 0

| Servizo | nº exp. | Q | S | R | P | I + | I- | R+ | R- |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| CENTRO ATENCIÓN Á MULLER | 1 | 1 | 0 | 1 | 0 | 1 | 0 | 1 | 0 |
| SERVIZOS SOCIAIS | 24 | 23 | 1 | 24 | 0 | 20 | 4 | 24 | 0 |
| | 25 | 24 | 1 | 25 | 0 | 21 | 4 | 25 | 0 |

**6. AREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA**

Expedientes: 15 (7,73%)

Queixas: 10 ( 5,81%)
Suxestións: 5 (22,73%)

Resoltos: 15 (100 %)
Pendentes: 0

| Servizo | nº exp. | Q | S | R | P | I + | I- | R+ | R- |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| CULTURA | 10 | 5 | 5 | 10 | 0 | 2 | 8 | 10 | 0 |
| EDUCACIÓN | 5 | 5 | 0 | 5 | 0 | 5 | 0 | 5 | 0 |
| | 15 | 10 | 5 | 15 | 0 | 7 | 8 | 15 | 0 |

**7. AREA DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA**

Expedientes: 28 (14,43%)

Queixas: 26 (15,12%)
Suxestións: 2 ( 9,09%)

Resoltos: 28 (100%)
Pendentes: 0

| servizo | nº exp. | Q | S | R | P | I + | I- | R+ | R- |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ATENCIÓN Ó C. | 10 | 9 | 1 | 10 | 0 | 6 | 4 | 10 | 0 |
| CEMITERIO | 1 | 0 | 1 | 1 | 0 | 0 | 1 | 1 | 0 |
| ESTATISTICA | 8 | 8 | 0 | 8 | 0 | 0 | 8 | 7 | 1 |
| REXISTRO | 2 | 2 | 0 | 2 | 0 | 2 | 0 | 2 | 0 |
| TARXETA C. | 7 | 7 | 0 | 7 | 0 | 4 | 3 | 7 | 0 |
| | 28 | 26 | 2 | 28 | 0 | 12 | 16 | 27 | 1 |

**8. AREA DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS URBANAS**

Expedientes: 54 (27,83%)

Queixas: 45 (26,16%)
Suxestións: 9 (40,90%)

Resoltos: 47 (87,04%)
Pendentes: 7 (12,96%)

| Servizo | nº exp. | Q | S | R | P | I + | I- | R+ | R- |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| BRIGADA SINALIZACIÓN | 1 | 1 | 0 | 1 | 0 | 1 | 0 | 1 | 0 |
| ENXEÑARÍA | 23 | 16 | 7 | 21 | 2 | 14 | 7 | 20 | 1 |
| MOBILIDADE | 5 | 5 | 0 | 1 | 4 | 0 | 1 | 0 | 1 |
| SERVIZOS ELECTRICOS | 1 | 1 | 0 | 1 | 0 | 1 | 0 | 1 | 0 |
| TRANSPORTES | 24 | 22 | 2 | 23 | 1 | 9 | 14 | 20 | 3 |
| | 54 | 45 | 9 | 47 | 7 | 25 | 22 | 42 | 5 |

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

**TESOURERÍA**

22/126 **DACIÓN DE CONTA AO PLENO DAS RESOLUCIÓNS DE TESOURERÍA DO MES DE MAIO 2024.-** En cumprimento do establecido no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, así como ao disposto no artigo 22 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Lugo, ao Excmo. Concello Pleno DÁSELLE CONTA das resolucións ditadas pola Tesoureira Municipal e Titular do Órgano de Xestión Económico-Financeira durante o mes de MAIO de 2024, coa numeración 53/2024 a 67/2024.

Do 01 ao 31 de MAIO de 2024 ditáronse pola Tesourería as seguintes resolucións:

| Nº de Expediente | Asunto | Número de documento | Fecha Firma |
|---|---|---|---|
| 2024/T030/000053 | Recurso reposición dilixencia de embargo GILBERTO GONZÁLEZ GARCÍA (Multa 2021R0004053) | 2024/53 | 02/05/2024 |
| 2024/T030/000054 | Recurso reposición tercería dominio interposto por María Pilar Calvo Ares contra a dilixencia de embargo da finca rexistral 45354. | 2024/54 | 06/05/2024 |
| 2024/T030/000055 | Deixar sen efecto a providencia de apremio FRIURSA LOGISITICA SL (ITVM/23) | 2024/55 | 13/05/2024 |
| 2024/T030/000056 | Recurso reposición providencia apremio CARLOS FERNANDEZ DÍAZ (Multa 2018-R-0007005) | 2024/56 | 14/05/2024 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 2024/T030/000057 | Recurso reposición providencia apremio MANUEL GIL GOMEZ (Multa 2018-R-0002533) | 2024/57 | 14/05/2024 |
| 2024/T030/000058 | RECURSO REPODICION CARLOS REGO VALLE requerimento de pago debedas vado en Rampa Claudio López, 18 baixo | 2024/58 | 21/05/2024 |
| 2024/T030/000059 | Deixar sen efecto a providencia de apremio e dilixencia de embargo ISIDORO REVUELTA GARCIA IVTM/16 | 2024/59 | 21/05/2024 |
| 2024/T030/000060 | Deixar sen efecto a providencia de apremio e dilixencia de embargo LUIS ANGEL NISTAL ALONSO do IVTM anos 2021/2022/2023, matricula 4581 LCS. | 2024/60 | 21/05/2024 |
| 2024/T030/000062 | Retroaccion Procedemento de contrinximento GARCÍA OJEA JOSÉ LUIS | 2024/61 | 21/05/2024 |
| 2024/T030/000061 | Deixar sen efecto a providencia de apremio IVAN ALVAREZ FERNANDEZ IVTM/23 nº liquidación 11607230 | 2024/62 | 23/05/2024 |
| 2024/T030/000063 | Solicitude devolución ingresos indebidos JAHEL PIÑEIRO ARIAS | 2024/63 | 24/05/2024 |
| 2024/T030/000064 | Recurso reposición requerimento de bens JAVIER DIAZ GARCÍA FUENTES por una multa 2018-R-0001201 | 2024/64 | 24/05/2024 |
| 2024/T030/000065 | Recurso reposición providencia apremio MAURICIO REBOREDA MARTINEZ (Multa 2018-R-0001103) | 2024/65 | 27/05/2024 |
| 2024/T030/000066 | Recurso reposición requeremento pago débeda AUGA MARIA GAYOSO VALCARCEL | 2024/66 | 27/05/2024 |
| 2024/T030/000067 | Recurso reposición providencia apremio ANA LIMA HARO (Multa 2018-R-00006198) | 2024/67 | 28/05/2024 |

De todo o cal o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

**ACTAS E GOBERNO**

23/127 **DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 8 DE MAIO DE 2024, RECOLLIDAS NO**

**LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS (EXP. 2024/G004/000455).-** En conformidade co informe do vicesecretario municipal, obrante no expediente, e para dar cumprimento ao establecido no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, así como ao disposto no artigo 22 do Regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Lugo, ao Excmo. Concello Pleno **DÁSELLE CONTA** das resolucións ditadas pola Alcaldía e polos seus delegados e delegadas, que obran no Servizo de Actas e Goberno, dende o día 8 de maio de 2024, coa numeración 4295/2024 a 5722/2024, na plataforma electrónica TECOL, recollidas no Libro único de resolucións correspondente ao ano 2024.

De todo o cal o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

**C) <u>ROGOS E PREGUNTAS</u>**

**ROGOS:**

**A) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 249/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA RECOÑECER Á FIGURA DE D.ª ÁNGELA MANUELA PARDO CELADA CUN MONÓLITO CON FOTO E PLACA CONMEMORATIVA**.- Visto o citado escrito do seguinte teor:

Dona Ángela Manuela Pardo Celada é unha figura destacada no eido das pioneiras da ciencia en Lugo, onde desenvolveu á súa vocación. Foi a primeira xinecóloga e puericultora lucense, así como a primeira doutora en Medicina na cidade, entre outros méritos.

Naceu en Becerreá o 11 de marzo do 1904 e ata o seu finamento, o 25 de setembro do 1988, axudou a moitas familias, sendo unha figura solidaria, xenerosa e moi querida, o que levaba aos seus pacientes a invitala con frecuencia ás celebracións familiares como bautizos, comuñóns etc.

Sen dúbida, se afondamos na súa biografía, queda demostrado que foi unha muller valente e libre, que non pode quedar no esquecemento.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta ante o pleno un ROGO para que se recoñeza a figura de D.ª Ángela Manuela Pardo Celada por parte do Concello de Lugo no formato de monólito con foto e placa conmemorativa.

**<u>DELIBERACIÓN</u>**

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Polo Partido Popular, a señora Goás.

**-AURORA AIDA GOÁS CASTRO:** Buenos días, señora alcaldesa.
Buenos días, señores concejales y ciudadanos de Lugo que asisten al pleno, así como la prensa.
Traigo a este pleno la figura de doña Ángela Manuela Pardo Celada como pioneira de la ciencia en Lugo. Fue la primera ginecóloga y … lucense, así como la primera doctora en Medicina de Lugo.
Nació en Becerreá, en 1904 y murió en Lugo en 1988. Se marchó a Madrid en 1920 a estudiar Medicina y obtiene el doctorado con nota de Sobresaliente.
Desde 1927 trabaja como médica en hospitales madrileños y en la Facultad de Medicina de Madrid.
En 1930 fue becada para ir a Alemania, a Hamburgo, al hospital Eppendorf, para hacer una especialidad y asimismo seguir trabajando en ese hospital.
Al mismo tiempo aprendió el idioma alemán. Al volver a España trabajó como inspectora de Sanidad en Madrid y en diferentes hospitales como el Hospital de San Carlos, la clínica de Santa Cristina.
En 1932 solicita la plaza de médico tocólogo que se publica para el Hospital de Santa María de Lugo.
A pesar de su expediente académico, no la consiguió. Este hecho supuso un gran escándalo en la ciudad reflejado por el periódico El Progreso.
Establece su consulta de forma privada en la calle San Pedro, trabaja gratuitamente en la Casa de Maternidad de Lugo, dependiente de la Diputación.
En 1940 solicita una asignación económica por ese trabajo, pero se le denegó. Año más tarde sí consiguió formar parte del equipo médico de la mencionada institución.
Traslada su consulta al Campo Castillo hasta su jubilación.
También trabajó como ginecóloga en la Seguridad Social, en El Hospital Xeral de Lugo, hasta su jubilación.
Ángela fue una mujer científica y emprendedora. Nunca fue reconocida en Lugo como se merecía, ni en el ámbito profesional ni en el ámbito personal.
No es mencionada en los estudios realizados sobre médicos lucenses.
Fue la primera mujer medica, ginecóloga y doctora en Medicina de Lugo. No se habla de ella, no se reconoce su trabajo ni su esfuerzo ni su dedicación.
En aquellos años en que los médicos eran pocos, muy poquitos, formaban un grupo muy reducido y eran muy conocidos.
¿Por qué no se le dio a Ángela el valor que tiene su trabajo? Esta médica fue una mujer que trajo muchísimos lucenses al mundo, dada su condición de ginecóloga y de tocóloga.
Ángela vivió su vida buscando la emancipación femenina. Luchó por un cambio de mentalidad en su época, por un cambio en las relaciones interpersonales como médica, como mujer, como persona... Su trayectoria vital habla de un empoderamiento individual, que transmitió al colectivo de las mujeres de Lugo.
Demostró una voluntad transformadora trabajando en un mundo de hombres, independiente económicamente, trabajando en se consulta privada, cuando las mujeres estaban encasilladas en roles de esposas y madres.

Decidió sobre su propio cuerpo, cómo vestir, con pantalones, cómo vivir. Sus medios de transporte, utilizando la bicicleta y utilizando el coche, cuando en aquel momento en los años 40 en Lugo esto era, como os podéis imaginar...

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora Goás. Ten a palabra polo goberno a señora Maite Ferreiro.

**-MAITE FERREIRO TALLÓN:** Grazas, alcaldesa e bo día. Pois si, señora Goás. Acaba de facer unha descrición dunha muller que foi ocultada precisamente por ser muller. A pesar dunha adiantada e todos eses cualificativos bos e bonitos que se merece, como outras moitas que aínda están no ocultamento.
Por certo, hai que ter coidado que non volva pasar esa época no que tiñamos que pelexar por ir en bicicleta ou que unha muller sexa ocultada. Hai socios que non son boa compañía, eh.
De todas formas, aquí xa saiu antes a cuestión de que parecía que o Partido Popular, cando tiña unha noticia de que algo ía facer este goberno, pois presentaba un rogo, unha pregunta ou unha proposta, porque isto é a terceira vez que sae hoxe aquí este tema, porque, efectivamente, nós sabíamos da valía e da existencia desa muller, desa persoa profesional, e estabamos, estamos, en contacto coa familia, dende xa hai unhas semanas... Xa o sabe, non? Pois, efectivamente, como pode comprender, non imos aceptar o rogo porque xa estamos facendo esta xestión.
Vaise poñer unha placa nun edificio onde vostede mencionou, no número 7 do campo Castelo, para recoñecer a figura desa muller, desa profesional e desa persoa e desa maneira de ser independente, que nos abriu as portas e que nos demostrou a moitas mulleres que hoxe estamos aquí.
Polo tanto, recoñecer toda a súa labor e seguir pelexando porque hoxe en día as mulleres volvemos correr perigo de que nos volvan para a casa, porque realmente hai unha extrema dereita que está intentando facelo.
Estamos falando de anos onde acabábamos de saír dunha guerra civil, onde había unha ditadura e ogallá pois nunca nos vexamos outra vez como viviron aquelas mulleres da Segunda República, volver para a casa ou non recoñecer os seus matrimonios civís e que os seus fillos pasen a ser fillos ilexítimos dalgún xeito.
Quero dicir, que os adiantos que temos, temos conciencia, sabemos que se poden retroceder, defendamos os nosos dereitos humanos e defendamos os nosos dereitos como mulleres.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas gracias. Non ten, non ten. Non ten o dereito á palabra, señora Goás. Síntoo, pero non ten dereito á palabra.
Antes de pasar á segunda, antes esquecinme, quería saudar aos veciños de Rubiás e tamén de Pedreda, que nos están acompañando. É un pracer telos aquí a todos e a todas. E quero saudalos a todos.

**B) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 250/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA COLOCAR UN ESPELLO NO CAMIÑO DA**

**LAXE E OUTRO NO CAMIÑO DE LIÑARES NA PARROQUIA DE COEO**.- Visto o citado escrito do seguinte teor:

Os veciños de Coeo demandan un espello no camiño da Laxe e outro no camiño de Liñares, por debaixo do que xa está, para dar visibilidade no cruzamento, xa que os que hai agora mesmo non dan visibilidade total, sendo un perigo para o tráfico e peóns.





O Grupo Municipal do Partido Popular presenta ante o Pleno un ROGO para que se coloque un espello no camiño da Laxe e outro no camiño de Liñares na parroquia de Coeo.

<u>**DELIBERACIÓN**</u>

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Polo Partido Popular. Si, señora Rubinos, doulle a palabra agora.

**-FLORA RUBINOS ROIS:** Bos días, e bos días tamén aos veciños de Rubiás.

Os veciños de Coeo demandan un espello no Camiño da Laxe e outro no Camiño de Liñares, por debaixo do que xa está posto, para a visibilidade no cruce, xa que os que hai agora mesmo non dan visibilidade total, sendo un perigo para o tráfico e os peóns.
Desde o grupo municipal do Partido Popular presentamos ante este pleno un rogo para que se coloque un espello no Camiño de Laxe e outro no Camiño de Linares, na parroquia de Coeo.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Ten a palabra a voceira do goberno, Ana González Abelleira,

**-ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA**: Tomámolo en consideración.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas.

**C) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 251/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA RECONSTRUÍR A PONTE DA VÍA QUE UNE AS PARROQUIAS DE PEDREDA E RUBIÁS**.- Visto o citado escrito do seguinte teor:

Os núcleos de Pedreda e Rubiás están separados polo río Fervedoira sobre o que había unha ponte pola que transitaban vehículos e peóns, sendo o paso de servidume diaria para ambas as parroquias. A día de hoxe, a ponte está completamente destruída, impedindo a circulación e facendo que os veciños teñan que buscar alternativas.

No Pleno do pasado mes de novembro, o portavoz de Medio Rural, o Sr. Fernández, asegurou que tiñan financiamento e que se dedicaría unha parte do Plan único para facelo. Segundo as súas propias palabras, "pódese facer, dispoñemos dos cartos, temos a vontade, e pódome comprometer a facelo de forma unha vez que entre en vigor o diñeiro do Plan único da Deputación." Algo que tamén referendou a que era alcaldesa no momento, D.ª Lara Méndez, que ademais se comprometeu coa veciñanza a que reconstruiría a ponte.

O Grupo Municipal do Partido Popular presenta ante o Pleno un ROGO para que se cumpra a palabra dada, e se reconstrúa a ponte da vía que une as parroquias de Pedreda e Rubiás.

**DELIBERACIÓN**

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Polo Partido Popular a señora dona Flora Rubinos.

**-FLORA RUBINOS ROIS:** Os núcleos de Pedreda e Rubiás están separados polo río Fervedoira, sobre o que había unha ponte pola que transitaban vehículos e peóns, sendo o paso de servidume diaria para ambas parroquias.
A día de hoxe, a ponte está completamente destruída, impedindo a circulación, e facendo que os veciños teñan que buscar alternativas. No pleno do pasado mes de

novembro, o portavoz de Medio Rural, o señor Fernández asegurou que tiñan financiamento e que dedicarían unha parte do Plan Único para facelo.
Segundo as súas propias palabras, pódese facer, dispoñemos dos cartos, temos a vontade e pódome comprometer a facelo de forma que cando entre en vigor o diñeiro do Plan Único da Deputación, algo que tamén referendou a que era alcaldesa no momento, dona Lara Méndez, que ademais se comprometeu coa veciñanza a reconstruír a ponte.
O grupo municipal do Partido Popular presenta ante este pleno un rogo para que se cumpra a palabra dada e se reconstrúa a ponte da vía que une as parroquias de Pedreda e Rubiás.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora Rubinos. Ten a palabra o voceiro do Goberno, o señor Fernández. Ah, non, perdón, o voceira... Dona Ana González Abelleira.

**-ANA GONZÁLEZ ABELLEIRA:** En relación a esta petición, por suposto terase en consideración, pero como aprobamos tamén na segunda proposición deste pleno, reservando e preservando estritamente o cumprimento da normativa.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora González Abelleira.

**D) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 252/2024 DE REXISTRO DE PLENO, PARA REPARAR A VARANDA DO PASEO ÁLVARO CUNQUEIRO**.- Visto o citado escrito do seguinte teor:

A varanda situada na rúa Álvaro Cunqueiro volve estar deteriorada, implicando un risco para a seguridade dos seus usuarios que empregan a diario a beirarrúa. Cabe recordar que esta zona está moi concorrida xa que se trata do acceso a un centro educativo, polo que a situación se converte en algo preocupante.






O Grupo Municipal do Partido Popular presenta ante o Pleno un ROGO para que se repare a varanda do paseo Álvaro Cunqueiro.

**DELIBERACIÓN**

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Polo Partido Popular, señor Gallego. Ten a palabra.

**-AGUSTÍN GALLEGO VIGO:** Si, vos días. Grazas, señora presidenta.
Hoxe imos falar das vallas rotas na rúa Álvaro Cunqueiro.
Esta rúa está no barrio histórico de Lugo chamado Barrio da Ponte. A rúa Álvaro Cunqueiro é a vía que dá acceso ao colexio. O arranxo deste balado é crucial para garantir a seguridade de peóns e evitar posibles accidentes.
Falamos dunha rúa que colinda coa ponte romana e que está no círculo de influencia do balneario. Ambos son importantes referentes na cidade.
A imaxe que se proxecta desta zona cara a turistas e visitantes é moi decadente.
O barrio da Ponte, onde se atopa a rúa Álvaro Cunqueiro, foi historicamente un dos barrios máis esquecidos por este goberno, e a día de hoxe non cambiou nada.
Repito, o barrio da Ponte, o grande esquecido por parte do goberno municipal, a reparación do balado e a punta do iceberg das necesidades que ten o barrio.
Por todo isto, ao goberno municipal presentámoslle este rogo para que se reparen as vallas que están rotas na rúa Álvaro Cunqueiro. Moitas grazas.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Gallego. Ten a palabra o voceiro do Goberno, Miguel Fernández.

**-MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Señor Gallego, cando queira que falemos das necesidades ou dos cumprimentos co barrio da Ponte, pois anímoo a que traia unha proposición e aquí a debateremos e falaremos. O rogo cínguese a falar da varanda. E eu dígolle que no mes de agosto pasado, fíxose unha reparación, unha mellora tanto na varanda como na beirarrúa dese paseo, e posteriormente, hai

escasamente supoño que un mes, non quero mentir, sufriu un impacto dun autobús que, efectivamente, deteriorou unha zona dese barrio.
Evidentemente hai que arranxala, pero hai que primeiro tramitar a correspondente reclamación ao seguro e a partir de aí facer a proposta de gasto e arranxado.
Tómase en consideración.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Fernández.

**PREGUNTAS:**

**A) PREGUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 253/2024 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CO CONTRATO DE SEGURIDADE DO VELLO CÁRCERE**.- Visto o citado escrito do seguinte teor:

El próximo 30 de junio de 2024 finaliza el contrato de seguridad para o Vello Cárcere.

A falta de menos de un mes para su finalización, el grupo Municipal del Partido Popular presenta, ante el PLENO, las siguientes preguntas:

1. ¿Va a continuar o Vello Cárcere con seguridad como hasta ahora?
2. En caso negativo, ¿por qué?

**DELIBERACIÓN**

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Polo Partido, señor Rozas.

**-ENRIQUE CEFERINO ROZAS LÓPEZ:** Buenos días. Saben todos y son conocedores de que el próximo domingo finaliza el servicio de la empresa de seguridad que vigila lo que es el edificio do Vello Cárcere.
También saben ustedes que la seguridad privada que allí se presta no puede realizarse ni por conserjes ni por auxiliares de servicio.
Saben ustedes también que a Ley de Seguridad Privada en su artículo 5 y en su artículo 7 dice que debe realizarse por equipos de seguridad que realmente deben estar atendidos por las fuerzas y cuerpos de seguridad o personal habilitado de la seguridad privada.
Así se recoge en la ley.
Ante esta situación, nuestro grupo presenta una pregunta al pleno municipal. ¿Va a continuar o Vello Cárcere con seguridad como hasta ahora? En caso negativo. ¿por qué?

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Rozas. Ten a palabra polo goberno a concelleira Maite Ferreiro.

**-MAITE FERREIRO TALLÓN:** Grazas, alcaldesa. Ben, pois, señor Rozas, a primeira pregunta xa a respondeu vostede mesmo, dicindo que todos sabemos que o 30 de xuño remata o contrato. A segunda é, pois unha vez estudado e avaliada esa situación polo goberno, chegamos á conclusión de que non era necesario ese

servizo de contrato cunha empresa privada de seguridade e, polo tanto, non se vai renovar nin se vai crear... Bueno, renovar non, porque xa estaba caducado... Remataba, quero dicir, pero non se vaia crear ese contrato novo.
Tamén lle digo que, loxicamente, vaise cumprir toda normativa vixente e non se vai facer nada que sexa ilegal.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora Ferreiro.

**B) PREGUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 254/2024 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CO ACENDIDO DAS LUCES E INSPECCIÓN INICIAL DA INSTALACIÓN ELÉCTRICA INTERIOR DO AUDITORIO DE MAGOI**.- Visto o citado escrito do seguinte teor:

O Grupo Municipal do Partido Popular presenta ante o PLENO as seguintes preguntas sobre o Auditorio de Magoi:

1. Cal é a “cuestión técnica”, segundo se nos respondeu no pasado pleno, de que parte do edificio teña prendidas as luces durante 24 horas ao día?

2. Conta xa o auditorio coa correspondente alta da subministración eléctrica ou, por contra, aínda ten contratada luz de obra? No caso de estar dada de alta, de que data é o certificado do organismo de control habilitado que realizou a inspección inicial da instalación eléctrica interior con resultado favorable?

**DELIBERACIÓN**

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Señora Colmenero.

**-SILVIA COLMENERO GUZMÁN:** Muchas gracias y buenos días a todos.
La verdad es que hay bastantes asuntos en esta ciudad que dependen exclusivamente del gobierno local y están enquistados. No salen para adelante. Uno de ellos, un ejemplo de esta ineficacia de la gestión municipal y no de la Xunta y de otras administraciones es la apertura del Auditorio de Magoi, un edificio que lleva en manos del Concello, no me canso de decirlo, cuatro años.
Y no podemos seguir así. No podemos seguir decepcionando a Lugo.
Hay que abrir el auditorio ya. Lo reclaman los vecinos, lo reclaman incluso distintas personalidades de la cultura en vídeos que circulan por las redes sociales.
Después de todas las penas que este gobierno municipal nos ha ido contando durante estos catro años: goteras, daños, defectos constructivos, garantías de equipos caducados, hasta manantiales debajo del edificio.
Después de todo esto, lo cierto es que desde hace unos meses, cada cierto tiempo sacan una noticia en positivo sin concreciones, que indican que la apertura está próxima.
Lo dicen en los periódicos, por ciento, no en los presupuestos, donde no hay partida específica ni para personal ni para mantenimento ni para la programación cultural.
En todo caso, la noticia de hace siete días dice textualmente que el edificio está listo y que se inaugurará en otoño.

Con el objetivo de que los lucenses no piensen que este anuncio es un nuevo brindis al sol, les reto, más bien les aconsejo que respondan con seriedad y con datos ciertos a las preguntas que le hacemos en este pleno sobre el auditorio.
¿Cuál es la causa técnica que motiva el encendido día y noche de las luces de auditorio? Nos gustaría también que nos confirmasen que non tienen contratada luz de obra y la fecha de la inspección favorable.
Entendido de cómo nos respondan podremos saber algo concreto. Si, al menos este edificio está listo o no.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora Colmenero. Vaille responder ás preguntas o señor Mauricio Reppeto en nome do goberno.

**-MAURICIO VITORIO REPETTO MORBAN:** Muchas gracias, alcaldesa. Señora Colmenero. Lo que es sorprendente es que se sorprenda, valga la redundancia, de que el auditorio no esté abierto, porque si no está abierto a día de hoy es por vicios ocultos y la ineficacia de ese edificio, de la construcción, de la Xunta de Galicia, donde hubo que acometer obras hasta día de hoy, no hace nada.
Para poner en marcha un edificio de esa magnitud y de ese calibre, por supuesto, que hay que hacer pruebas. A la primera pregunta, el sistema de iluminación del edificio, depende de un sistema KNX y se estaban realizando pruebas de los horarios de cafetería y restaurante, que son independientes del resto del edificio.
Y a la segunda pregunta. Sí, el edificio cuenta con suministro definitivo desde el 19 de octubre del 20 y el certificado de inspección inicial de la instalación interior desde el 2 de febrero del 16. Gracias.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas.

**C) PREGUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 255/2024 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CO COMPROMISO DE REVISAR E ACTUALIZAR A RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO**.- Visto o citado escrito do seguinte teor:

No ano 2019, aprobábase por unanimidade o proxecto de relación de postos de traballo (RPT) presentado pola que entón era concelleira de Gobernanza, e agora alcaldesa, D.ª Paula Alvarellos, asumindo o compromiso de que se traballaría nunha revisión e actualización desta.

Dado que estamos en xuño do ano 2024 e que nada se fixo tras case 5 anos, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta, ante o PLENO, a seguinte pregunta:

1. Cando ten previsto o goberno local cumprir o compromiso que asumiu cos traballadores no ano 2019?

**<u>DELIBERACIÓN</u>**

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Polo Partido Popular, señora Candia.

**-MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ:** Bo dia de novo, permítame que ilustre esta pregunta cunha imaxe, que sempre vale máis que mil palabras, que nos leva ao 3 de decembro de 2019. Facíase público o que a actual alcaldesa presentaba como un acordo histórico, unha aprobación da relación de postos de traballo. Repito a data. 3 de decembro do 2019. Creo que é acaída esta pregunta, máis que nunca nesta sesión plenaria, que igual que a anterior, pero ademais esta alcaldesa bate récord nesa circunstancia, que todas as centrais sindicais protestan por un pisoteo de dereitos dos traballadores deste Concello. Un concello liderado por gobernos progresistas, que entenden que esa relación de postos de traballo que se presentou e que se asumiu ademais un compromiso persoal de facer un esforzo entre todos, pero que sería un documento vivo, que se actualizaría en función das necesidades e, por suposto, que sería un avance para os dereitos dos traballadores.
Séntense abandonados, séntense enganados e nunha sesión plenaria que se recorreu á mentira en tantas ocasións, a ese concepto me refiro, e séntense tamén que se lles mentiu.
A pregunta é moi clara. Cando ten previsto o goberno local cumprir ese compromiso que asumiu cos traballadores no ano 19?
Cando ten previsto escoitar as súas demandas e recoñecer os seus dereitos que, sen dúbida, están absolutamente en posición de solicitar, e o máis importantes, esta corporación ten a responsabilidade de dar.
É increíble que esteamos nun concello no que non se regule o teletraballo ou que para cobrar o que lles corresponde teñan que ir unha e outra vez aos tribunais, e que só se presten cando haxa que executar unha sentencia. En moitas delas non só se perden, senón que as condenan en costas. Cando van cumprir ese compromiso adquirido no 19?

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas. Ten a palabra polo goberno, o concelleiro a Mauricio Reppeto.

**-MAURICIO VITORIO REPETTO MORBAN:** El gobierno ni miente ni engaña. Desde el gobierno local se lleva trabajando desde el año 19 sin descanso para poner en marcha y aprobar esa RPT histórica. Hasta la creación de 42 bolsas de trabajo con diferentes categorías profesionales, de realizar diferentes procesos selectivos para dar cobertura a la estrucutara jerárquica, y a su segunda pregunta, desde este gobierno se van a respetar todos los acuerdos celebrados y acordados en la mesa de negociación, y no se olvida del trabajo que se está desarrollando previamente para que ese estudio sea eficaz y acorde a la realidad actual.
¿O pretenden modificar ustedes los acuerdos alcanzados con los trabajadores de esta casa?
Le recuerdo que la hoja de ruta era y es una vez realizada la convocatoria de todos los procesos de oferta pública de empleo pendientes. Y ayer se aprobó en Junta de Gobierno la OPE del año 24, y se procederán estudios de las posibles

modificaciones de la RPT, y que se establecía en la orden del resto de temas a negociar en esas mesas. Agradecer también el trabajo del servicios de Recursos Humanos de este ayuntamiento, que no solo realiza lo que acabamos de enumerar, sino que también hay un trabajo rutinario que aborda ingentemente y día a día, como pueden ser las ayudas para libros, la ejecución de sentencias, tramitación de pagos de horas extra, modificación de bases de procesos de estabilización, la resolución de recursos, el pago de dietas de productividad, aprobación de las bases generales de las OPEs, Convocatorias de comisiones de Servicio, la OPE del 24, la convocatoria de 53 plazas de oferta pública de empleo, entre otros muchísimos trabajos que asume este servicio. Gracias.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Reppeto. Quería facer tamén unha matización. Esta pregunta, sobre todo o texto da pregunta contén un erro, probablemente un erro que se quixo facer un erro. Un erro intencionado.
No ano 19 apróbase por unanimidade o proxecto da relación de postos de traballo. Iso non é certo. Aprobouse no ano 20. No ano 20. En xuño do 20. Iso é o que pasa cando non se miran as cousas como se deben mirar.
Foi no ano 20 sendo eu concelleira, porque aquí non había RPT dende o ano 2006, e traballei arreo, sobre todo dende o ano... Nun ano que foi un ano moi complicado en plena pandemia logramos por unanimidade, que é unha cousa ben rara, sacar esa RPT. Do que estou moi orgullosa. Creo que do que estou máis orgullosa, mentres fun concelleira de persoal, e polo tanto quero dicirlle que aquí hai un erro que non é o ano 2019.
En todo caso, creo que xa lle explicou o concelleiro, que había unha folla de ruta que nós si estamos respectando. E íanse aprobar todas as OPEs onte en Xunta de Goberno Local aprobouse por fin a OPE do 24 e, polo tanto, continuaremos con esa folla de ruta.
Moitas grazas.

**D) PREGUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 256/2024 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA OBRIGA DE EXISTENCIA DO CATÁLOGO ACTUALIZADO DAS VÍAS MUNICIPAIS**.- Visto o citado escrito do seguinte teor:

Na derradeira reunión do plano da corporación municipal, o Grupo Municipal do PP formuloulle pregunta ao goberno acerca da situación na que se atopa a contratación dunha plataforma para a xestión integral do patrimonio municipal e do seu inventario, que permitise a integración con ferramentas do Sistema de Información Xeográfica (XIS). A resposta do goberno local, a través do seu edil D. Pablo Permuy, foi a de que todo o contido e obxecto do devandito contrato estaba cumprido, rematado e aboado á empresa adxudicataria.

A realidade do inventario municipal é que non se atopa actualizado porque, ao menos no que corresponde ás vías e guía de rúas existentes, evidénciase na gran cantidade de erros que os veciños atopan de xeito cotiá no vixente PXOM.

Esta cuestión constitúe un gran prexuízo para todos aqueles que ven as súas propiedades, que lindan con ou teñen acceso dende unha vía de titularidade do Concello.

Tan lesiva situación non estaría a suceder se o goberno local tivese cumprido as súas obrigas legais, entre as que se atopa a delimitación e catalogación de todas as vías, iniciativa que debería ter sido imbricada coa información proporcionada pola plataforma para a xestión integral do patrimonio municipal e do seu inventario, con ferramentas do Sistema de Información Xeográfica (XIS).

A exposición pública, e posterior aprobación e difusión, do catálogo das vías municipais (obriga derivada do punto 4 do artigo 20 bis do Decreto 51/2023, do 11 de maio, que modificou o Regulamento xeral de estradas de Galicia) eliminaría os prexuízos de tipo urbanístico que os veciños están a ter, derivados desta falla de xestión.

Derivada a situación exposta, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta, ante o PLENO, as seguintes PREGUNTAS:

1. Cal é a causa do incumprimento da obriga da existencia do catálogo actualizado das vías municipais?
2. Que solución se lles ofrece aos veciños prexudicados pola inexistencia del e as trabas urbanísticas que están a ter?

**<u>DELIBERACIÓN</u>**

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Polo Partido Popular, señor Cabarcos.

**-RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ:** Esta derradeira pregunta ten que ver cunha pregunta que xa se formulou no pleno da pasada sesión e que tiña que ver coa contratación dunha plataforma para a xestión integral do patrimonio municipal e do seu inventario, que permitise a integración con ferramentas de sistema de información xeográfica o Xis.
A resposta do goberno local, a través do concelleiro Permuy, que hoxe non está aquí, foi a de que todo o contido no obxecto do contrato estaba cumprido, rematado e abonado.
Ese contrato incluía o traslado da información ao catastro e naquel intre xa dixen que non estaba actualizado e comprobado novamente, pois, por suposto, o catálogo de camiños non está actualizado.
A realidade do inventario municipal é que non se atopa actualizado, porque polo menos o que corresponde ás vías e ao rueiro existente evidénciase unha gran cantidade de erros que os veciños atopan a diario á hora de estudar as súas propiedades dentro do PXOM.
Entón, o que nos argumentamos e que é obriga legal telo actualizado, que temos o traballo feito, terminado e rematado polo que dixo o concelleiro e pagado, entón por que non hai un catálogo actualizado do vieiro municipal e que solución teñen eses veciños que non ven próximo ao momento en que iso estea actualizado.

**-MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Cabarcos. Polo goberno ten a palabra o concelleiro Jorge Bustos.

**-JORGE BUSTOS ATANASIO:** Non vou redundar no que se dixo no pleno pasado. Ese contrato está executado completo e está pagado. O responsable do contrato, que é un técnico municipal así o entende, tanto o responsable municipal como intervención. Entón, o contrato está terminado e pagado.
A pregunta que fan vostedes fai referencia a tres instrumentos distintos con distintas finalidades. O inventario municipal, que ten por finalidade a protección e tutela dos bens de cultura municipal, calquera que sexa a súa natureza ou a forma adquisición.
O inventario xa está actualizado, como lles dixen antes, e tamén se lles dixo no pleno anterior. E, insisto, recolle todas as vías de titularidade municipal que non figuran no catastro, pero non recolle nin pode recoller a totalidade dos trazados da rede viaria prevista no PXOM.
En concreto, non recolle os bens que non foron obtidos pola administración municipal e aínda son de titularidade privada.
Despois tamén temos o catálogo de estradas. Ten por finalidade identificar, inventariar, clasificar e establecer categorías nas estradas das redes de cada administración titular.
Despois, por outro lado, temos o PXOM, que ten por finalidade establecer a ordenación urbanística do territorio municipal, agás do solo rústico, que é regulado directamente pola lei 2/16 do solo de Galicia.
O PXOM contén as oportunas previsións sobre a rede viaria da que forman parte os integrantes non só das vías que teñan condición de estradas.
O trazado viario e as alegacións, que non teñen que coincidir sempre coa rede viaria existente, na que nalgúns novos trazados non foron obtidos para o dominio público municipal, e nalgúns casos o plan modifica as características do trazado existente.
En todo caso, a aprobación do catálogo de estradas municipais que prevé o Regulamento das estradas de Galicia non serviría para modificar a ordenación urbanística contida no PXOM nin para resolver os posibles problemas urbanísticos aos que fai referencia a súa pregunta.
En contestación á segunda parte da pregunta. Que solucións ofrece aos veciños prexudicados pola inexistencia do mesmo, as estradas ….que están a ter, en canto a esta parte, a desafectación dalgúns pequenos tramos da rede viaria municipal polo vixente PXOM non impide a edificación no ámbito do solo núcleo rural tradicional, regulado pola ordenanza 14, porque a normativa urbanística só esixe a nova edificación que disporía de acceso rodado de uso público, sexa ou non vía pública.
E no ámbito da expansión dos núcleos rurais, corresponde ao planeamento e desenvolvemento determinar o trazado da rede viaria.
Esta determinación non é función do catálogo de estradas.

En todo caso, os problemas urbanísticos que se poidan presentar na tramitación de licenzas serán analizados e resoltos polos técnicos municipais, técnicos e xurídicos municipais, dentro do marco legal da aplicación de cada caso.

**E non habendo máis asuntos de que tratar, a Excma. Sra. Alcaldesa dá por rematada a sesión, sendo as trece horas e vinte e cinco minutos do expresado día vinte e sete de xuño de dous mil vinte e catro, estendéndose esta acta que, de acordo co establecido no artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, unha vez aprobada polo Excmo. Concello Pleno, transcribirase ó Libro de Actas. De todo o cal, eu, dona Ana María Rivas García, Secretaria Xeral do Pleno, dou fe.**